



RAIGAME

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓN POPULARES

Xuño de 2020


nº 44



REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓN POPULARES

DEPUTACION OURENSE
CENTRO DE CULTURA POPULAR
XAQUÍN LORENZO

índice



páx. 5

EDITORIAL. PRIMEIRAS VERBAS

páx. 6

DA PREHISTORIA GALEGA NA REVISTA NÓS (1920-1936)

Francisco Fariña Busto

páx. 16

NÓS E O DESENVOLVEMENTO DA ETNOGRAFÍA E O FOLKLORE EN GALICIA. NOTAS E APUNTAMENTOS

Xosé C. Sierra Rodríguez

páx. 32

NÓS, OURENSE COMO MARCO E PERSPECTIVA

Luis Martínez-Risco Davinha

páx. 38

O EQUILIBRIO ESTÉTICO DE NÓS

Mercedes Rozas

páx. 48

A TENSIÓN ENTRE AS ACHEGAS DEMÓCRATA-PROGRESISTA E CONSERVADORA-TRADICIONALISTA NO IDEARIO POLÍTICO, ECONÓMICO E XURÍDICO DA XERACIÓN "NÓS" (1916-36)

Xoán Antón Pérez Lema

páx. 58

AS MULLERES GALEGAS NOS TEMPOS DE NÓS

Encarna Otero

páx. 64

A NARRATIVA ORAL NA REVISTA NÓS

Camiño Noia

páx. 74


A REVISTA NÓS E A CUESTIÓN EDUCATIVA

José Fernández Fernández

páx. 88

PREOCUPACIÓN LINGÜÍSTICAS NA REVISTA NÓS

Delfín Casero Nogueiras





REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓN POPULARES

Dirección **Xulio Fernández Senra**

Secretaría **Fco. Javier Álvarez Campos**

Coordinación **Xosé Carlos Sierra Rodríguez
Delfín Caseiro Nogueiras**

Colaboración especial **M^ª Isabel Almuíña
Biblioteca da Deputación de Ourense**

Icono Raigame (contraportada) **Tomás Vega Pato**

Coordinación xeral **Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo F.**

Edita  **DEPUTACIÓN
OURENSE**

Deseño e Realización infográfica **disigna edenía**

Impresión **Imprenta Deputación Provincial Ourense**

Dep. Legal **OU - 75/95**

I.S.S.N. **1136-3207**

Todas aquelas persoas que teñan

interese en publicar artigos ou traba-

llos nesta revista poden dirixirse a:

RAIGAME
Aptdo. 484
Tlf. e Fax 988 317 880
32080 - Ourense
ccpxaquinlorenzo@depourense.es
www.ccpxaquinlorenzo.es

Revista de distribución gratuíta pre-

via subscrición no correo electrónico

anteriormente indicado.

Tódolos dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

PRIMEIRAS VERBAS



Pra Leticia de todos e pra ensino de moitos, sai oxe Nós.

É a ansia qu'oxe sinte Galicia de vivir de novo, de voltar ó seu ser verdadeiro e inminente, a evidencia lumiosa do mañán, o que nos fai sair. Temos unha fe cega, asoluta, inquebrantable na vitalidade e no xenio da nósa Raza, e mais na eficacia do nóso esforzo pra levala ó cumprimento do seu fado glorioso. Oxe chegou á vida na nósa Terra, unha xeneración que se deprocatou do seu imperioso deber social de crearen pra sempre a cultura galega. Endexamais foi meirande a nósa actividade creadora. Nós ven a recoller todos ises esforzos d'integración da Patrea galega no seu xa rico polimorfismo.

Os colaboradores de Nós poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, intuicionistas ou racionalistas, naturistas ou humoristas; pódense pór en calquera das posiciós posibles respecto das catro antinomias da mente contemporánea; poden ser hastra clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, o desexo colectivo de superación, a orgullosa satisfacción de seren galegos.

Nós ha ser un estudio piedoso e devoto, cheo de sinceridade, de todo-os valores galegos: dos nósos valores tradicionás, e mais dos valores novos que cada día estanse creando na nósa Terra.

Nós ha ser a representación no mundo da personalidade galega na sua ansia de s'afirmare coma valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra.

Nós ha ser a afirmación pra sempre do verdadeiro ser de Galicia, do Enxebriismo, no que ela tén, debe e quere persistire. O Enxebriismo é a nósa orixinalidade específica, a nósa capacidá de creación, o nóso autóctono dinamismo mental.

Querendo suprimir entremediaros antr'o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, Nós abre as súas páxinas a prestixiosas persoalidades estranxeiras que contan de nos honrar co'a sua colaboración e tamén ha informar ó púbrico do movemento das ideas no mundo civilizado.

Nada mais.

E, ós que s'asombren da nósa confianza, da nósa firme ledicia ó principiar un traballo rudo, hémoslle dicir que temola evidencia de sermol-os millores, os mais doados, os mais fortes; de que total-as forzas do esprito están conosco, de que imos trunfar por sermos nós, por sermos galegos, e por seren o Tempo e o Mundo os que o piden...

Nós conta achar agarimo e xenerosa axuda en todo-os que sintan d'iste xeito.

A todo-os que nos lean

SAÚDE E TERRA.

[Nós, Boletín Mensual da Cultura Galega, órgao da Sociedade Galega de Publicacións "Nós". Ano I. Ourense 30 Outono 1920. Núm. 1, pp. 1 e 2.]

nós.



NUM. 7
25 Outubro do 1921

Da Prehistoria galega na revista

nós (1920-1936)



Francisco Fariña Busto

Presidente do Grupo Marcelo Macías
e membro do Padroado do MPG

NÓS, a revista, aparece en outubro de 1920 froito dunha serie de proxectos e estímulos nucleados en torno a un grupo de intelectuais ourensáns, que xa tiñan experiencia en publicacións anteriores. A novidade é que NÓS comparece como unha revista mensual, cun contido variado e cunha nidia orientación galeguista, froito da vinculación que o grupo ourensán adopta coas Irmandades da Fala.

A correspondencia entre Antón Losada Diéguez e Vicente Risco permite coñecer ese proceso dende o interior, os problemas e dificultades que xorden, o éxito do primeiro número, os problemas de contar con orixinais axeitados e recursos económicos para mantela, e, sempre, a esixencia dun compromiso: Galiza, o movemento nacional, con particular atención a Irlanda, e ao mundo, fundamentalmente Europa. Esta definición proclámase no proemio e presentación do primeiro número:

"Para ledicia de todos e para ensino de moitos, saí oxe NÓS.

É a ansia qu'oxe sinte Galizia de vivir de novo, de voltar ó seu ser verdadeiro e inmorrante, a evidencia luminosa do mañán, o que nos fai sair. Temos unha fe cega, asoluta, inquebrantabel na vitalidade e no xenio da nosa Raza, e mais na eficacia do NÓS o esforzo para levala ó cumprimento do seu fado glorioso. Oxe chegou á vida na nosa Terra, unha xeneración que se deprecatou do seu imperioso deber social de crearen para sempre a cultura galega. Endexamais foi meirande a nosa autívade creadora. NÓS ven a recoller todos ises esforzos d'integración da Patrea galega no seu xa rico polimorfismo.

Os colaboradores de NÓS poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, intuicionistas ou racionalistas, naturis-

tas ou humanistas; pódense pór en calquera das posicións posibles respecto das catro antinomias da mente contemporánea; poden ser hastra clásicos, con tal de que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, o desexo colectivo de superación, a orgullosa satisfacción de seren galegos"

E se o núcleo primixenio vai ser definido como unha xeración, a Xeración Nós, da maneira na que aparecerá mesmo nas páxinas da revista pero definida como xeración de Risco por Carballo Calero, non podemos considerala como exclusiva representación desa xeración. Se atendemos aos contidos sobre arqueoloxía e prehistoria, acáelle mellor á revista o seren portavoz da xeración do Seminario de Estudos Galegos, feito este que xa o resaltou a colaboración tanto de Fermín Bouza Brey como de Ricardo Carballo Calero no número conmemorativo que organizou en 1970 a




Cuevillas e Risco en Lás (Arq,MAPOur)

Catálogos dos Castros Galegos. Nós. Nº 46, p. 18

siderarse tal, pois deseguido, xa dende o número catro, se incorporan novas firmas e dende os números dez ou doce podemos dicir que son máis as firmas de novos que dos propios membros da "xeración". Non son o descubridor desta realidade, xa hai cincuenta anos, no número conmemorativo do Cincuentenario, deixouno proclamado don Fermín, de que retomo as palabras:

"Ollabamos todos naquelas páxinas de limpa prosa e nobre verso cinco oráculos da nosa cultura: O Risco, o Cabanillas, o Castelao, o Lousada Diéguez e o Otero Pedrayo; mais o Lousada tiña pouca laboura e o Otero era un descoñecido [...] Había un outro que facía comentarios das cousas de acotío, aos fenómenos económicos e sociolóxicos. Chamábase Florentino López Cuevillas."



Real Academia Galega co motivo do cincuentenario da saída do NÓS en Ourense, o 30 de outubro de 1920, subtítulo: Boletín Mensual da Cultura Galega, órgano da Sociedade Galega de Publicacións "Nós".

Mesmo poderíamos valorar que a revista só ten a representación dos que foron integrantes da definida como "Xeración Nós" nos seus primeiros números, os editados en Ourense, e non todos poderían con-

E seguía, "Os novos nomes iban destapándose como un recendo. Otero, impóndose de súpeto, escribía alcesos artigos sobre dous outos barrocos e descubría mundos de teimas baixo un prisma galego [...] O



CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBRICADO POL-A SEIZÓN DE PREHISTORIA
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

Número VII



CASTRO DE MOLDES

Debía emprazarse iste castro do que non queda mais vestixio que o nome, nos termos da parroquia de Moldes, concello de Bobo-



PLANTA DE OUTEIRO DO CASTRO

rás, e no cabo ou remate de un lombo montesío que ven caer por riba mesmo do pazo,



CASTRO MEIRÓN

que no lugar de Moldes, posé o sabio cate-drático pontevedrés, Antón Lousada Die-guez.

No lugar onde debían erguerse outrora as defensas castrexas edificóuse unha eirexa románica, de notábele arquitectura, e que hoxe está case derrubada. Ista edificazón e a do adro anexo deberon ser a causa do total esborrallamento de muros e terraprens,

Cuevillas trocou as glosas do seu tempo e da vida contemporáneos, e no número 9, de 31.1.1922, encetou os estudos arqueolóxicos estudando A mansión de Aquis Querqernis, directriz que xa non deixara da man endexamais”.

Non pode resultar estraño, xa que dezaseis anos de existencia son un tempo suficiente, que paulatinamente se fosen incorporando novos nomes e diversificando as áreas de traballo e atención a toda a realidade galega e internacional, preferentemente portuguesa e europea, como xa se indicou. E o que comezou como traballo do que Carballo Calero definiu nas propias páxinas de NÓS como xeración Risco, acabase englobando non só a esta, senón a todas as que representan os diversos homes e mozos que coinciden no ideario da revista e no traballo nas diversas seccións do Seminario de Estudos Galegos que se bota a andar no mes outubro de 1923.

De novo recupero o fío das palabras de don Fermín:

“No nº 12 saín eu á palestra cun poema, e, no 15 do primeiro día do ano 1923, deu comezo o Froro →xa para mún era o Froro→ a Catalogación dos Castros galegos. No 17 abríñ o meu portelo arqueolóxico cunha nota encol da eirexa románica de Portas... O 12 de Outono decidín ir co Luís Tobío a ollar a casa de Ortoño onde se criou Rosalía. O Filgueira con máis rapaces coñecidos sumáronse á excursión a pé, e no castro de Lamiña, a iniciativa miña, xurdeu o “Seminario de Estudos Galegos”. Eu acudín ao grupo de NÓS e Risco mandoume, para ingresar, o estudio sobre a vila de Castro Caldelas [...]

O Cuevillas mandoume o orixinal de A Edade do Ferro na Galiza, primeira ollada conxunta con visión moderna de tal período na Galiza [...] E pola razón de non tiñamos aínda no Seminario orgao publicitario, mandeino ao NÓS para que saíse a lús [...] Seguíñ publicando notas de arqueoloxía hastra que decidimos o Cuevillas e máis eu revisar e por ao día a nosa Prehistoria”.

Despois, coa publicación dos *Arquivos do Seminario*, os artigos saían nunha e outra; en NÓS seguiron aparecendo estudos destes campos do coñecemento dos diversos colaboradores que se incorporaban á tarefa. Sucedeu un proceso de enlace entre membros de varias xeracións, como destaca Carballo Calero, contrapondo o que aconteceu entón coa situación que el creía ollar nos comezos do anos setenta e que podería traerse ao noso tempo:

“A NÓS os homes que colaboramos na revista NÓS, seméllanos que os nosos seguidores, as promocións que se incorporaron á cultura galega despois do 36, non coñeceron unha das máis barís ledicias que é dada a un intelectual: traballar dentro dunha tradición, escoitar a mestres amados, venerar a devanceiros queridos, sentirse instalado nunha liña de continuidade histórica. Os mozos de agora levan unha vida máis doada en moitos aspectos, porque os seus predecesores lles deixaron un herdo que eles benefician. Nos tempos de NÓS, ese herdo era pobre e precario, e tiñamos que loitar duramente para conservalo e enrequeceralo. Pero moralmente poseíamos máis agarimo, pois non refugábase os vencellos da paternidade e da mestría, e non revestíamos o fasquíu dos orfos, nin NÓS

sentíamos os primeiros homes sobre a terra, estraños ás xeracións que nos precederan, na desolada lividez do despertar de Adán”.

E nesa mesma liña de ter presente a tradición incide Ramón e Fernández-Oxea na presentación do índice da revista NÓS no ano 1970. Comeza así a súa introdución:

“Nos primeiros anos diste século (o XX) había en Ourense un grupo escolleito de intelectuais que se axuntaban acarón da mesa-camiña da “Comisión de Monumentos”, baixo a indiscutibel presidencia de don Marcelo Macías e da que formaban parte non somentes arqueólogos, senón tamén abogados, xornalistas e xentes que tiñan amor á sabencia, pois compre engadir que nas xuntanzas daquilo grupo, ben fose na devandita sala da Comisión, polo inverno, ou no xardín do Posío, cando o tempo convidaba, líanse as derradeiras novidades literarias de Madrid, de Lisboa, de París ou de Londres e igual se discutían as innovacións poéticas de Rubén Darío, como as novelas de doña Emilia ou as cousas cursidas da esótica Teosofía”.

E asentada nestes alicerces aparece a xeración que vai levar adiante tanto a iniciativa da Revista NÓS como outras liñas de acción política e organizativa do país que, no que atinxe ao mundo da antigüidade, se centra na personalidade e obra de don Florentino López Cuevillas e dos que pronto conectan coas súas iniciativas e esculcas, como xa ficou indicado nas palabras de Bouza Brey antes citadas.

O mundo do que hoxe definimos como prehistoria e arqueoloxía mira-



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XI



Ourense 15 de Nadal do 1929




Núm. 72


Jóias arcaicas encontradas em Portugal



1



2



3



4

A/B. M. Cardozo, Joias arcaicas..., Nós nº 72, p. 207 ss

TRES ESTACIONS DE ARTE RUPESTRE DA SERRA DO LEBOREIRO

Por XURXO LOURENZO e LUCIANO FARIÑA

SITUACIÓN: A Serra do Leboreiro, cuxa cume percorren os fitos da fronteira de Portugal, esténdese, de Norde á Sul, pol-a banda occidental do partido xudicial de Bande (Ourense), acadando dende as outuras do *Penagache*, á cuio pé se dilata o val do Arnoia, deica *Os Castelos*, de Entrimo, lombas coroadas por enormes cóns, que caen sôbor das chairas do río *Pacín*, formando un val rematado pol-o vento do Sul nas Serras do *Quinxo* e *Santa Eufemia*.

Na porción galega da Serra do Leboreiro, atínguese craramente dúas partes separadas entre si, nos seus derradeiros desenrols, pol-o río *Montaña*; unha, da cal iste río toma o nome, é a máis occidental, vertendo

as súas augas nos ríos *Cobas* e *Oleas* por unha banda e nos *Pacín* e *Montaña* pol-a outra, sendo á ela á que vai seguindo a devandita fronteira portuguesa.

A segunda, chamada *Cabreira*, queda comprendida entre o mesmo río da *Montaña* i-o *Avedela* pol-o orente, rematando, pol-o vento do Norde, na cima das augas do do río *Cadós*, que afluíe verticalmente ao Limia por baixo de Bande.

A maior parte de ista Serra da *Cabreira*, que foi a esporada por nós, áchase compren-


dida dentro do Concello de Lobeira, á excepción da súa derradeira parte Sul que pertence xa ao Concello de Lovios, na súa parroquia de San Mamede de Grou.

A vertente máis importante é a que cai sôbor do *Avedela*, río que a segue dende o

seu nacemento, sendo somentes pol-a metade do seu percorrido cando se abre a corga do *Pacín*. Pol-o Norde enlázase, nas outuras da *Fraga*, cos montes de *Taboas*, que serven de eslabón entre a *Cabreira* i-os montes de *Viso*, no outo chamado *das Montas*. Por baixo sempre do dito punto, i-en sucesións descendentes, seguen os montes de San Xés, furados por numerosas corgas que son outros tantos regatos que se

precipitan no *Avedela*, ata as lombas do San Bieito, en cuio extremo a paisaxe vaíse faguendo máis rocosa ata acadar os enormes amontoamentos de penedos que son os *Castelos de Grou*, límite Sul da *Cabreira*. N-unha verba: *Montaña*, *Cabreira* e *Montes do Viso*, forman, coma se pode observar no noso mapa, tres escalóns sucesivos e descendentes deica acadar, na derradeira vertente do *Viso* (vento do Leste), o val do Limia.

Toda a Serra está cuberta por cativa vexetación, toxo, uceiras, xestas, manchadas





Notas pra un estudo da Urdiñeira



ENTRE Parada, Pedroso, As Ventas y-o Navallo, nos aledanos do Invernadeiro, érguese un monte cuberto pola Natureza de uces e de fragas e pola Tradición de tesouros y-encantamentos. Este monte, que corresponde a *zena do Poqueiro* de Fontán, figura n'algús mapas co nome de *Urdiñeira*, nome que os veciños das aldeas devanditas asinan solamente á ladeira N. E., que mira cara Parada da Serra. Nós vámoslle dar aquél nome xenérico no correr de estas notiñas, dirixidas a chamar a atención dos especializados e animalos a emprender un estudo sistemático de este anaco da nosa Terra, que cecais esté gardando algún segredo en espera de un inquiridor que o faga luz de groriosa sorpresa na nosa Historia.

A honradez da tención será, sin dúbida, disculpada de abondo pro noso atrevimento de afeitoado. E, xa esto por diante, ahí van os apuntes intuitivos.

I. OLLADA XERAL

A Urdiñeira é, como queda indicado, un estribo montañoso da parte S. do Invernadeiro.

Limitano o río Mente, que corre de N. O. a S. E. y-o regueiro de Parada, que se xunta co anterior despois de abrazar a Urdiñeira de N. E. a S. E. Pola parte N. avencéllase co groso do Invernadeiro por medio dos montes de Sanguñedo.

Na punta N. O. da Urdiñeira está o *Castro de Pedroso*; no fondo da ladeira do S., *Valmedo*; no medio de esta ladeira, a *Fraga dos mouros*; no cumio, mirando ó N. E. a *Cova das choyas*; e no remate S. E., pouco antes de xuntarse o Mente co regueiro de Parada, *O Castelo*.

A). *O Castro de Pedroso* é un monte de forma cuasi cónica, situado á beira da aldea que lle dá nome, e arredada do resto da Urdiñeira polo pequeno regato de Cabras. A ladeira do S. é moi empinada, e pola parte do N. hay restos de paredes - parapetos? - esborralladas.

B). En *Valmedo* hay, preto da xuntanza do Mente co regueiro de Cabras, un espazo achairado e con unha parede por un lado, no que se ven unhos tonteliños que amosan o aspecto de mámoas. Arredor de cada un hay montós de pedras puídas do río, das que tamén está feita a devandita parede.

C). *A fraga dos mouros* non amosa ren de particular. Os vellos das Ventas aseguran que ten no medio un foso que vai saír ó Castro de Pedroso; mais nós non puidemos dar con él O que se vé é unha fonda escavación feita - según soupemos - por os veciños do Navallo en percura de un tesouro.

se de forma diferente a como se vía naquela altura de 1920. Tiñano claro os redactores dos índices da revista *NÓS*, tanto no publicado, obra do inesquecible Ben-Cho-Shey, como no máis privado que se garda, mecanografiado e encadernado coa revista na biblioteca do Museo Arqueolóxico de Ourense, debido á man de Xaquín Lorenzo. Coincidencia ben curiosa, ao meu xuízo, e que garda relación estreita coa estruturación das seccións do primixenio Seminario de Estudos Galegos, cunha sección de Prehistoria dirixida e coordinada por don Florentino López Cuevillas e a sección de Arte e Arqueoloxía que coordinaba don Xesús Carro, da que é referencia precisa o propio texto citado de Bouza Brey, cando fala do seu primeiro artigo arqueolóxico sobre a igrexa románica de Portas, e que, en ámbolos dous índices, aparece no apartado de Arqueoloxía, na liña do que naquela altura se sentía coma herdo da tradición da arqueoloxía sagrada iniciada en Galicia por López Ferreiro e seguida por Oviedo y Arce e o propio don Xesús Carro.

A primeira nova arqueolóxica en *NÓS* aparece no nº5 coa referencia dun miliario, e doutras máis que configurarán a «Sección Arqueolóxica». O cambio fundamental chegará coas novas dunha breve intervención no xacemento da mansión de Aquis Querquernis, en Baños de Bande, que marcan o paso das reflexións sobre a actualidade ao estudo histórico no labor de Cuevillas. Certo é que a primeira noticia das intervencións arqueolóxicas en Bande tiña aparecido xa no número 5, na sección «Os Homes, os feitos, as verbas», aínda que sen referencia de autor, quen, como se sinala no artigo que nos ocupa, publicado no número 9 (31 de xaneiro de 1922, p. 10-16), é o

propio Cuevillas que acota ademais as liñas do que ha de ser a investigación do futuro a partir dese momento:

“Así é que pra o estudo da Galicia romana pódese dicir que non temos máis documentos que os que Galiza nos dé. As lápidas, o estudo das vías, os restos esnaquizados do arte e da industria, vel’eiquí as fontes a examinar, as que nos teñen que dar a resposta das preguntas que facíamos [...]”

En Epigrafía tense traballado moito e ben; Sarmiento, Ceán, Barros e nos nosos tempos Vázquez Núñez y o gran don Marcelo Macías, transcribiron, traduciron moitas e moi interesantes lápidas.

Os trazados das vías está ben determinados nos estudos de Saavedra, Blazquez e Sanjurjo, pero falta o principal preguntar á terra os seus segredos, falta remover a arcilla dos aluviós y o sábrago das montañas [...]

E así as cousas non cabe ós afincionadas a ista clas de estudos máis qu’un recurso: o de practicar esporacions preliminares, o de fixar dunha maneira certa o lugar dos yacimientos históricos para qu’outros máis afortunados terminen o labor comenzado”.

E de acordo coa liña marcada examinará seguidamente no resto do traballo as fontes referidas aos Quarquernos, a epigrafía latina do lugar e inmediacións e os resultados das propias exploracións.

Sen dúbida, o permiso concedido a Risco e Cuevillas para facer traballos en San Cibrán de Lás e a presenza nos estudos do mundo romano dou-


tros compañeiros aos que lle recoñece meirande capacidade e coñecemento e cos que traballa man con man na Comisión de Provincial de Monumentos vaino afastar das exploracións directas que se fixara coma obxectivo, aínda que sen perder nunca de ollo o que dende ese mundo podía servir ás novas épocas sobre as que ía verquer a súa dedicación e atención preferente, o mundo dos castros e da prehistoria.

Eis en primeiro lugar a publicación das fontes históricas clásicas referidas a Galiza, que comeza a editar en *NÓS* a partir do número 17 (1 de marzo de 1923), na rúbrica *As fontes para a Hestorea antiga de Galiza* e, seguidamente, *A Edade do Ferro na Galiza* que, como indica Bouza Brey, é a primeira ollada conxunta con visión moderna de tal período en Galicia.

En números sucesivos aparecerán, marcando as liñas de acción fixadas xa por Cuevillas, aproximacións bibliográficas, novas de achados, inventarios. Eis o traballo conxunto de Cuevillas e Bouza sobre a *Bibliografía da Prehistoria Galega*, ao que seguirán *Prehistoria e Folklore da Barbanza*, tamén en colaboración. En paralelo, as pautas para a catalogación dos castros galegos e a continuación as diversas xeiras do Catálogo dos Castros Galegos, ensaio dun inventario xeral e catalogación descriptiva dos xacementos, que segue sen completar a pesares dos novos medios técnicos dispoñibles. Así foron saíndo *A Terra de Celanova*, *A Terra do Carballiño*, *Val de Vilamarín*, *Melide*, *Terra de Lobeira* e os que ficaron sen completar ou publicar, tarefas ás que se unen moitos rapaces novos, colaboradores entusiastas no labor do Seminario ao

que se incorporan paulatinamente coma membros coa lectura dos seus traballos e que participarán, asemade, nas xeiras que organiza o propio Seminario para o estudo multidisciplinar das comarcas, de maneira que nas páxinas de *NÓS* asoman os nomes de Sebastián González, Antonio Fraguas, M^a Pura Lorenzana, Ferro Couselo, Xan Astorga, Manuel Fernández Costas, Luciano Fariña, Xurxo Lorenzo e Anxo Rodríguez Cerdeiriña. E completan a nómina

as colaboracións de investigadores portugueses: Mario Cardozo, Afonso Do Paço, Rui de Serpa Pinto e Santos Junior cos que se establecerán intercambios, colaboracións e irmandade, todo o que terá a súa continuidade máis alá da propia existencia da Revista.



Mapa dos castros galegos, *Nós* nº 16, p. 19

nos.




NÚM. 4
31 Janeiro do 1921

nós

e o desenvolvemento da etnografía e o folklore en Galicia

Notas e apuntamentos



Xosé C. Sierra Rodríguez

Membro do Padroado do MPG e da Fundación Vicente Risco

Na soleira de entrada

Calquera achegamento que se faga á denominada xeración Nós debe diferenciar o fenómeno social e cultural que as figuras máis significativas daquel universo local representan e a publicación do boletín cultural que a revista *Nós* abría con esta cabeceira. Cómpre indicar que moitos dos asinantes da revista *Nós* escribiron no xornal *A Nosa Terra* (ANT), xornal ligado ás Irmandades da Fala (IF), e prestaron igualmente a súa sinatura e o seu maxisterio ás publicacións promovidas polo Seminario de Estudos Galegos (SEG), creado só tres anos despois (1923) do nacemento de *Nós*. *Boletín Mensual da Cultura Galega. Orgao da sociedade "Nós"* (1920). Tanto discípulos como mestres redactan traballos


para o Boletín *Nós*, así como para as monografías e a revista –*Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* (ASEG)– editadas polo SEG.

A etnografía e o folk-lore como temáticas e saberes reflexo da cultura popular tiveron cabida en *Nós*, nos números de *ASEG*, nas monografías editadas polo Seminario e en artigos do xornal *ANT* e doutras cabeceiras do país. Pero os traballos que podemos adscribir á disciplina etnolóxica son moitos e variados no corpus editorial formado polas institucións ditas ata 1936. A recolla de datos, a redacción de textos descritivos e a reflexión conseguinte sobre os usos e costumes, as prácticas diversas, as celebracións, os valores e as crenzas dos sectores maioritarios da poboación galega daqueles anos interesou a numerosos autores, a

meirande parte deles persoas carentes dunha formación académica precisa, non en antropoloxía –cosa imposible daquela considerando as especialidades existentes na universidade galega do momento–, senón nos campos humanísticos de proximidade: a historia, a filoloxía, a filosofía e o dereito.

O nacemento e o desenvolvemento dunha tradición etnográfica propia en Galicia lévanos ao século XIX, pero un interese polas manifestacións da cultura popular atopámonlo xa nas figuras emblemáticas de Feijóo e Sarmiento. Os precedentes inmediatos da extrapolación a Galicia dos estudos sobre Etnografía e Folclore, en termos de *Volkskunde*, témolos na obra literaria, histórica e ensaística da segunda metade do século XIX¹. Excepción feita de Fr.

1. Resulta obrigada a consulta da entrada *Folklore* na *Gran Enciclopedia Gallega*: tomo XIII, pp. 124-131; a entrada ten varios epígrafes –*Origen del término, Contenidos del folklore, Los hechos folklóricos, Los métodos de la ciencia del Folklore, Folklore y Antropología, Los estudios del Folklore*



Rosendo Salvado², non hai unha tradición confirmada de *Völkerkunde*³ entre nós, aínda que Galicia si foi obxecto de crónicas e de miradas alleas con intenso contido etnográfico tanto no XIX como no primeiro terzo do XX⁴. Ben coñecida e divulgada é a iniciativa coruñesa, debida ao pulo de dona Emilia Pardo Bazán, de creación da Sociedad El Folklore Gallego, promovida en 1883 e presentada publicamente en 1884.

O boletín Nós. Plataforma aberta para a colleita folclórica

A revista *Nós*, independentemente dunha catalogación temática dos contidos dos números respectivos, como fai a publicación editada co gallo do quincuaxésimo aniversario do abrente do Boletín Mensual da Cultura Galega, que leva na súa portada conmemorativa o nº 145 (1970), distinguía en cada número os artigos de fondo e de opinión das dúas seccións fixas que aparecen na práctica totalidade das entregas da revista. Destas dúas seccións, que pechan decote cada número, destaca a respecto da cuestión tratada

neste artigo o "*Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza*", así denominada até o nº 37, que modifica o termo *Archivo* polo de *Arquivo*, forma que se mantén desde o nº 38 ata a penúltima entrega (nº dobre 137-138, de maio-xuño de 1935). Tamén cámbiase o copulativo -e- polo -i- desde o nº 49 ata a desaparición da publicación en decembro de 1935. Dos 144 números consignados todos adoptan a forma de unha entrega por número mensual, excepción feita de 5 entregas constituídas por un número dobre (bimensual) nos anos 1934 e 1935, conformando a derradeira entrega un bloque semestral (nº 139-144; xullo-décembro de 1935). A outra sección fixa leva por título "*Os homes, os feitos e as verbas*" ofrecendo unha miscelánea de subseccións con contidos diversos e de tratamento frecuente: noticias, recensións e críticas de libros e publicacións seriadas, crónicas de eventos culturais variados, noticias de estudos e de investigadores ligados pola temática ás cousas de Galicia ou dos países atlánticos e algún artigo de fondo vencellado ás preocupacións do Boletín. Esta sección, particularmente coidada, aparece na meirande parte das entregas, aparecendo excluída en 20

en Galicia e Folklore musical— e constitúe unha síntese moi completa para achegármonos a esta cuestión e para comprender o labor dos autores concernidos pola práctica desta disciplina.

2. Vázquez Varela, J. M. (2001): "Frei Rosendo Salvado como etnólogo". En: *O bispo dos sen alma*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 67-73.

3. A distinción de contido e significado entre os termos xermánicos *Volkskunde* e *Völkerkunde* resulta complexa. Estendida estaba a equivalencia entre *Volkskunde* e *Folklore* e a atribución dos estudos "folclóricos" ás comunidades normalmente rurais de Europa na segunda metade do século XIX e na primeira metade do XX. Autores que coñeceron Risco e seus discípulos e colaboradores—Aranzadi, T. de e Hoyos Sainz, L. de (1917): *Etnografía. Sus bases, sus métodos y aplicaciones a España*. Madrid: Biblioteca Corona— diferenciaban a perspectiva folk-lórica, da etnográfica e da antropolóxica. A primeira describía o "saber popular", a segunda establecía as comparacións e paralelismos entre os feitos e fenómenos descritos e a terceira producía interpretacións, valoracións e análises sobre a orixe da cuestión "folklorizada" ou "etnografiada". As dúas primeiras accións e termos correspondíanse na xerga xermánica coa *Volkskunde* e, normalmente, operaban sobre as comunidades non industrializadas e non urbanizadas de Europa, mentres que e a terceira, orientada tamén aos estudos xerais e ás comunidades de fóra do mundo occidental, denominábase na terminoloxía alemá como *Völkerkunde*. Hoyos destaca na obra citada o cometido recoleitor e descritivo da Etnografía (pp. 138-139) e Aranzadi disecciona os termos e conceptos indicados (pp. 35-36). Michael Haberlandt, pai de Arthur, o etnógrafo que Risco visitou en Viena, nun manual traducido ó español por Aranzadi en 1926, con dúas reedicións en 1929 e 1946—*Etnografía. Estudio general de las razas*. Barcelona: Labor—, realiza na Introducción unha síntese do concepto de etnografía, con seguridade coñecida por Risco cando redacta en 1928 *Elementos para una metodología de la historia*.

4. De interese etnográfico a obra de dúas cronistas anglosaxonas: Meaking, Annete M.B. (1909): *Galicia, the Switzerland of Spain*. London: Methuen&Co. e Anderson, Ruth M. (1939): *Gallegan Provinces of Spain: Pontevedra and La Coruña*. New York: The Hispanic Society of America. Tamén a obra de F. Krüger, figura estimada por Risco, e dos seus discípulos da escola *Palabras e Cousas*, W. Ebeling e H. Schneider, colaboradores do SEG e de Xaquín Lorenzo. A respecto disto, Sierra, X. C. (2004) "Palabras e Cousas. Achegamentos visuais ó coñecemento etnográfico". En: *Xaquín Lorenzo, 1907-1989. Unha fotobiografía*. Vigo: Ed. Xerais-MPG-CCG.

delas (concretamente nos nº 8, 31, 36, 67, 71, 72, 87, 88, 91, 92, 96, 97, 103, 113, 117, 119, 124-25, 135, 137-38, 139-44).

A etnografía e o folklóre, sempre desde a perspectiva da tradición europea definida polo termo *Volkskunde*, son obxecto dunha atención prioritaria no boletín *Nós*, como acontece tamén coa arqueoloxía, a lingua e as artes plásticas. Condicionadas as mentes que lideran o grupo Nós pola necesidade de documentar e promover os estudos sobre a cultura popular e persuadidos da importancia do folklóre como fundamento da construción da identidade cultural, a revista abriu unha sección específica para dispoñer dun corpus de etnografía e folclóre. A sección "*Archivo filolóxico e Etnográfico de Galiza*" (AFEG), adoitaba aparecer antes da sección "*Os homes, os feitos e as verbas*", contaba con numerosos colaboradores e parceiros e era supervisada por Vicente Risco. Na achega inicial desta sección establécense os apartados e contidos temáticos, que acollían os datos e informes encadrados nun fado de dazasete apartados. Anúnciase que o AFEG recibirá estudos e informacións etnográficas, filolóxicas e folclóricas para un "*mellor coñecemento do pobo galego*". Os 17 apartados ditos desenvolven un conxunto de items clasificados segundo a traxectoria de pescuda etnográfica seguida desde os primeiros intentos da sociedade El Folklore




Gallego e coherente cos modelos de cuestionarios e enquisas manexados pola bibliografía europea e hispánica consultadas por Risco e os seus colaboradores. O cuestionario constituía unha fórmula xeralizada entre os etnógrafos e folcloristas e unha práctica eficaz consolidada xa en Europa e na península ibérica cando o boletín *Nós* arrin-

ca. A sociedade El Folklore Gallego redactou un (1885) con oito apartados temáticos⁵, a Sección de Ciencias Morales y Políticas del Ateneo de Madrid preparou outro (1901) distribuído por varios territorios de España e repartido tamén en Galicia⁶, e Risco preparou, segundo indicamos, o sinalado de 17 apartados para a sección AFEG de Nós

5. O MPG fixo unha edición deste cuestionario encargado pola sociedade El Folklore Gallego a Cándido Salinas e aos irmáns de la Iglesia; foi aprobado pola Sociedade o 2 de outubro de 1884: *Cuestionario do Folcloro Galego*. Serie Alicerces, nº 7. Santiago: Museo do Pobo Galego. Introduce este caderno unha aconsellable Presentación que vincula estes cuestionarios á sensibilidade rexeneracionista do aragonés Joaquín Costa, que incide sobre a Institución Libre de Enseñanza e sobre a Real Academia de Ciencias Morales y Políticas.

6. O material galego deste cuestionario, limitado ao tratamento dos usos e costumes ligados ao ciclo vital –nacemento, casamento e morte–, foi editado polo Consello da Cultura Galega: (1990): *Nacemento, casamento e morte en Galicia. Respostas á enquisa do Ateneo de Madrid (1901-1902)*. Santiago: CCG. Leva unha Introducción do profesor González Reboredo que examina e contextualiza este tipo de cuestionarios no marco europeo e hispánico.



(1920), realizando en 1928 unha enquisa adicional para o alumnado da Escola Normal de Ourense, cuxas respostas foron publicadas nesta sección de *Nós* entre 1928 e 1931⁷. Pero a presenza do alumnado de Risco aparece reflectida en varios números de *Nós* anteriores a 1928, como o mesmo Risco sinala.

O AFEG (*Archivo/Arquivo filolóxico e/i etnográfico de Galiza*) era unha sección regular que aparecía na meirande parte dos números da revista *Nós*, no 60% aproximadamente das entregas: falta en 52 números, 11 entre 1920 e 1928 e 42 entre 1928 e 1936. Indicamos anteriormente que a última entrega é a única edición semestral (ó números) que pecha o ano 1935.

O AFEG constitúe un amplo repertorio de noticias, unhas moi breves e outras máis desenvolvidas. Non é un cuestionario mesmamente, senón un apartado que, respondendo aos epígrafes definidos no nº 1 desta sección de *Nós*, acolle anotacións, apuntamentos, cativas crónicas ou referencias, pero non respostas. En moitas das entregas, escolleitas e ordenadas sen dúbida por Risco, este, coa sinatura V.R., fai comentarios, establece comparanzas, explora un paralelismo ou introduce unha pequena análise dalgunhas das noticias subministradas polos colaboradores. Porque esta é unha sección coral, baixo a batuta de Risco e na que participan algúns solistas como Ben-Cho-Sey, Bouza-Brey, Díaz Baliño, Lorenzo Fernández, Noriega Varela, Martínez López, Núñez Búa, etc. Destaca tamén como colaborador Enrique Peinador Lines, que amais


de seu labor de apoio, patrocinio e mecenado, fixo tamén importantes achegas etnográficas como "O vocabulario dos cesteiros de Mondariz", incluídas en tres entregas dos nº 11, 13 e 14 (AFEG-*Nós*, 1922). Domina no AFEG a temática dos Contos, os Romances e Cantigas e os Ditos (epígrafe IV, Literatura popular), e teñen presenza dabondo asuntos correspondentes ao apartado Tradicións fabulosas, caso das Lendas (X), Supersticións (XI), Devocións (VIII) e Tradicións piedosas (IX). En diversas entregas, Risco limitase a redactar notas ao pé, sen sinatura, nas que introduce comentarios ou precisa referencias, asomando nalgunha dos primeiros anos de *Nós* a pegada neosófica deste autor para suxerir interpretacións de bruxería, feitizos e emeigados, con citas de autores como Roso de Luna, Hector Durville, Pierre Piobb e Eliphaz Levy. Nalgunas achegas algúns colaboradores introducen de seu un texto máis longo acompañado de análises e interpretacións propias, como a asinada por Ben-cho-Sey sobre o folklore da romaxe a San Andrés de Teixido, que compara cos traballos de Pérez Ballesteros e Federico Maciñeira. O método comparativo, indisoluble dunha tradición etnográfica que se consolida, flúe nas notas redactadas por V.R. Para establecer os paralelos que coida oportunos a unha lenda presentada polo mestre nacional Alejos Álvarez Novoa sobre a fonte Meimón ("Ana Manana") recollida na estrada de Ourense a Castrelo de Miño, dialoga Risco aquí co folclorista asturiano Constantino Cabal, citado noutras achegas e autor dunha *Mitoloxía Asturiana*, editada en 1925. O AFEG é un denso e varia-

7. (2001): *Respostas a un cuestionario*. Santiago: Museo do Pobo Galego, serie Alicerces 13 (cun Limiar do MPG e a nota introdutoria que V.R. redactou para explicar a publicación das respostas obtidas pola enquisa).

do repositorio de folclore que contribuí, por unha banda, a fortalecer o labor compilador promovido pola Sociedad El Folklore Gallego co apoio explícito de Murguía. Os guieros de Nós e seguidamente os equipos do Seminario de Estudos Galegos (SEG) non farán outra cousa que encarrear e organizar un gran programa de recolleita etno-folclórica que establece a filiación entre as intencións das sucesivas fases, grupos e entidades citadas⁸.

Un dos autores e parceiro do AFEG, Ramón Martínez López, publica na outra sección fixa antes dita, "Os homes, os feitos e as verbas", un artigo titulado "A nosa Etnografía"⁹ no que, de maneira resumida, fai un cadro da investigación etnográfica en Galicia partindo da "fase literaria" de fins do século XIX, caracterizada polo "tipicismo", con descrições de festas, romarías, lendas e costumes –o que contempla precisamente a sección AFEG en Nós ¡!– e produto tales feitos do "furor e iras santos" a respecto da ñorancia e a superchería –refírese a Rodríguez López¹⁰– agochadas tralas descrições destes comportamentos, constitutivos dos primeiros arquivos etnográficos de Galicia. O artigo constitúe unha apurada e telegramática ollada á historia dos estudos etno-

gráficos en Galicia, antes de Nós e dos tempos finiseculares de tránsito do século XIX. Ademais de referencias a Barandiarán, Hoyos e Aranzadi (concretamente ao seu manual ¡!) e á enquisa do Ateneo de Madrid –que Hoyos Sainz reproduce na monografía asinada con Aranzadi en 1917–, fai referencia á obra do francés Louis Marin¹¹, presidente da Sociedade Etnográfica de Paris. Reproduce R. Martínez López o cuestionario de Marin, cos apartados e items que o estruturan, sen dúbida consultados por Risco e por seus colegas para as xeiradas de campo organizadas polo SEG. Plantea Martínez López ao remate deste interesante artigo que o SEG debería de publicar catálogos temáticos dos obxectos do Museo¹², lembrando que daquela (1927) publicara o SEG traballos relativos só ao instrumental do liño e suxire outras publicacións sobre: "disposición da casa en Galicia, o moíño, máquinas de tecer, o barco, etc". E alude á intención do SEG de comezar as publicacións da "seizón de Etnografía con algúns traballos de Xeografía Humán do Otero Pedrayo¹³. É un xurdio comezo e quen sabe si ten o valor de ser o inicio da nova época de estudos etnográficos a que nos da dereito a laboria de acadamento levada a cabo".



8. Este labor documental, de recollida e salvagarda de información foi doadamente destacado por: González Reboredo, X.M. (1994): "Fermín Bouza-Brey Etnógrafo e Folklorista". En: *Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía, In memoriam Fermín Bouza-Brey. Etnografía, Folklore, Literatura oral*. Santiago: Consello da Cultura Galega, pp. 25-27; González Reboredo, X. M. (1996): "A obra etnográfica de D. Xaquín Lorenzo Fernández". En: A. Fraguas e X. A. Fidalgo (coords.), *Tecnoloxía tradicional. Dimensión patrimonial: Valoración antropolóxica*. Santiago: Consello da Cultura Galega, pp. 26-27; González Reboredo, X. M. (1996): "Notas para una historia de la antropología en Galicia". En *Identidad y fronteras culturales: Antropología y museística*, Actas II Congreso de Hª de la Antropología española (Olivenza, 1994), pp. 709-711.

9. (1927): Nós, nº 45, setembro, pp. 14-16.

10. Rodríguez López Jesús: Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares, publicada con este título o ano 1910 e, anteriormente (1896), co máis estenso de *Las preocupaciones en Medicina: Conocimientos útiles a la familia: Reglas para conservar la salud, para no dejarse engañar por curanderos y para conocer a los médicos*. Obra editada pola Editoría Nova, en Buenos Aires (1943), e por Ediciones Celta, de Lugo (1971).

11. (1925): Questionnaire d'ethnographie, extr. *Bulletin de la Société d'ethnographie*. Paris. Este cuestionario editouse en 1926, en forma de monografía, pola Librairie Maisonneuve, logo da publicación orixinal deste traballo no B. S. E. de Paris. A personalidade de L. Marin, figura relevante tamén na política francesa da época, está analizada na obra de Meyran, Regis (2008): *Le mythe de l'identité nationale*, Berg International,

12. Aínda que o Museo Arqueolóxico-Etnográfico non se organiza ata 1930, o SEG levaba varios anos, cando menos desde 1926, conformando unha colección. Ver: Mato, A. (2001): *O Seminario de Estudos Galegos*. Sada: Edic. do Castro.

13. Refírese ao opúsculo *Síntese Xeográfica de Galicia*, publicada pola Biblioteca do SEG o ano 1926; pode aludir tamén a *Problemas de Xeografía galega: Notas encol das formas de poboación labrega*. A Cruña: Nós, Publicacións Galegas e Imprenta, 1927. Cun título afín saíra en 1928 un artigo de Otero no nº 53 do boletín Nós.



A Interpretación da Historia e o valor do noso tempo

(EN COL DAS IDEIAS DO CONDE KEYSERLING)

As posicións do problema da historia

O que poida e o que deba ser feito no noso tempo depende do qu'iste sinifique no noso decir, e pol-o tanto, d'unha reuta interpretación da historia. O éisito de calquera emprendimento, especulativo ou práctico, depende d'iste problema teórico. Porque, coma di o pensador do qu'imos comentar algunhas ideas, onde decide a liberdade, é sempre posible o erro. Todos temos conciencia crara, pol-o menos, da gravidade das circunstancias e de que, calquera resolución qu'un colla, pode non ter apelación. D'eiquí qu'eu pense qu'iste asunto, que me ten ocupado moitas veces (1), é asunto que nos importa tanto, coma somentes o Dioibo Universal e o Xuizo Final nos poden importar. Trátase do senso de toda a nosa vida.

Ramón Otero Pedrayo ofreceu faguer n-estas páxinas unha comparanza antr'as ideas de Spengler e as ideas de Wells. Spengler e Wells representan tocantes as mais extremamente opostas posicións tocantes ó problema da historia.

A *Decadanza d'Ocidente* de Spengler espón a concepción moderna, pluralista, da his-

toria, *copernicana*. lle chama il, representada tamén por Froebnius e pol-os etnólogos modernos, asegún a que a historia desenvólvese en orgaismos culturás, independentes que teñen o seu ciclo pechado d'evolución.

A *Historia Universal* de Wells foi escrita, non pra probar – que raramente pod'un probarlo qu'un sostén por teimosia – senon pr'espallal-a concepción do século XIX, unitaria, da historia, *ptolomaica*. lle chama Spengler, asegún a que, a historia desenvólvese n-un progreso sen fin, a través de moitas variedades accidentás.

O Conde Hermann Keyserling (1) ven representar, com'imos ver, unha concepción intermeia antr'esas dúas.

Amal-as dúas responden a difrentes orientacións do espírito. A posición unitaria do proble-

(1) O Conde Hermán Keyserling naceu na Estonia, o ano 1886. É de fidalga caste lituana. Emmanuel Kant foi preceptor d'un dos seus denentepasados. Dende mozo adicouse á filosofía; seguiu pimeiro a Kant, e logo a Bergson. Os bolcheviks botárono da súa terra. Viexou moito: estivo na India, na China e no Xapón. Veuse pra Alemaña, e acolleuse á amparanza do derradeiro príncipe reinante, o Gran Duque de Hessen, e co-a súa axuda, fundou en Darmstadt a *Escola da Sabencia*, á que vai xente com'o príncipe Calros Antón de Rohan autor d'un libro alí inspirado, *Die Aufgabe unserer Generation* (o tema da nosa xeración), o Conde Hardemberg, colaborador de *Der Leuchter*, e outros, dos que moitos son dilettantes. A Escola publica un anuario lidoado *Der Leuchter* (o candieiro), e n-ela teñen falado os grandes homes que p: san por Alemaña, com'o gran poeta hindú Rabindranath Tagore.

Ten publicado moitos libros: *Das Gefüge der Welt* (A erdume do Mundo), 1906; *Unsterblichkeit* (mortalidade), 1907; *Reisetagebuch eines Philosophen* (Diario de viaxe d'un filósofo), 1918, o mais coleccionado dos escritos, especialmente a edición inglesa; *Philosophie als Kunst* (A filosofía coma Arte), 1920; *Schöpferische Erkenntnis* (Coñecencia criadora), 1921; *Politik, Wirtschaft, Weisheit* (Política, Economía, Sabencia), 1922; *Menschen als Sinnbilder* (os homes coma símbolos), 1926; e *Wiedergeburt* (Renacencia) qu'inda non sei si se publicou, *El Mundo que nace* (trad. de Ramón Tenreiro) ven de ser publicado en casielón pol-a *Revista de Occidente*.

(1) *Galicia y la civilización atlántica*, 1909 (*El Noroeste de Cruña*); capítulo da *Teleoloxía do Nacionalismo galego*, na miña *Teoría*, Ourense, 1920; *En el umbral del Apocalipsis* (*La Ilustración Española y Americana*, 8 Marzo 1920); *O despertamento dos pobos célticos e o porvir da Europa* (*A nosa Terra*, 1 febreiro 1921); *Gobineau e Murguía, Platon en Portugal e O asunto dos latínorios* (en *El Pueblo Gallego*, 1923-24); *En defensa de Taine e Lertias* XI, XXIII, XXV, XXVII, XXVIII, XXIX, XXX, XXXI, XXXII, XXXVII, XXXIX, LIX, LX, LXI, LXIII, XCII en *Galicia de Vigo*, 1924-26; *Ainda unha Historia Universal, A terra e a evolución humana, Estudos en col do Romantismo* (en *A nosa Terra*, Xanairo, Febreiro, e Xunio e seguintes de 1925).



O SENTIMENTO DA TERRA NA RAZA GALEGA

I

*Airiños, airiños, aires,
Airiños da miña terra,
Airiños, airiños, aires,
Airiños levaime a ela.*

(Cántiga popular)



Calquera que se poña a estudial-a nósa produción espiritual galega, non pode por menos de se decatarse d'unha nota que, d'un xeito ou d'outro, repétese nela constantemente. E, mais do que un leit-motiv, o fondo mesmo de todol-os pensamentos e de todol-

os sentimentos da y-alma galega. E como a nota grave, sostida, monótona do ronco, sobre da que se deseñan logo os sinxelos arabescos da gaita... Y-esta nota, que é a nota *tónica* da afeutividade da nósa raza, a forma propia da nósa saudade, é o sentimento relixioso da Terra. Sentimento esencial do lirismo nóso; sentimento que na poesía galega, chega, volta por volta, ós acentos arroubados da mística, ós delirios da paixón erótica, ós desolamentos da mais dōrida clexía...

Ouvide a Rosalía desterrada, ferida de morriña, pedir ós *airiños aires* que a trayan á nósa terra. Ela dí, consumida coa febre:

*Sin ela vivir non podo,
Non podo vivir contenta,
Qu'adonde queira que vaya*

*Cróbeme unha sombra espesa
Cróbeme unha espesa nube
Tal preñada de tormentas,
Tal de soidás preñada,
Qu' a miña vida envenena.*

*Si non me levás, airiños.
Quisais xa non me conesan,
Qu' a febre que de min come
Valme consumindo lenta,
E no meu corazonciño
Tamén treidora se ceiba.*

*Non permitás qu' aquí morra,
Airiños da miña terra,
Qu' aínda penso que de morta
Hei de sospirar por ela.*

Ouvide a Lamas Carvajal que, cego e triste, garda na sua y-alma a lembranza da nosa Terra meiga cuyos feitizos foran outrora ledicia dos seus ollos:

*Non sei qu' encantamento
que amor, que poesía,
ten este chsu garrido,
a terra onde nacín;
n-as alboradas ledas,
n-as noites e n-o día,
terás sempre feitizos,
grorias e luz pra mín.*

*Seu nome deprendino
de neno con dilicia,
direnno mentras viva
c' o fogo da pasión;
cando a morrer eu vaya,
o nome de Galicia
direnno misturado
c' o nome do meu Días.*

*Amor grande, subprime
qu' o corazón encerra,
tesouro d' infinitos
recordos e pracer;
encantamento doce,
o amor da nósa terra
deote con nosoutros
camiña hastra morrer.*

O boletín Nós. Palestra do pensamento etnográfico

A publicación *Nós. Boletín mensual da cultura Galega* vai construíndo unha casa común para a reflexión multidisciplinar, dando acollida a moitas cabezas que, desde ópticas diversas e desde palestras distanciadas, converxen nesta revista para dar conta de ideas, pensamentos, novidades científicas e literarias do momento. Todo nun marco de complexidades orientado a visualizar Galicia como unha entidade propia e peculiar, obxecto de reivindicación política e cultural e materia de estudo e coñecemento. A revista *Nós* constitúe o topos necesario para dotar a Galicia dun corpus intelectual, coherente, mais alternativo, ao xornalismo xeralizado que o galeguismo tiña xa en *A Nosa Terra*. No boletín *Nós* fráguese unha tradición etnográfica que conta con numerosos precedentes no século XIX e nos primeiros anos do século XX, e goza dun relativo consenso e recoñecemento o pulo dado ó labor de colleita e estudo por parte da Sociedade El Folklore Gallego e tamén a autoridade conferida a Murguía¹⁴ como definidor dos marcadores identitarios dunha aceptada etnicidade galega. Un texto central, para enlazar os presupostos da etnicidade galega tecidos no século XIX cos criterios asumidos con afouteza polos líderes de *Nós*, é o escrito que Vicente Risco redacta como ideario programático desta cuestión e como documento nodal do boletín *Nós* no abrente da publicación: “[...]con

Verea y-Aguiar, con Saralegui, con Murguía, repetimos: Galicia é toda céltiga, toda nórdica, toda europea”¹⁵. Gradualmente, Bouza-Brey e López Cuevillas irán perfilando con datos arqueolóxicos máis precisos este asunto, pero sen cuestionar o fondo do problema e tampouco a atribución á suposta etnia celta da base da etnicidade galega¹⁶. A posición que vincula finalmente aos arqueólogos saídos do grupo *Nós* e do SEG establécea López Cuevillas en 1953 nestas palabras: “*Por lo que toca a los invasores, se les otorga generalmente una filiación celta, aunque sea bien tener en cuenta que en un desplazamiento de pueblos que recorren dilatados caminos tienen que ocurrir los fenómenos de incorporación que devirtúan, más o menos, la pureza primitiva [...]*”, aínda que mantén os postulados de partida: “[...] *admitiendo estas mezclas creemos que el núcleo fundamental [...] era un núcleo celta [...]*”¹⁷.

Desde a perspectiva etnolóxica, o tema da atribución dunha identidade étnica ao sustrato céltico, que opera como un background da identidade galega proxectado sobre o presente, constitúe unha das chaves da elaboración do discurso etnofolclórico que outorga pertinencia á singularidade de Galicia como cultura e como ente nacional. Establecido o horizonte histórico da etnicidade, con fundamentos e coartadas arqueolóxicas, cúmprelle á etnografía e aos estudos folclóricos mostrar as continuidades e as supervivencias daquel sustrato no presente, a

través das prácticas, os costumes e as crenzas do sector maioritario da súa poboación: o campesiñado e os actores sociais que conformaron as súas xenealoxías no medio rural. Isto semella manifesto na intelectualidade das Irmandades da Fala (IF) e asúmeno como propio os promotores do grupo *Nós*, tradutores intelectuais do tremiñado ideolóxico formado arredor das IF. Antón Villar Ponte¹⁸, cabeza das Irmandades, dirá: “*A vida galega é labrega e mariñeira. Vida do “rus”, balismada pol-a fouce, embrema do labradorío, que somella un sino interrogativo de ferro aceirado, e pol-o remo, embrema de mariñáns, que somella un sino admirativo de madeira. [...] Dos dous millóns e medio de habitantes que ten Galiza, según as derradeiras estadísticas, somentes catrocentos mil compoñen as vilas [...] e o resto [...] moran, traballan e sofren nos campos e nas mariñas, [...] Dous millóns d’almas irmás poboadas das nosas paisaxes*”. Acode Villar Ponte a Herder e a Ruskin para fundamentar o sentimento da natureza, condensada na paisaxe que acolle as xentes e a organización básica territorial das mesmas: “*¡A parroquia! Única verdadeira unidade primaria natural da sociedade nosa, que vive nos recunchos da paisaxe obedecendo ó espontaneísmo do costume superior a total-as leis escritas*”. E dentro da unidade parroquial orgánizase e vive a familia descrita de xeito idealizado e deixando entrever a imaxe dunha estratificación social, que resultaba innegable: “[...] *pertenece ó fogar d’esta familia que se val*

14. (1923): “Manuel Murguía”. *Nós*, nº 16, febreiro, p. 2.

15. Risco, V. (1920): “Galicia céltiga” (A Don Manuel Murguía, respetosamente). *Nós*, nº 3, decembro, p. 10.

16. Non corresponde a este artigo o debate desta cuestión desde a perspectiva arqueolóxica actual. Para os interesados nese debate, cómpre a consulta de Calo Lourido, F. (2010): *Os Celtas. Unha (re)visión dende Galicia*. Vigo: Edicións Xerais, con análises que comparte o asinante deste traballo.

17. López Cuevillas, F. (1953): *La civilización céltica en Galicia*. Santiago: Porto y Cia. Eds, p. 25.

18. Villar Ponte, Ramón (1927): “A fontela viva da nosa cultura”. *Nós*, ano IX, nº 38, febreiro, pp. 2-8.

ben de seu [...] ô fogar d'estaoutra familia que se val medianamente; aquela de mais alá sai d'unha chouza onde a existencia é serodia e cativa [...]. E o vello petrucio vos irá eisí inventariando total-as chouzas e faguendo o censo das mesmas [...]. Neste encadre, a sociedade patriarcal orixinada nun precedente céltico e indoeuropeo asoma na figura do petrucio, representante senlleiro do campesiñado e encarnación dunha cultura específica que resulta herdeiro e portador dunha psique colectiva enraizada "cecais" no credo priscilianista e nos versos de Ayras Nunes. Encerran as verbas de Villar Ponte a síntese dunha cosmovisión que Otero e Risco tiñan elaborado en textos decisivos de Nós¹⁹ e que eles mesmos desenvolverán decote nos anos inmediatos. Sen a noción de *enxebri* iría descamiñada a tese das sobrevivencias do sustrato etnocultural que parte da protohistoria e mostra seu esplendor no medievo: "Que ese espíritu é o fondo da permanencia do noso ser *enxebre*, trunfador a través dos séculos de total-as invasións estranxeiras, creador dos costumes e supersticións do pobo, tantas veces tomadas por ouxeto de bulra pol-os vilegos letrados e hoxe estudadas en serio polos mais sabios homes de cencia, e fontenla perenne e inextinguible do noso lirismo saudoso... [...]. *Enxebri* e saudosismo son vectores centrais na vertebración do relato etnográfico e factor decisivo na xénese do folk-lore galego: "[...] o *Humus* do que o home foi formando a primeira sustancia da conciencia". O saudosismo, para Villar

Ponte e para os creadores de opinión e dunha perspectiva histórica e etnográfica en Nós, é inseparable da idea de tradición e de continuidade cultural que informaba o pensamento daquelas persoas: "[...] sô os labregos, os aldeáns foron artistas dinos de tal nome na Galiza. Porque eles cultivaron e conservaron as cantigas, os bailes, as tradicións, as saudades, o culto à terra, a riqueza da fala: sô eles, co'as suas almas infruidas pol-a paisaxe, consustancializaron o seu ser na eterna armonía do anaco de cosmos onde Deus lles dou a vida. Todol-os elementos da arte propia ficaron perpetuados por eles somentes a través do tempo".

A coherencia interna da intelectualidade das IF e dos construtores de Nós é manifesta e a pulsión novecentista sobrevoa sobre todos eles, e as citas precedentes de Antón Villar Ponte poderían levar a sinatura de Risco ou de Otero Pedrayo. Mostra evidente do que dicimos témola no texto canónico que Risco publica no amencer da revista Nós: "[...] o noso sentimento relixioso da Terra pudera vir, sen mais nada, do noso ruralismo, da nosa vida agrícola: pudera non ser outra cousa que a emoción do sedentarismo. Y-aínda así, sería un sentimento relixioso. O sentimento relixioso defínese d'un xeito xeneral, como o sentimento de dependencia [...] da Terra... [...]"²⁰. Acode aos grandes autores que, desde ángulos e disciplinas diversas, admitiron a influencia decisiva da terra nos homes, incidindo Risco na idea do *pathos* como definición dese sentimento. Lémbranos que a influencia

da terra sobre o home é unha verdade admitida grazas a autoridade de autores que cita como fonte de autoridade indiscutible e, para proxectar coma enunciación solemne este punto central da súa teoría, di: "Dende Taine, dende Ritter, dende Montesquieu, é unha verdade admitida a influencia da terra no home. Pro cecais ningún pobo tivo como o pobo galego a conciencia, e mais ainda, o sentimento, o *pathos* d'esta influencia [...]. O mesmo Risco recorda que "esta lei que lle temos a nosa Terra" constitúe o humus da Teoría do nacionalismo galego (1920), expresada como a "emoción do sedentarismo", que provoca a "cobiza do lonxe" enunciada por Viqueira e evocada polos grandes bardos, Pondal, Añón, Cabanillas e Noriega Varela. O peso da literatura como fonte, documento e argumento dos posicionamentos filosóficos, historiográficos e etnolóxicos dos teóricos de Nós é manifesto. E a unidade habitacional básica do medio rural reflíctese igualmente na expresión literaria e estética dos poetas e doutros artistas: "Toda a produción literaria galega está chea d'evocacións da aldea [...] O mesmo amore nas casañas aldeans e mariñeiras que tenramente pinta Carlos Sobrino, e nos anacos de paisaxe do impresionista Imeldo Corral [...] y-o que fai que aló en Madrid, o arquitecto Antón Palacios se lembre das nosas pedras románicas, tan cheas da y-alma da Terra"²¹. Porén, as artes plásticas son coartada visual, fundamentalmente comunicativa para transmitir o mesmo sentimento na eséxese que Risco elabo-

19. De particular importancia son os artigos de Risco: (1920): "O sentimento da Terra na raza galega". *Nós*, nº 1, outono, pp. 4-9; (1926): "A interpretación da Historia e o valor do noso tempo (en col das ideas do conde de Keyserling)". *Nós*, nº 33, 25 de Setembro, pp. 2-11; (1926): "Do futurismo e mais do karma". *Nós*, nº 34, 15 de Outono, pp. 3-5. De Otero Pedrayo: (1922): "Encol d'aldeia". *Nós*, nº 14, Nadal, pp. 1-6; (1926): "Encol dos estudos modernos de antropoxeografía". *Nós*, nº 27, Marzal, p. 3-4.

20. Risco, V. (1920): "O sentimento da Terra na raza galega". *Nós*, nº 1, outono, pp. 4-9.

21. Risco, V. Op. cit., p. 6.



ra da idiosincrasia singular da condición do galego: Carlos Sobrino, Imeldo Corral, Asorey, Castelao. Diríamos, realizando unha extrapolación cecais un chisco forzada, que as imaxes que Risco constrúe nesta “antropoloxía literaria”²² recorren ao campo visual e emocional –a estética como acción comunicativa– para ofrecer unha descrición “densa” e non “feble” das estampas contidas no seu relato²³. Traza unha cosmovisión lírica, dificilmente asumible para unha mente crítica e racionalista. Isto dificultalle elaborar unha

etnografía “antropolóxica”, buscar teorías e métodos que obxectiven a realidade observada e descrita saíndose el mesmo como observador do encadre etnografiado. Coido pertinente encamiñar a crítica etno-antropolóxica de Risco por estes vieiros para situar a dimensión ideolóxica deste autor e captar a proxección da mesma sobre os textos etnográficos por el redactados.

Vicente Risco. Un referente para un programa etnográfico

González Reboredo²⁴ sinala a falta de formación etnográfica previa de Risco e cita o contacto establecido en Madrid con Luis de Hoyos Sainz, profesor da Escuela Superior de Magisterio, cando se matricula naquela institución entre 1914 e 1916. Risco coincide con Hoyos xustamente cando esta figura, central na etnoloxía ibérica, organiza en 1914 o Seminario de Etnografía, Folklore y Artes Populares, que estará activo durante dazasete anos²⁵. Tempo despois, Hoyos fará pública unha louvanza de Nós e do traballo da revista, feito que se comunica aos lectores do Boletín: “*Na derradeira sesión da Sociedad española de Antropología, Etnografía y Prehistoria, o ilustre Profesor Don Luis de Hoyos Sainz [...] chamou a aten-*

ción da Sociedade en col do noso labor [...]”²⁶. Asistía a aquela xuntanza Fermín Bouza-Brey, que aproveita para lle agradecer ao mestre de Risco tan loable recoñecemento. Daquela Risco aínda non fixera a transición que o levaría ás IF e ao galeguismo e tampouco amencera editorialmente a aventura literaria e neosófica de La Centuria, tan intensa como fugaz. Carlos Casares relata como antes de saír o derradeiro número de La Centuria, Otero e Risco xa ingresaran nas IF, constituindo o nº 7, o único publicado en 1918, o devalo daquela revista. Dous anos despois a mudanza remataba e o ano 1920, de xeito case parello, ve a luz o libro *Teoría do Nacionalismo Galego* e o grupo Nós érguese como unha entidade plenamente activa, sacando á rúa no mes de outono o *Boletín mensual da cultura Galega. Nós*. No reparto de temas, de asuntos a tratar e de enfoques que o trío ourensán –Cuevillas, Risco e Otero– establece entre eles, a parcela asumida por Risco resulta moi coherente coas inquedanzas teóricas e filosóficas propias da personalidade daquel home. Risco percorre un itinerario xiratorio que o leva dun extremo a outro e esta viraxe intelectual, aparentemente acelerada, busca un marco interpretativo sobre a realidade que escolle como obxecto de interese e de estudo. Non podemos negar a dimensión

22. Nun traballo clareador, González Reboredo –(1996): *La construcción del texto etnográfico a través de dos autores. Aportación a una historia de la etnografía en Galicia*. Cuadernos de Estudios Gallegos. Monografías 1. Santiago de Compostela: IPSEG-CSIC–, realiza unha análise moi acada da figura de Risco –análise metodolóxica que el mesmo estende aos discípulos do SEG– onde, por unha banda, xoga coa idea da etnografía como corpus literario (non exento de sistematización e procura de obxectividade) e, pola outra, explica o método de Nós e do SEG para a obtención de documentos e datos. A prematuramente desaparecida Beatriz Ruiz –(1999): “Anthropologie et philosophie”. Extrait de *Diogenes*, nº 188– abre un lúcido debate entre as ciencias empírico-naturais e as ciencias duras, e as chamadas ciencias sociais, que resultaría moi proveitoso para a revisión futura destes nosos “clásicos”.

23. Esta oposición “densa” - “feble” difúndea Geertz, Clifford (1992): *La interpretación de las culturas*. Barcelona: Gedisa Editorial, (Parte primera, pp. 19 ss.).

24. González Reboredo; X. M. (1995): “Vicente Risco e a antropoloxía galega”. En: *Vicente Risco. Actas do Congreso celebrado en Ourense os días 18-21 de Outubro de 1995*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia, pp. 235-254. Interesa a consulta deste traballo na súa totalidade, pois ofrece claves esenciais para comprendermos doadamente a cuestión aquí tratada. Un esquema sistematizado da obra de Risco nas pp. 247-253 deste artigo.

25. Ortiz García, C. (1987): *Luis de Hoyos Sainz y la antropología española*. Madrid: CSIC, pp. 70 ss.

26. (1927): “O Nós en Madrid”. En *Os homes, os feitos, as verbas*. Nós, nº 48, decembro.

antropolóxica que posúe a súa obra etnográfica, tanto o corpus de apuntamentos e notas que conforman o AFEG da revista *Nós*, como aqueles traballos que proporcionan o encadre para establecer as prioridades da tarefa etnográfica. González Reboredo analiza a aventura orientalista e teosófica de Risco, que remata en 1918, como unha exploración na procura de "alteridades"²⁷ a respecto do mundo urbán e pequeno burgués por el vivido no seu Ourense natal. A conversión do "inadaptado" reorienta esta búsqueda cara a un outro interior e próximo, polo tanto e desde esta visión, un outro que mostra un exotismo relativo. Hai unha certa contradición na atribución da condición de "outro" a quen se reivindica logo como representante significativo da identidade propia, pero tal contradición, se existe, caracteriza o quefacer do folk-lore en Europa desde a súa fundación como disciplina no século XIX. Dalgunha maneira este outro era o depositario *"da cultura dos labregos, mariñeiros e artesáns, que conservaban formas, comportamentos e ideas que conviña non só estudar, senón tamén revalorizar coa finalidade de afianzar a nosa identidade peculiar, [...]"*²⁸, e o que nos indica G. Reboredo é que o outro próximo redescuberto contiña na súa xenealoxía os trazos xenuinos do que cumpría entender por identidade galega. Risco, Otero, Villar Ponte e os que participan, arredor de *Nós* e nas páxinas de *Nós*, mudan o "outro", relativamente distante para unhas persoas que tiñan interiorizada na súa mocidade a socioloxía urbano-vile-

ga, nun "eu" empurrado ao primeiro plano do escenario e definido como o suxeito histórico protagonista dun "nós" nitidamente identificado. Risco exerce a autoanálise *"[...] viñemos dar na sorprendente descuberta de que Galiza, a Nosa Terra, oculta ao noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filistea, ofrecíanos un mundo tan esteso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido como o que andabamos a procurar por ahí [...]"*²⁹ cun testemuño que marca claramente a dicotomía identidade/alteridade que define a fronteira etnográfica entre os mozos vilegos ourensáns, antes da súa conversión, e o mundo agrocampesiño e mariñeiro, distante socioculturalmente das vidas pequeno-burguesas dos ourensáns. Os gueros do grupo *Nós* trazan o perfil do outro a observar, que vai ser seguidamente enunciado como o actor protagonista do drama identitario galego, actor principal dunha cultura e dunha historia concernida pola singularidade dunha paisaxe: a Terra interpretada como co-protagonista idealizada, concreta e non abstracta, tanxible e material³⁰.

Casares e ao tempo Beramendi ofrecen claves moi significativas para comprendermos a base do pensamento de Risco e a relación entre dito pensamento e a etnografía. O primeiro³¹ cita uns parágrafos sobre Rabrindanath Tagore, de 1913, nos que Risco fala da imposición cultural dunha potencia colonial, Reino Unido, sobre a sociedade hindú, neste caso bengalí. A tradición como forza xermola como



27. G. Reboredo, X. M. (1995): Op. cit., p. 236.

28. G. Reboredo, X. M. (1995): Op. cit., p. 236.

29. Cita ad hoc, que G. Reboredo (1995): Op.cit., p. 236– escolle, e que todos escolleríamos como particularmente representativa: (1933): "Nós, os inadaptados". *Nós*, nº 115, Xullo, p. 122.

30. Risco, V. (1920): "O sentimento...", op.cit., p. 6.

31. Casares, C. (1981): *Vicente Risco*. Vigo: Editorial Galaxia.



enunciado nun texto moi anterior ao transito de 1917. E xa en 1917, no nº 5 de La Centuria, publica un artigo sobre Tagore no que incide no mesmo: *“Con sus hermanos Dvijendra y Abanindra, vivió en la vieja casa de su familia, y juntos emprendieron la restauración de las tradiciones artísticas de su patria [...] Pertenece al partido reformista, pero trabaja por la conservación de las tradiciones”*. Casares, con bo criterio, enlaza a sensibilidade de Risco, a respecto da condición subalterna da India e de Tagore, coas ensinanzas etnolóxicas do profesor Hoyos Sainz, antes sinaladas. Estes factores fundamentaron a disposición de Vicente Risco para desenvolver a tarefa etnolóxica que

acometeu após 1920. O segundo, Justo Beramendi, pondera os motivos e o contexto que levaron aos que ergueron o grupo Nós a achegárense ás Irmandades da Fala. Argumenta o profesor Beramendi que Cuevillas, Otero e Risco fan o tránsito sinalado a través de espazos asumibles para os presupostos mentais e ideolóxicos nos que estaban fortemente instalados. A mudanza visualízase *“nas roupas e nos nomes dos persoaxes do drama”* e coida Beramendi³² que as Irmandades non conformaban un espazo que os conducía á renuncia do núcleo de seu pensamento, nin a abandonar as reservas que lles producían as opcións políticas imperantes. Tampouco os obrigaba a deixaren posicións e compromisos de clase: *“[...] Xa que logo, [...] non supuña [...] a renuncia traumática ao novecentismo e á neosofía, senón somente a súa adaptación, a aplicación dos seus supostos básicos a outro obxecto”*. A análise de Beramendi e os achegamentos críticos doutros autores lévanos a unha revisión continua da obra etnográfica e folclórica de Risco, na que emerxe decote a pegada do pensamento forxado por el, e tamén por Cuevillas e Otero, na aventura teosófica e novecentista dos anos de formación. A procura dun outro exótico, dun universo innovador e dunha realidade alternativa atopábase no sustrato cultural representado polo pasado e polo presente materializado na sociedade campesiña, crisol no que se fundía unha historia entendida como tradición e unhas manifestacións enguedelladas nun repertorio de crenzas,

lingua, usos e costumes que pervivían no agro.

Conviña outorgalle ao novo relato etno-histórico un suxeito e un predicado. O suxeito viña marcado polos historiadores do Rexurdimento – Murguía como autoridade indiscutida–, e polos Precursores, glossados literariamente polo mesmo Murguía³³. Este suxeito histórico –a etnia celta– outorgaba liñaxe ao suxeito histórico que herdaba os trazos e os valores do pasado mediante a tradición: a sociedade labrega. O predicado nutríase dos horizontes e dos encadres que daban conta das particularidades espazo-temporais nas que encaixaba Galicia: un territorio atlántico con fortes parentescos cos habitantes históricos das terras afíns do occidente europeo. Pero tal predicado precisaba unha lóxica interna, unha sintaxe onde enguedellar natureza e cultura: a Terra e a Xente. Esa sintaxe constrúese con varios vimios que forman a materia primeira para trenzar o cesto e que afloran seguidamente como enlace entre Nós e os inspiradores (ou precursores) no texto editorial que a revista Nós³⁴ lle adica ao Patriarca días despois de seu pasamento. Naquel breve texto, de probable autoría de Risco, abrollan as *key words* (vimios e palabras sustantivas) para a sintaxe antropolóxica que se tecía: *Raza e Céltigos, Tempo e Tradición, Terra, Paisaxe e Atlántico* encerran as palabras chave da concepción que anima e explica o estudo, a divulgación, a reivención e a reanimación da cultura galega comprendida e interpretada polos xeógrafos, literatos,

32. Beramendi, J. G. (1981): *Vicente Risco no nacionalismo galego*. Tomo I. Das orixes á afirmación plena. Santiago: Edicións do Cerne, pp. 125-129.

33. Murguía, M. (1940): *Los Precursores*. Colección Horreo, nº 2. Buenos Aires: Emecé Eds.

34. (1923): “Manoel Murguía”. *Nós*, nº 16, febreiro, p. 2.

historiadores, pensadores, etnógrafos e folcloristas que se aveñen para fundar e manter a revista *Nós*.

Obra etnográfica de Risco nos tempos de Nós e do Seminario de Estudos Galegos

Vicente Risco considerou obrigado reflectir as ideas e posicionamentos que mantiña desde o nacemento de *Nós* en traballos concebidos cun enfoque teórico e metodolóxico ambicioso. Destaca o libro editado en 1928 –ecuador na biografía de *Nós*, e de *Nós*, e momento de intensa actividade no Seminario de Estudos Galegos (SEG)–, concebido como un manual denso e detallado con 26 capítulos e un epílogo, que lle dá ampla cabida ao discurso antropolóxico cun capítulo sobre as tradicións, outro sobre o estudo dos restos materiais nos que fai suceder os epígrafes centrados no antropolóxico (físico) e no mesmamente arqueolóxico, e outro para a etnoloxía e a socioloxía, sólidamente elaborado cun percorrido de síntese pola etnoloxía europea. Pero o interese etnográfico e etnohistórico asoma noutros capítulos onde a crítica da tradición e das falsedades no estudo da mesma non fican á marxe da mirada de Risco. E non esquece que “*la tradición no debe ser rechazada como fuente histórica*” e, persuadido dos axiomas histórico-culturais, lembra que a tradición acumula sempre un fondo de verdade a debullar mediante a análise comparativa. Sustrato e transmisión, bases do credo difusionista e fundamento da historia como evolución que conle-

va accións erosivas e sedimentarias, fan da tradición un corpus fedatario, susceptible certamente de deformacións. Ata aquí un Risco discursivamente impecable.

Elementos de metodología de la historia (1928), o libro que examinamos, móstranos, como o profesor Reboredo sinala³⁵, que Risco non é un continuador do aportado polo século XIX, senón un observador teimudo do que se dicía e facía fóra e no seu tempo. Esta obra de Risco, redactada con evidente distanciamento académico, fixa o seu posicionamento como etnólogo, pero non contradi o dito e profesado naqueloutros textos máis ideolóxicos e máis combativos nin nega as doutrinas e teorías que coída máis acaídas.

Nos postulados enunciados por Risco no capítulo XIII (*La etnología y la sociología*) deste libro de lectura obrigada, distingue Risco a historia e a etnoloxía, outorgándolle á primeira un carácter secuencial e á segunda unha dimensión de “foto fixa”. A historia atendeu principalmente aos sectores visibles da sociedade –estamentos “*superiores*”–, mentres a etnoloxía escoita a voz dos “*inferiores*”. Ao tempo, a etnoloxía observa as trazas “*autóctonas*” –o que noutros textos de *Nós* defínese, aplicado a Galicia, como *enxebri*mo– e a historia, pola lóxica do movemento secuencial e polo fenómeno do contacto entre pobos, dá conta do “*intercambio*” e da “*transición*”. Risco retrata aquí a disciplina etnolóxica con precisión e entende doadamente o comercio intelectual que se produce entre etnoloxía e historia. A dimensión dialóxica deste texto resi-

de precisamente nisto, na consideración de que “*La síntesis histórica aprovecha como supuestos fundamentales, las conclusiones generales de la etnología. Se explica esto por ser la etnología, por lo menos en su aspiración, una ciencia más general que la historia. Si la historia ha de llegar alguna vez a determinar las causas y a establecer las leyes de los hechos, tiene que ser valiéndose del método comparativo, que es el que emplea la etnología [...] la comparación no ha de limitarse a los pueblos históricos entre sí, sino de éstos con los actuales*”. Independentemente de que Risco aplicara a seus traballos, *stricto sensu*, o que se deriva da formulación precedente, tiña unha visión crítica e à *la page* da etnoloxía. A subordinación da historia á etnoloxía constitúe máis que nada unha acentuación do valor da materia que favorece o redescubrimento das identidades e tal acentuación reflíctese no capítulo deste libro dedicado ao estudo das tradicións, presidido pola análise do “*folklore*”. Un apartado deste capítulo –*Empleo del folklore en la investigación histórica*– contén un ítem particularmente ilustrativo da relevancia atribuída ao *folklore* polos cabezaleiros de *Nós*: “[...] *el conjunto del folklore de un país nos muestra su manera de ser, su psicología, y explica por lo tanto su cultura erudita. Recuérdese que la cultura toda de un pueblo forma parte de un conjunto orgánico: la cultura erudita forma un todo único con la popular, ambas nacen de la misma fuente y están como hemos indicado en íntima relación*”. Constitúe este parágrafo unha mostra máis da prioridade dada ao campo etno-folclórico para interpretar e (re)construír os

35. González Reboredo, X. M. (1995): Vicente Risco..., op. cit., p. 241.

36. A creación do Seminario acontece nuns momentos que obrigaban a unha cesura político-ideolóxica e a procurar refuxio na tarefa cultural e

marcadores identitarios de Galicia e para artellar os vimios dunha tradición diferenciada.

Examinar a relación entre o grupo Nós e o SEG³⁶ non forma parte da intención deste artigo, pero a nivel de acción e de programas de estudo e investigación desenvolveuse nunha comunicación osmótica que levou ao Seminario a acometer traballos inspirados nas ideas e suxestións dos guieros de Nós, adiantados maiores na tarefa do SEG. Desta maneira as xeiras de campo organizadas e as publicacións monográficas editadas respondían ao espírito encarnado no dito nos parágrafos anteriores. A Terra, delimitada xeográfica e culturalmente e repartida en ámbitos territoriais homoxéneos –comarcas– debía ser observada por miradas multidisciplinares e sometida á pertinente esculca para mostrar as singularidades, e as correspondencias, dentro e a respecto da Galicia total. Aparecen así as grandes monografías editadas entre 1930 e 1936. *Terra de Melide* (1933) á a máis emblemática e acolle nos seus capítulos un amplo programa de contidos que diferencian tres grandes apartados: a cultura material, a vida social e o folclore. Trátase dun esquema fundamentado na fórmula das enqui-

sas e cuestionarios antes ditos e nun reparto que disocia metodoloxicamente estes campos que non logran a interpolación que as antropoloxías posteriores coidan necesaria. Pero hai, formalmente fragmentada, unha visión xeneralizábel (que non totalizadora) que considera a etnografía unha esfera do coñecemento acorde, e relativamente achegada, ao descrito por Risco en *Elementos de metodología...* Nese esquema “A casa-vivenda, suma expresión da raza [...] é o instrumento de acomodanza do home á terra, é a ligame, o vencello do home ca paisaxe; a vida toda [...] espésase na casa, da cal pódese deducir toda a demais cultura [...]”³⁷, interpretación que resume o vencello/dependencia das persoas co medio xeográfico e motivo que leva a Risco e aos colaboradores do SEG a comezar o estudo etnográfico “por iste elemento fundamental de toda a cultura”. A consideración da cultura e da historia como un elemento orgánico, que vive, se desenvolve e, finalmente, decae ou morre –engranaxe que asocia un tipo de evolucionismo á teoría histórico cultural de Fritz Graebner e Wilhem Schmidt³⁸– fica manifesta: “Di Spengler que namentras a i-alma d’un pobo está viva [...] a casa [...] conserva porén a sua estrutura [...]”

cando un pobo abandoa ou esquece o tipo de vivenda que il mesmo criou, d’aquela pódese asegurar que aquela raza morreu”³⁹. A matriz teórica de Leo Frobenius, revisada e peneirada por Oswald Spengler⁴⁰, ten fortes alicerces en *Terra de Melide* e nas restantes monografías do SEG. Significativamente *Parroquia de Velle*, sen cambiar sustancialmente o esquema de *Terra de Melide*, reduce as interpretacións “spenglerianas” e conxura a desesperanza ante unha coxuntura de porvir incerto coa confianza obrigada: “[...] cómpre ensaiar o cooperativismo [...] e dar unha orientación científica e racional a moitas producións. Hoxe as leiras verdexan, os montes teñen arboredo e o labor rende. [...] Mais as posibilidades de mellora non están esgotadas nin moito menos. [...] mais non seremos nós quen profeticemos n-istes días do 1933 tan ateigados de negros agoiros”⁴¹. *Parroquia de Velle* (1936) incrementa o esquema de *Terra de Melide* con apartados inéditos que outorgan a esta singular monografía un perfil antropolóxico-social⁴².

Coidamos oportuna, finalmente, a cita dun traballo de Vicente Risco onde a perspectiva social adopta un tratamento singularizado e

científica. Primo de Rivera dá o golpe militar en setembro de 1923 e o SEG ten o seu abreinte en outubro do mesmo ano. Consultar Mato, A. (2001): Op. cit., e Beramendi, J. (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais, pp. 752-755.

37. Risco, V. (1933): “Estudo etnográfico da Terra de Melide”. En: *Terra de Melide*. Compostela: Seminario de Estudos Galegos, p. 326. Cita Risco, p. 235, a Ortega y Gasset quen dicía que casa e paisaxe son “el primer temblor del alma ante el caos”. Incide Risco no “enxebriemento” do fogar, “emblema da i-alma criadora”.

38. Baumann, H. (1975): “Graebner, Fritz”. En: *Enciclopedia Internacional de las Ciencias Sociales*, vol. 5. Madrid: Aguilar, pp. 196-197; Henninger, J. (1976): “Schmidt, Wilhelm”. En: *Enciclopedia Internacional de las Ciencias Sociales*, vol. 9. Madrid: Aguilar, pp. 496-497.

39. Risco, V. (1933): Op. cit, p. 326.

40. Straube, H. (1975): “Frobenius, Leo”. En: *Enciclopedia Internacional de las Ciencias Sociales*, vol. 5. Madrid: Aguilar, pp. 43-45; Klemperer, K. Von (1977): “Spengler, Oswald”. En: *Enciclopedia Internacional de las Ciencias Sociales*, vol. 10. Madrid: Aguilar, pp. 150-152.

41. López Cuevillas, F., Fernández Hermida, V. e Lorenzo Fernández, Xoaquín (1936): *Parroquia de Velle*. Compostela: Seminario de Estudos Galegos, p. 74. Dispoñemos hoxe dunha excelente e cuidada edición facsimil desta obra, publicada o ano 2005 pola Deputación de Ourense –Centro de Cultura Popular “Xaquín Lorenzo Fernández. Xocas”– en colaboración co Museo do Pobo Galego

42. Sierra Rodríguez; X. C. (2006): “A posta en valor do patrimonio etnográfico. Apuntamentos breves e reflexión crítica”. En X. Simón e X. Prado (eds.): *Cultura tradicional e desenvolvemento rural*. Vigo: Xunta de Galicia-Universidade de Vigo, pp. 63-69.

43. Risco, Vicente (s.d.): *Provincia de Orense*. En: F. Carreras y Candi (dir.), *Geografía General del Reino de Galicia*. Barcelona: Casa Edit. Alberto Martín. Nunha Observación preliminar relata Carreras y Candi o longo percorrido do tomo de Ourense, encargado en 1913 a D. Benito Fernández Alonso, que falece en 1922 sen ter o encargo feito. Por mediación de D. Marcelo Macías, o 3 de agosto de 1922 entrevistábase Carreras con Risco na casa de Castro Caldelas para lle encomendar a redacción definitiva do tomo. Risco recibiu os pre-textos de Fernández Alonso.

abondo expresivo. Referímonos ao libro encargado, a proposta de don Marcelo Macías, pola casa editorial Alberto Martín para o tomo de Ourense da Geografía general do Reino de Galicia⁴³. Esta obra escasamente citada e pouco analizada, constitúe un texto fundamental na bibliografía de Risco. O capítulo VI, titulado El Pueblo, aparece baixo a introdución xenérica de Antropoxeografía, desglosada en varios apartados: *Raza, Carácter, Idioma, Usos y Costumbres e Folklore*. Pode que Risco deixara a cabeceira deste capítulo segundo estaba no texto previo de Fernández Alonso, pero de certo resultan da súa autoría os epígrafes menores e a redacción final. Os contidos e o enfoque do capítulo sitúanse no esquema de Nós e na liña das monografías do SEG, o que non implica un desaproveitamento das notas previas de Fernández Alonso. Risco ao substituír o capítulo co nome de *antropoxeografía* responde á visión etnográfica en construción en Nós e recolle perspectivas e textos do seu compañeiro e cómplice intelectual, Otero Pedrayo. Risco acode a Otero para

reflectir a singularidade da sociedade labrega reproducindo un parágrafo de "Encol da Aldeia"⁴⁴ para avaliar as mudanzas e as permanencias nas crenzas populares, contraponendo lenda e ciencia positiva como polos desta medición, e engade que o cambio, debido á penetración da cultura letrada e libresca na sociedade, a rural incluída, vai acompañado de resistencias. E como digresión de etnografía urbana, sintetiza na esmorga a expresión lúdi-

co-festiva e socializadora das xentes da vila e da cidade, que se achegan ao campo para comer, beber e gozar con familiares e amigos⁴⁵.

Anotación final

A complexidade e a amplitude da obra producida polos autores máis significados do grupo Nós e polos numerosos colaboradores do *Boletín Nós* demandan reiteradas y sucesivas consultas e revisións daquela obra magna. Os recursos teóricos e metodolóxicos proporcionados na actualidade pola antropoloxía abren fiestras anovadoras para realizar exames e esexeses críticas dos textos saídos da pluma dos autores do movemento Nós e do Seminario de Estudos Galegos. O centenario que celebramos marca a distancia necesaria e posibilita novas perspectivas.



44. Otero Pedrayo, R. (1922): "Encol da aldeia". *Nós*, nº 14, pp. 1-6.

45. Nas visitas sucesivas e nas revisións que coidamos obrigadas á obra dos nosos clásicos da etnografía, esta última publicación de Risco debe ser tida en conta en si mesma e comparada co conxunto da obra dos etnógrafos ligados a Nós e ao SEG.

nós.



NÚM. 1

Outono do 1920

**Tolerância,
europeísmo, Galiza como
projeto coletivo, modernidade. Valores dos que
necessitamos para seguir sendo NÓS, como povo, como projeto
nacional com cultura e identidade próprias em harmonia com as
demais culturas. Ao "ser diferente é ser existente" de Vicente
Risco acrescentamos o seu "A Galiza tem o dever de contribuir
para a civilização universal".**

nós

Ourense como marco e perspectiva



Luís Martínez-Risco Davinha

Presidente da Fundación Vicente Risco


Pediram-me os amigos Xosé Carlos Sierra e Delfin Caseiro para falar-vos da revista *NÓS e Ourense*. *A princípio até me pareceu uma temática simples de abordar, mas ao pensar sobre o que tinha de falar e na forma de o fazer, apercebi-me que a complexidade da tarefa era maior do que imaginava. Estive, pois, à beira de desistir.*

Será que tenho algo a acrescentar ao que já foi dito e escrito?, pensei.

Mas, nos tempos que correm de tanta simplificação no discurso e tanta tendência a uniformizar o pensamento, em vez de desistir decidi aproveitar esta oportunidade para dar o meu contributo e expor as minhas reflexões sobre o tema e, desta forma, responder ao amável desafio proposto pelo Delfin e pelo Xosé Carlos.

Se tivesse recebido este convite há anos, quando ainda pensava que a História tudo explicava, com certe-


za que buscaria na revista e nos trabalhos da gente de *NÓS* todas as referências à história, geografia, etnografia... de Ourense salientando o seu discurso inovador. Se tivesse forças, tentaria comprovar a vigência das suas achegas. Ou talvez tentasse fazer referência às origens Ourenãs de Pedrayo, Risco, Cuevillas e aos vínculos com Ourense de Losada. Mas, para ser sincero, acho que este tipo de discurso já não interessa. Para mim está ultrapassado. Qualquer pessoa com um mínimo de habilidade pode aceder aos conteúdos da emblemática revista e tirar as suas próprias conclusões. Mas a verdade é que há anos que decidi renunciar a ser historiador, se é que se pode ser historiador. Cada vez tenho mais dúvidas e menos certezas. Aborreço-me os dogmatismos. Talvez isso se deva aos tempos que estamos a viver, que, de certa maneira, lembram a intolerância que pôs fim ao entusiasmante e modernizador projeto com que os integrantes de *NÓS* pretendiam modernizar a Galiza sem renunciar à essência das suas tradições.



A primeira dúvida que tenho é a de como denominar a NÓS. Revista? Geração? Grupo? A segunda: Que devemos salientar deles? Reduzir a sua atividade a um simples trabalho cultural, obviando o seu labor político? Não me lembro quem escreveu, ou onde li, que “as nações inventam-nas os poetas, constroem-nas os políticos e justificam-nas os historiadores”. Em NÓS, em todos e cada um dos seus membros, encontramos um poeta, um político, um historiador ao serviço da Galiza e das suas gentes. Sem eles, sem o seu labor, a Galiza atual não seria compreensível.

Peço ao leitor a sua compreensão e também a sua vontade de discordar, pois eu até agradeço. Temos de saber viver com as diferenças de opinião. Procurem o primeiro número da revista, de outubro de 1920 e leiam essas “Primeiras Verbas” com que a revista se apresentava ao mundo. Sim, ao mundo, não à Galiza ou Ourense. Ao



mundo. Leiam com calma, devagarinho, o que dizem os seus fundadores sobre quem pode colaborar em NÓS. Reconheçam que é um canto à tolerância.



“A Galiza tem o dever de contribuir para a civilização universal”. Este pensamento de Vicente Risco, exposto na Teoria do nacionalismo galego, explica, no meu entender, o que se exige à Galiza e, por extensão, à sua cidadania. A Galiza não é um ente isolado, alheio e estranho ao mundo. A Galiza tem muito em comum com diversos povos. E muitas diferenças com outros. Mas de todos pode tirar elementos que contribuam para o seu enriquecimento enquanto Nação e como Sociedade, sem que isso implique qualquer tipo de inferioridade. Antes pelo contrário. A Galiza recebe, mas também dá. Quanto mais

plural e diverso é o mundo, mais rico é. E a Galiza contribui para essa riqueza. Esse estar em pé de igualdade com outras culturas encontra-se refletido em toda a informação que se publica em *NÓS*, refletindo as diversas tendências e diferenças culturais, fundamentalmente europeias. E, ao mesmo tempo, a revista divulga o que passa e cria na Galiza, fazendo-o chegar a diferentes bibliotecas de distintas nações. Quando Vicente Risco vai à Alemanha, em 1930, escreve que ficou contente de ver como a revista *NÓS* estava nas estantes da Biblioteca Nacional Alemã, penso que em Bonn. E o que para muitos pode ser uma boutade chauvinista, é desmentido na carta que essa Biblioteca remete, em 1938, pedindo os números atrasados. Mal sabiam que o golpe de estado de 1936 tinha posto um ponto final a este projeto modernizador e reivindicativo da criatividade da Galiza do período da pré-guerra. Hoje, que há uma vaga simplificadora e tendenciosa sobre os nacionalismos periféricos –entendendo por periféricos todos aqueles que não têm uma visão uniforme e uniformadora do estado espanhol– antieuropeus, confundindo-os malévola e intencionalmente com nacionalismos excludentes, xenófobos, totalitários e fascistas, o que encontramos em *NÓS* é todo o contrário: um canto ao europeísmo.

Para as pessoas ligadas e implicadas no programa *NÓS*, a Galiza é um projeto coletivo onde ninguém sobra e todas as vontades são necessárias. Frente à ideia propalada e mantida até à saciedade de uma sociedade galega na qual prima



o individualismo e o que alguém denomina como “minifúndio mental”, encontramos todo o contrário. Uma proposta coletiva. Aos críticos do minifúndio talvez devamos lembrar que nas épocas do minifúndio a sociedade rural galega, a maioritária, recorria às ajudas para solucionar as suas carências económicas. Não é este o lugar para refletir sobre os desfechos que um capitalismo mal-entendido e mal-adaptado à nossa ruralidade causou na Galiza a partir da década de 1960, por estabelecer uma data de referência e sem que não tenha uma maior transcendência que a de ser uma simples... referência. Uma outra achega que devemos acrescentar ao legado de NÓS: um canto à Galiza como projeto coletivo.

As pessoas de NÓS são conscientes da necessidade de modernizar a Galiza. São conscientes de que a Galiza tradicional na que nasceram e cresceram vai caminhando para a sua extinção como sociedade rural e agrária, na medida em que avançam os processos de industrialização e o mundo urbano se impõe ao rural. Processo que ficou estacionado por causa da Guerra Civil até ao fim do período autárquico e que deu lugar a um desenvolvimento de Galiza contrário ao imaginado por e desde NÓS, para quem modernizar a Galiza é uma necessidade prioritária. Mas esse processo modernizador deverá fazer-se introduzindo as inovações forasteiras sem que isso implique uma negação da realidade e da idiossincrasia da Galiza e das suas gentes, sem sofrer um processo de aculturação. No plano cultural vemo-lo refletido na introdução

das vanguardas, em que Vicente Risco tem um papel mais que salientável, ao mesmo tempo que se impulsiona a criação de uma estética cem por cento galega que compatibilize a tradição com a modernidade. Isso podemos-lo contemplar na própria estética da revista e nos seus desenhos da responsabilidade de Castelao: um canto à modernidade.




Tolerância, europeísmo, Galiza como projeto coletivo, modernidade. Valores que transcendem Ourense. Não alheios ao que é Ourense, mas não exclusivos. Como tão pouco o são os seus membros e colaboradores, por muito que quatro dos seus grandes vultos tenham origens ou estejam vinculados com Ourense: Losada, Otero, Risco e Cuevillas.


Mas isso não implica que Ourense não esteja presente em NÓS, pois sem Ourense não entenderíamos a Otero, Risco, Cuevilla... Pensemos nos precedentes culturais e políticos do Ourense anterior. Entenderíamos NÓS sem Curros, Lamas Carvajal e as suas críticas ao caciquismo no “Catecismo do Labrego” do *tio Marcos da Portela*? Entenderíamos NÓS sem a Comissão Provincial de Monumentos? Entenderíamos NÓS sem figuras da categoria de um Marcelo Macias, de um Primitivo Rodriguez SanJurjo, de um Saco y Arce ou de um Prado Lameiro?... Penso que não. Se Ourense foi denominada uma vez como a “Atenas da Galiza” foi graças a estes precedentes sem que os que não entenderíamos a obra de NÓS, cujo legado reivindicamos, quando se cumpre o seu centenário.

Tolerância, europeísmo, Galiza como projeto coletivo, modernidade. Valores dos que necessitamos para seguir sendo NÓS, como povo, como projeto nacional com cultura e identidade próprias em harmonia com as demais culturas. Ao “ser diferente é ser existente” de Vicente Risco

acrescentamos o seu "A Galiza tem o dever de contribuir para a civilização universal".



nos.



NÚM. 3
30 Decembre do 1920

O equilibrio estético de nós



Mercedes Rozas

Crítica de Arte e membro do Padroado do MPG

Aposta en escena da revista *Nós*, en outubro de 1920, non é allea a encrucillada na que se ve inmersa media Europa, o que, tanto nos textos como nas ilustracións da publicación, termina por reflectirse na enguedellada complexidade de opcións estéticas do momento. Castelao, o seu director artístico, dalgún xeito xa encarrilara a orientación da mesma, advertindo un ano antes, nunha conferencia en A Coruña, que a arte, ineludiblemente, sempre tiña que partir das propias raíces. Unha afirmación que ratificaría anos despois aducindo que “o porvir dá arte galega non está en traer de fóra un estilo novo senón en crear, nós mesmos, o noso novo estilo”².

Con todo, non era fácil asentar ideas rotundas nunha época de confluencias dispares, con indicios dun pasado recente e o empuxe de novidades que se abrían paso noutros territorios. Mantén Ángel González García que “as crises finiseculares

“Moito se fala d'arte universal; mais toda arte ten a súa patria, toda arte é o froito d'algunha terra”.

Castelao

Conferencia *Arte e galeguismo*,
A Coruña, 25 de outubro de 1919¹


extinguense por saturación”, atravesadas, di o historiador, por “demasiados síntomas e demasiadas ideas”³. Son as inconfundibles mudanzas de fin de século, que acarreen polémicas e debates de última hora entre a tradición e a modernidade, e que como por resorte, á súa vez, activan revisións de calquera hipótese, suscitando titubeos que até ese momento parecían incuestionables. En arte é unha circunstancia que se repite, como non, tamén, cada cen anos, apremada por unha heteronomía espontánea que se explica como “unha sucesión, a intervalos máis ou menos longos, de sobresaltos, de brusquidades, de mutacións e, ás veces, de oposicións máis ou menos radicais fronte ás épocas anteriores”⁴. A refrega leva inexorablemente a reconsideracións, coas resistencias oportunas e a aparición de novos modelos.

1. Castelao, conferencia Arte e galeguismo, A Coruña, 25 de outubro de 1919. En *De viva voz*, Castelao: conferencias e discursos. Edición H. Monteagudo. Fundación Castelao, 1996. p. 27.

2. Castelao, conferencia O galeguismo na arte. Vigo, 25 de xullo de 1930. Ídem, p. 64.

3. Ángel González García, *El resto, una historia invisible del arte contemporáneo*. Museo de Bellas Artes de Bilbao y Centro de Arte Reina Sofía, 2000. p. 277.

4. Marc Jiménez, *¿Qué es la estética?* Ed. Idea Books, Barcelona, 1999. p. 213.



*Feliz coincidencia.
Debuxo de Feininger de 1906 na revista Le Témoin
e Autorretrato de Castelao de 1914 (Museo de Pontevedra).*

Nós, e a terceira, na que destaca un grupo de artistas e escritores nados arredor de 1900 e que, como Maside, Seoane, Cebreiro, Fernández Mazas ou Bal y Gay, plantarán cara aos vellos.

Certamente, as crises extínguense por saturación, a cuestión estriba en que os tempos desa agonía non transcorren en todos os sitios igual. Nesa mesma etapa en Europa é ben distinta a situación que se arrastraba desde finais do XIX, e que se revolve co desasosiego que produciu a I Guerra mundial, impulsando entre os intelectuais e artistas do inqueda período de entreguerras todo tipo de controversias, vacilacións, cambios de mentalidade, e, así mesmo, variadas xustificacións para as súas moitas contradicións. Non hai dúbida de que as circunstancias son propicias para as vangardas, que viven o presente cun afán de pul-

No noso país o rexionalismo⁵ faise forte entre moitos artistas da época, que empatizan co decandentismo decimonónico, un fío que se mantén desde a Exposición Rexional Galega en 1909⁶. Nos primeiros anos da década dos vinte, a arte atópase nun cruzamento de camiños, entretecidos con trazas dun pintoresquismo costumista, rexistros comprometidos no social, pero formalmente aínda continuistas co convencional, e até mesmo certas procuras que arelaban un cambio do discurso plástico. Descartada a primeira opción, validada por artistas como Sotomayor, as vías que conflúen no espazo da revista serán a segunda, representada por os da Xeración

verizar a estética institucionalizada do pasado, representada non só por canles artísticas procedentes de rastros formais e conceptuais coñecidos, senón por estruturas socio-políticas que axudaban a mantela viva. Pero, mesmo elas, padecerán os momentos de inflexión.

As primeiras décadas son, pois, momentos convulsos para o ideario artístico, cunha incerteza xeral do pensamento, proclamado a través de movementos que tentan rexenerar o dominio cultural con escolas, grupos e correntes que, en maior ou menor medida, sacoden o ambiente coa difusión de manifestos e a

5. Véxase Fernando M. Vilanova. "Contradicción rexionalista e conciencia renovadora (1909-1936)". En *A pintura galega (1850-1950)*. Ed. Xerais, Vigo, 1998. pp. 215-318.

escenificación de episodios revulsivos co fin fundamental de contribuír á necesidade de reformas, levando a cabo “desde todas as esferas (...) un asalto ao pasado”⁷. Pero esta irrupción non foi un embate repentino, produto da comoción do inicio oficial de século, en 1900; foise forxando, aos poucos, durante tempo, e en distintos e variados frentes: impresionismo, postimpresionismo, expresionismo, cubismo, futurismo, dadaísmo, surrealismo..., iniciativas que desafiaron todo tipo de regras, desintegrando as formas, dando autonomía á cor, trocando a liña curva pola recta, apostando sen pudor polo xénero do espido ou dando protagonismo á industria e o trafego da cidade como asuntos temáticos; a nivel de procedementos chegaron a innovar coa mestura de gasolina na pintura ou a incorporación do colaxe e até se atreveron ao escándalo saltándose todas as normas morais, sociais e artísticas establecidas. Nese complot de axitación, os creadores deixaban de imitar e afanábanse por inventar desde unha lámpada de araña até un cadro integralmente negro. O caso era anatemizar calquera afiliación á tradición co obxectivo claro dun non retorno.

A información dalgunhas destas iniciativas vangardistas europeas, e tamén algunhas das que se producen en Madrid en torno a Residencia de Estudiantes, desprázase cara ao noso país racionalda en artigos de xornais e revistas que se editaban dentro e fóra de Galicia, en moitos casos “aventu-

ras tan efémeras como ilusionantes”⁸. Algunhas das primicias da época chegaban a través de publicacións como *A Nosa Terra*, *El Pueblo Gallego*, *Resol*, *Yunque*, *Prometeo*⁹, *Nueva España*, *La Zarpa*, *Revista de Occidente*¹⁰ e *Grecia*. Tamén é sabido que Castelao colleccionaba a revista alemá *Simplicissimus*¹¹ e a francesa *L'assiette au beurre*, coa que agasallou a Carlos Maside¹².



Autorretrato de Castelao da súa estada en Francia

6. Véxase Mercedes Rozas, “A intervención da arte contemporánea na Exposición de 1909”. En *Conmemoración do 1º Centenario Exposición Regional Gallega*. Santiago, 1909. Ed. Consorcio de Santiago e Museo do Pobo Galego, Compostela, 2010. pp. 207-220.

7. Fernando García Rodríguez en *Entre la tradición y la vanguardia*. En *El arte español del siglo XX*. Consejo superior de investigaciones científicas, 2001 p. 107.

8. Xosé Luís Axeitos, “A recepción das vangardas en Galicia”. *Boletín Galego de Literatura* N.º 17. 1997 pp 7-55.

9. Prometeo naceu a iniciativa de Ramón Gómez de la Serna, intelectual cosmopolita que mantivo durante anos a famosa tertulia do Café Pombo en Madrid, á que nalgunha ocasión asistiu Risco. Nas súas páxinas recolleuse o Manifiesto futurista, que tanto Castelao coma Risco terían leído.

10. Nesta publicación deuse a coñecer en 1927 “O realismo máximo de Franz Roh”, formalizado manifesto da “volta ao orde”.

11. En *Simplicissimus*, colleccionada por Castelao, colaboraban, entre outros, Olaf Gubralsson e George Grosz. A revista satírica alemá fora fundada en 1896 por Albert Langen. A principios do XX, xurde a revista francesa *Le Témoin*, financiada por a exmuller de Langen, Dagny Bjornson-Langen, e na que publica o gran caricaturista e gravador Lyonel Feininger. Non sabemos si Castelao coñecía a revista, pero o certo é que o autorretrato integrado en *Cousas da Vida* ten unha feliz coincidencia co debuxo de 1906 do autor xermano-americano vinculado a Bauhaus. Véxase *Lyonel Feininger (1871-1956)*. Fundación Juan March, 2017.

12. A volta da viaxe por Europa, Castelao traelle de agasallo a Maside unha colección completa desta revista francesa de carácter anarquista onde ilustraba Juan Gris. Véxase Luis Seoane, *Castelao artista*. Ed. Alborada, Bos Aires, 1969, e María Esther Rodríguez Losada, *Carlos Maside*. Deputación Provincial da Coruña, 1993.



Diario 1921. En Bélxica: “por enredar fixen iste dibuxo. Foi pensando no teatro ruso da Chauve Souris”

Os responsables de *Nós* sintense afectados por este fluxo de testemuños que aboiaban entre augas do acervo rexionalista e a nova modernidade, unha controversia que prolongou as súas propias vicisitudes ao debate entre nacionalismo e universalismo. É unha dialéctica que desde o primeiro momento de saída tentan sosteer até o final, certo é que, entre idas e vindas, ao longo dos anos van deixando as súas precisións con algún que outro cambio de mensaxe. De feito, a ruta prevista “dun Arte que sendo rexional pudiera conquistar universalidade”¹³, non sempre se cumpriu.

As tertulias, como as que gozaban nos cafés de Santiago, Ourense e Pontevedra, así como as bolsas no estranxeiro completan a fonte de coñecemento dos protagonistas máis activos da revista, Castelao e Vicente Risco, que manifestan, artística e literariamente, as súas conviccións nas páxinas do boletín. É o intelectual ourensán o que sinala a situación de difícil equilibrio que viven: “Nós vivimos coma quen dí, cun pé na fin de século, ou sexa no humanismo derradeiro, e outro na noite da nova Edade Meia”¹⁴. É sabido que o discurso desta xeración susténtase en alicerces ideolóxicos de referencia como *As*

Irmandades dá fala, *A Nosa Terra* e o *Seminario de Estudos Galegos*, pero non por iso é menos certo que a liña principal do proxecto editorial reafirmouse debido ao sentir autobiográfico de ambos. O pensamento político e os obxectivos artísticos uníronse desde a inauguración do primeiro número en Ourense. “O boletín vai funcionar como un órgano de expresión dos libros e proxectos estético-políticos do grupo ourensán”¹⁵, rezaba a editorial de cabeceira do nº1 de *Nós*, o mesmo no que se emprazaba a priorizar “por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza”.

Para explorar as fontes desa índole autobiográfica da revista hai necesariamente que botar man do diario e conferencias de Castelao, director artístico da mesma. Tanto nas notas escritas ao voo como nas conferencias e ensaios, obviamente máis meditados, transparéntanse os xuízos sobre as filias e as fobias da vontade estética, que se establece de conxugar diferentes direccións, ás veces até enfrentadas, que conduciron a certo eclecticismo.

A viaxe de Castelao por Francia, Bélxica e Alemaña en 1921, grazas a unha bolsa da Xunta de

13. Castelao, Conferencia Arte e galeguismo, idem. p.19.


14. Vicente Risco, “Nós os inadaptados”. En *Lería*, Ed. Galaxia, 1970. p. 70.

15. *Nós* iniciou a súa andaina o 30 de outubro de 1920 en Ourense.

Ampliación de Estudos, achega ideas soltas que vai recollendo sen un plan preconcebido¹⁶. Con todo, deixa caer comentarios subxectivos e esclarecedores da actualidade en París, Bruselas e Berlín, cidades nas que desde principios do XX instalárase unha especie de competición de tendencias que revolucionaron o mundo artístico. O contexto co que se atopa o intelectual galego é o de manifestos e ismos cun certo camiño andado, tan significativos como o do expresionismo alemán do grupo *Die Brücke*, o cubismo afirmado por Braque e Picasso e ratificado por Apollinaire, o futurismo de Marinetti, o manifesto dadaísta rubricado por Tristan Tzara, o da Bahaus firmado por Gropius... Desde 1905, a arte en Europa narrábase en exposicións e publicacións que divulgaban o afán de renovación por parte de poetas e artistas. Había tamén creadores extraviados en pleno xiro da súa carreira, nunha “volta ao orden”, despois do abatemento emocional que supuxo o impacto do catorce. Entre eles algúns dos máis recoñecidos e admirados como Dix, Chirico e Grosz.



*A mán
que tañe a
campá no
Diario de
1921 e en
Nós*



Castelao móstrase escéptico en moitos aspectos relacionados coa arte contemporánea, chegando mesmo á crítica de autores como Rodin ou Picasso; do malagueño atrevéase a afirmar “que non sabe debuxar”. Entende os movementos como extravagantes e xustifica as excentricidades do futurismo, cubismo, sincronismo e dadaísmo como “tolerías novas”. Tira incluso do humor para avalar o seu argumento: “Estou seguro que Don Juan da Coba Gómez autor do trampitán se deixase Ourense para vir a París deixaría gran lembranza do seu nome e tería discípulos¹⁷.”


As referencias máis concretas e detalladas dedícaaas á arte clásica, desde Bruegel a Metsys, Memling

ou Rembrandt, aínda que tamén mostra interese por Whistler, Manet, Monet ou Pissarro. En anos posteriores matizará e dulcifica as súas afirmacións, como ocorre entre o escrito sobre o cubismo no diario de 1921 e o artigo escrito no nº 11 de *Nós*, un ano despois. Pouco a pouco cambiará a valoración dalgunhas daquelas espontáneas intuicións, ao mesmo tempo que manterá outras como a súa admiración por a arte rusa da que decátase que ten un pulo “francamente nacionalista¹⁸”. Así e todo, o relato da viaxe de nove meses reflicte en certa medida as carencias de coñecemento do autor en canto ás vangardas, e expresa que naquela dicotomía entre a tradición e a modernidade, Castelao toma partido pola primeira.

16. Castelao, *Diario 1921*, editado, con prólogo de Filgueira Valverde, por o Museo de Pontevedra e Galaxia. Vigo, 1977. Os textos desde diario téñense tratado por moitos autores. Todos coinciden en que son apuntes espontáneos, recollidos no contexto da viaxe de xeito mecánico e sen grandes pescudas. En artigos posteriores precisará e ampliará, nalgún caso, aqueles comentarios dun diario que, en vida, nunca chegou a publicar.

17. Castelao. *Idem*, p 67.

18. Castelao, *O novo espírito na arte*. Universidade de Santiago, 1932. *Idem* p. 81.



Portada do N.º 10, comentada por Paz Andrade



Debuxo do Mestre Mateo de Camilo Díaz Baliño

A REVISTA¹⁹

Até o deradeiro número, o 144, o deseño artístico vai asociando conceptos e formas, que é posible rastrexar desde varias premisas, supostos que coinciden co camiño xeral que se argüe na parte literaria da publicación, e nos que prevalecen as reminiscencias do romanticismo ochocentista, coa melancolía de apegos como “saúde, raza, tristura, enxebrismo e terra”²⁰, ingredientes que se expoñen, en certo senso, con máis elocuencia no xénero da paisaxe ou cando se tratan temas populares.

A defensa de elementos propios, de formas asociadas á escultura, arquitectura e cerámica, son motivo de interpretación en viñetas, colofóns e letras capitais, así como nos debuxos das portadas. A imaxe dun dolmen, un cruceiro, a cruz de Santiago ou a concha dos peregrinos (os motivos composteláns serán unha constante) han ser temas recorrentes do autor ao longo dos distintos números. En ocasións, o ilustrador utiliza a alegoría, colocada de maneira insinuante e sinóptica, para intencionadamente reiterar cuestións de tipo ideolóxico. A representación da man que tañe a campá, por exemplo, é unha chamada ao “rexurdimento de Galicia, e será utilizada, con diversas variantes, até o final da revista”²¹. Para o primeiro número, Castelao

19. María Victoria Carballo-Calero Ramos, *La ilustración en la Revista Nós*. Deputación de Ourense, 1983. Sen dúbida, a obra desta catedrática de Historia da Arte foi dos primeiros estudos importantes da parte artística de *Nós*; tamén referencia imprescindible para este artigo.

20. Xosé Luís Axeitos, *Ídem*, p. 9.

21. María Victoria Carballo-Calero Ramos, *La ilustración en la Revista Nós*. *Ídem* p 28. Será este, un motivo asiduo na obra de Castelao que con variantes o reproduce en *Nós*, no *Diario de 1921*, na portada das primeiras edicións do libro de Cabanillas *Dá terra asoballada*, en 1917 e na publicación editada por mor da Asamblea do Partido Galeguista (*Documentos I-II da Asamblea, 1931-1932*).



Candelabro de cinco dedos do que manan infinidade de ramas, de estilo modernista, obra de Castelao



O xogador de porca de Xurxo Lorenzo



Debuxo lineal de Luis Seoane

envía a ilustración *A roda de san Xoán*, que entrega personalmente a Risco en Ourense²².

O debuxo será a arma propicia para dar vida á imaxinería patria, na liña descrita por Castelao e tamén por Risco, cando se rende culto ao *volkgeist*, “espírito do pobo”, que o intelectual ourensán explica como “a nota tónica dá afeutividade dá nosa raza, a forma propia de nosa saudade, e o sentimento relixioso dá

Terra”²³. Nesta simboloxía destaca a portada n.º 10, da que Valentín Paz Andrade comenta: “Castelao compuxo unha obra mestre do xénero. As letras rotulares centran a plana. No espazo que as arrodea desenvólvese unha sinfonía barroca”²⁴. É unha execución que se vai manter at o n.º 32, e na que o autor integra toda unha simboloxía identitaria coa figura do Santo Grial, obxectos vinculados ao traballo da terra e do mar, un home tocando o corno e outro a gaita e até un “ca-

22. Véxase Miguel Ánxo Seixas Seoane, *Castelao, construtor da nación*. Tomo I. Ed. Galaxia /Consortio de Santiago, 2019. p. 743-772.

23. Vicente Risco, “O sentimento da Terra na raza galega”. En *Leria*, Ed. Galaxia, 1970. p. 13.

24. Valentín Paz Andrade, *Castelao na luz e na sombra*. Edicións do Castro, 1986. p. 128.



Retrato de Castelao feito por un dos "novos",
Carlos Maside

pitel inspirado na arquitectura románica, con dous monstruos humanos afrontados aos que ameazan devorar serpes fantásticas que entrecruzan os seus corpos"²⁵.

Coa mesma orientación de recurrir aos "fritos da terra", Jaime Prada representa un adro (N.º 54) e Díaz Baliño volve a recurrir ao Pórtico da Gloria coa figura do Mestre Mateo (N.º139). Cabe destacar neste mesmo senso a obra de Xurxo Lorenzo, irmán de Xaquín, que debuxa un poboado feudal (N.º 74) e o gracioso

O xogador de porca (N.º 58). Xunto ao seu irmán firma o artigo "Casamento en Lobeira", que é ilustrado por o seu pai, tamén debuxante e ilustrador, co seudónimo de Tabarra²⁶.

A decoración de cenefas acométese, fundamentalmente nas realizadas por Castelao, con rexistros modernistas na utilización de motivos vexetais e gusto polas liñas curvas. As representacións son variadas e responden a esa idea de atar cabos coa arte que desde principios de século impuxérase en Francia, Bélxica ou mesmo en Cataluña. O Modernismo floral e publicitario, o *art nouveau* ou *Jugendstil*, harmonizaba, nunha simbiose editorial, tanto na revista coma nos suplementos da mesma, coa imaxe autóctona, representada de modo máis costumista.

O decorativismo de algunhas viñetas²⁷, cun aderezo lírico vencellado ao motivo poético, aporta ese carácter da modernidade na que a vexetación convírtese en ornamento. Pero, ao mesmo tempo, propiciado por un sentido recatado da arte, influenciado sen dúbida por conviccións relixiosas, faltaría nesta semellanza con outros movementos a representación da muller e o seu lado erótico²⁸.

En poucas excepcións ráchase esta orientación con liñas menos simpatizantes coa tradición. A incorporación dunha arte *d'avant-garde* infíltrase nas páxinas a través só dunha nova xeración de creadores, coa que os de *Nós, os vellos*, polemizan abertamente. Fronte aos que se reafirman como "neorrománticos"²⁹, estes artistas e escritores están dispostos a rexenerar o concepto da estética en Galicia, adentrándose na esencia da arte europea e española da época. Para os que Risco chama "utopistas"³⁰, a arte renóvase desde o berro *Mais alá!* de Manuel Antonio e Cebreiro, apostando por afastarse do tópico e actualizar a definición plástica desde conceptos e formas de ruptura. Segundo María Esther Rodríguez semella claro que "Os Novos herdán de *Nós* a visión global de Galicia e do galeguismo, con

25. María Victoria Carballo-Calero Ramos, *La ilustración en la Revista Nós*. Idem p.32.

26. Véxase o artigo de Carlos García Martínez, "Xurxo Lorenzo (1910-1934): A mocidade milgranada". *Adra*, N.º 10. Museo do Pobo galego, 2005. pp 15-52.

27. Véxase viñetas do números 69 realizadas por Colmeiro ou na que insiste en varias ocasións Castelao cando representa o candelabro de cinco dedos do que manan infinidade de ramas. *Explo*: n.º 21, n.º 25 e n.º 33.

28. No Diario describe Castelao unha conversación en París con Carlos Sobrino. Ambos coinciden en "que o cumio da Beleza sea unha muller encoira (...) non pode ademitirse". Idem, p. 161.


29. Vicente Risco, *Nós os inadaptados*. Idem. p 70.

30. Vicente Risco, *Nós os inadaptados*. Idem. p 52.

todo, as grandes diferenzas entre eles reduce a colaboración a un maxisterio inicial³¹.

Luis Seoane, Carlos Maside e Colmeiro son dos que participan con algúns expresivos e lineais debuxos en ilustracións a toda páxina. No caso do pintor do Deza, ademais, releva en 1929 a Castelao na elaboración de viñetas e colofóns ordenados agora en base a un modo máis lineal e sintético do debuxo. Estas colaboracións danlle ese puntinho progresista que vitaliza ó proxecto. Os novos promoven no motivo das súas creacións a preocupación social, un ingrediente que non era preeminente na xeración de Castelao empeñada “prioritariamente nunha construción nacional³². Certo é que ese temperamento non sempre se descubre nos debuxos destes “rapaces”, que adoitan colaborar con pretextos amables e pouco conflictivos. O paso adiante está, nesta publicación, máis no rango estético que no ético, un debate que deixan para os seus argumentos escritos e participacións noutras publicacións como as comprometidas e satíricas viñetas de Maside en *El Pueblo Gallego*, *El Faro de Vigo* ou a revista *Política*. Deste autor é tamén o emblemático retrato de Castelao, publicado no número 122 de *Nós*³³.

Pero no discurso da revista houbo, incluso, quen sube un chanzo máis alá da renovación, operando con presupostos vencellados ao internacionalismo dos ismos. Aí atópanse as colaboracións de Luis Huici, Manolo Méndez, Fernández Mazas e Xurxo Lorenzo. Rechazando formal e abertamente a anécdota, combatían a tradición cos instrumentos da mesma vangarda, cunha vontade de teoría e práctica revolucionaria, que desentonaba coa *Xeración Nós*. Distantes co nacionalismo, máis prolíficos en revistas como *La Zarpa*, *Alfar*, *Alborada* ou *La República*, abordaron a colaboración na revista como un xeito máis de diferenza. *O arco da vella* de Dichi, alcume como se coñece a Mazas, no número 14, *A muiñeira* de Manolo Méndez no número 13 e *O Ánxelus* de Luis Huici no número 11 son tres contundentes exemplos da posición desta xeración implicada coa vangarda e nalgún caso próxima o orfismo de Delaunay ou o grafismo pictórico de Paul Klee.



Fernández Mazas foi dos que deu un paso máis alá da renovación, integrándose coa vangarda europea.
O arco da vella.

A esperanza, os desexos, todo aquel traballo da revista *Nós*, iniciado quince anos atrás, esvécese no trinta e seis. O perverso final cercena todos os sonos das distintas xeracións de artistas que participan. Afortunadamente, agora, no 2020, a memoria revólvese contra o esquecemento, recuperando en *Raigame*, as páxinas daquel relevante proxecto.

31. María Esther Rodríguez Losada. Idem. pp 25-26.

32. López Vázquez. *Do primitivo na arte galega até Luis Seoane*. Fundación Luis Seoane. A Coruña, 2006. p. 168.

33. No n.º 122, Maside fai o retrato máis emblemático de Castelao, que repetirá tamén para a portada de *Retrincos*. Véxase Mercedes Rozas, *Maside compromiso ético e formal*, en N.º 10 de Galegos, 2010.

nós.



NUM. 6
20 Agosto do 1921

A tensión entre as achegas demócrata-progresista e conservadora-tradicionalista no ideario político, económico e xurídico da Xeración “NÓS” (1916-36)



Xoán Antón Pérez Lema

Avogado e analista político

Secretario Xeral de IGEA (Instituto Galego de Estudos Autonómicos)

En outubro de 1920, vaxa para cen anos, fundouse en Ourense a revista *Nós* con Vicente Risco de director e Castelao de director artístico. Durante dezaseis anos, até a enxurrada golpista do verán de 1936, a revista procedeu á construción –mellor diríamos á definición– dunha identidade cultural moderna e europea para Galicia, editando 144 números.

A xeración *Nós* encadra tanto ás persoas que facían parte da súa redacción, canda Risco e Castelao (López Cuevillas, Lousada Diéguez, Otero Pedrayo e un Ramón Cabanillas un pouco máis vello ca os demais) e máis os seus xerentes, Arturo Nogueira (1920-1925) e Anxel Casal (1925-36) e outros colaboradores cotiáns, como Antón e Ramón Vilar Ponte ou Xohán

Vicente Viqueira. Tamén, de xeito máis ocasional, a Lois Peña Novo.

A revista *Nós* desenvolve o proxecto da súa xeración e, xa que logo, dos seus promotores, de dotar de modernidade a identidade de Galicia como nación europea. Dalgún xeito tenta rematar a obra de Murguía achegando á interpretación da Nación (e, nomeadamente, da Nación-cultura) aquela sensibilidade modernista da revista “*La Centuria*” que dirixira previamente V. Risco no 1917.

Mais esta re-creación da personalidade nacional, esta construción da Nación como identidade cultural europea non se pode entender sen o propio ideario político e económico da xeración *Nós* e, tamén¹, dalgún xeito, da revista *Nós*: aquel que abrolla no Manifesto aprobado pola

Asemblea Nacionalista de Lugo o 18.11.1918. E este tampouco é bo de entender sen a comprensión da evolución entre 1890 e 1920 do rexionalismo (mellor haberíamos dicir do pre-nacionalismo galego) e, por riba de todo, a evolución do galeguismo desde a fundación na primavera de 1916 das primeiras Irmandades da Fala.

I. O Manifesto da I Asemblea Nacionalista de Lugo (1918)

1.1. O momento histórico

A I Asemblea Nacionalista de Lugo celebrouse en novembro de 1918, poucos días despois do armisticio que deu cabo á primeira guerra mundial e mentres os antigos Imperios Centrais (alemán e austrohúngaro)

1. Nas “*Pirmeiras Verbas*” do primeiro número de *Nós* (30.10.1920) proclámase “*Nós ven a recoller ises esforzos d’integración da Patria galega no seu rico polimorfismo*”.

vivían inestábeis procesos revolucio-
narios que levarían no primeiro caso
á República de Weimar e no segundo
á división do vello Imperio dos
Habsburg en varios estados
nacionais (Austria, Hungría...),
mentres as nacións eslavas
checa e eslovaca decidían
xuntar os seus destinos por
primeira vez en mil anos na
República checoslovaca e
Croacia e Eslovenia incorpo-
rábanse ao reino dos serbios,
croatas e eslovenos (dende
1934 reino de Iugoslavia).

Pola súa banda, Irlanda vivía
os negros tempos da asañada
represión británica que seguiu
ao *Easter Rising* ou rebelión
de Páscoa, co Sinn Fein asu-
mindo o rol de forza política
vertebradora da afirmación
nacional. E botaban a andar,
enleados nalgúns casos en
guerras da independencia ou
civís os Estados nados da desfeita do
Imperio do Tsar (Finlandia, repúblicas
bálticas, Polonia, Ucraína...).

Velaí o dereito de autodetermina-
ción, recollido na proposta de paz
do presidente USA Woodrow Wilson
e asumido como referente para tan-
tos pobos europeos de 1918 e para
a propia Liga de Nacións (SDN) que
estaba a piques de se formar.

1.2. Os precedentes do Mani- festo Nacionalista de Lugo

Á Asemblea de Lugo asistiron 57
representantes das 16 Irmandades
da Fala operantes daquela no



*Woodrow Wilson formulou o dereito de autodeterminación
e propuxo a creación da Liga das Nacións (SDN)*

país. Contaban, tamén, coa adhe-
sión de 17 persoeiros e de varias
sociedades agrarias. Falaron, entre
outros, o vello patriota Manuel Batet
Fontenla, Arturo Noguerol, Vicente
Risco, Antón Lousada Diéguez,
Ramón Cabanillas e Lois Peña Novo.
Asistiron tamén Castelao, Xaime
Quintanilla e máis os irmáns Antón
e Ramón Vilar Ponte.

A primeira destas Irmandades, a
coruñesa, fora fundada o 18.05.1916
polos irmáns Vilar Ponte, definíndoa
como instrumento para a unión de
todos os galegos, "*fosen de dereitas
ou de esquerdas*". Se nesta primeira
Irmandade da Fala da Coruña pre-

dominaba a tradición liberal-pro-
gresista de Murguía, na seguinte
Irmandade da Fala fundada (a com-
postelá) converxeron os gale-
guistas ligados ao tradiciona-
lismo de Alfredo Brañas (no
que sobranceaba Cabeza de
León) cos de raigame liberal-
progresista (Porteiro Garea
e o seu discípulo, profesor
axudante da súa cátedra de
Dereito Civil da USC, Lois
Peña Novo). Porteiro sería
o primeiro Presidente desta
Irmandade.

Entre a primavera de 1916
e o outono de 1918 fun-
dábanse gran número de
Irmandades da Fala nes-
te espírito de xuntoiro entre
dereitas e esquerdas, tradi-
ción que viña da *Asociación
Regionalista Gallega* de
1890-1893 (onde partilla-
ba o rexionalismo liberal de

Murguía co conservador-tradiciona-
lista de Alfredo Brañas) e continua-
ra coa *Solidariedade Galega* (1907)
que, canda a *Solidaritat Catalana*,
xuntou republicanos liberais con tra-
dicionalistas nunha emenda á tota-
lidade á falla de representativida-
de e ineficiencia e á falla de solu-
cións para os problemas galegos do
réxime do bipartidismo de quenda
borbónico².

1.3. Cambó e as Irmandades da Fala (1917-18)

En decembro de 1917 Cambó visita
Galicia, na precampaña das elec-
cións parlamentarias estatais de

2. Esta transversalidade acadará obxectivos importantes, como o mantemento da Capitanía Xeneral de Galicia (1893), a conciencia xeral da necesidade de redención dos foros (compárese, por exemplo, a solución definitiva dos foros -1926- coa custosa solución irlandesa) ou o espallamento da obra dos literatos e músicos galeguistas (Rosalía, Pondal, Curros, Castro "Chané, Xoan Montes, Pascual Veiga... Indubidabelmente esta transversalidade constituirá tamén unha pexa cando, sobre todo, a cuestión relixiosa ou a propia avaliación positiva ou negativa do concepto multívoco "progreso" separe aos galeguistas e mesmo frustre en gran parte proxectos transversais como a *Asociación Regionalista Gallega* (1890-1893) ou *Solidariedade Galega* (1907-1909).

1918, nas que as Irmandades da Fala colaborarán co rexionalismo catalán. Cambó, líder da *Lliga*, representaba ao capital industrial catalá que, canda a burguesía financeira vasca (atraída polo navieiro De la Sota ao PNV). Dende 1914 a *Lliga* dirixía a *Mancomunitat de Catalunya*, en realidade unha simple estrutura común ás catro Deputacións Provinciais catalás que resultou de grande utilidade canto á modernización das estruturas viarias, educativas, culturais e de comunicación daquel país mediterráneo, ao tempo que un instrumento de renacionalización catalá. Pola súa banda, o PNV gobernaba a Deputación Foral de Biskaiá dende 1917, presidida por Ramón De la Sota.

Cambó entendeu no verán de 1917 que a burguesía castelá e andaluza que servía de alicerce ao réxime borbónico (e que foi normalmente partidaria do apoio aos Imperios alemán e austrohúngaro na PGM) tiña de ser substituída e por iso convocou unha Asemblea de parlamentarios en agosto de 1917 fallida. No outono de 1917 ollará cara Euskadi e Galicia³ para



Cambó colaborou co galeguismo artellado nas Irmandades da Fala nas eleccións parlamentarias de febreiro de 1918

atopar socios na súa cruzada rexencionista, alicerzada na autonomía dos territorios e na modernización da representación política. Visitou Galicia con gran sucesos de público e adhesións en decembro de 1917 e mobilizou capital catalán para pór ao servizo do galeguismo o xornal coruñés *El Noroeste*, que situou ao coidado da Irmandade da Fala coruñesa a través de Antón Vilar Ponte⁴.

O moi relativo éxito da *Lliga* canda o fracaso das Irmandades da Fala nas eleccións de febreiro de 1918⁵ fai reaxir a Cambó e aceptar o convite do conservador Antonio Maura para un goberno de centro-esquer-

da dinástico no 1918. Unha curta andaina que remataría coa labazada que a *Lliga* recibiu o 10.12.1918 no Congreso, cando a Cámara estatal rexeitou o proxecto de Estatuto de Autonomía de Catalunya despois da moi intensa campaña desenvolvida en Catalunya e Madrid durante máis de dous meses e do apoio expreso do 99% dos concellos cataláns. Rexeitamento parlamentario precedido dunha enxurrada española alicerzada na *Declaración de Castilla* das Deputacións de Madrid, a Rioja, Cantabria e Castela, do dobre xogo do rei Afonso XIII e mesmo dunha campaña de boicot aos produtos e servizos cataláns.

1.4. Preparando a Asemblea de Lugo (febreiro-novembro 1918)

O fracaso electoral das eleccións parlamentarias de febreiro de 1918 (parcialmente causado pola falla de garantías electorais e abusos da Garda Civil, Gobernos Cívís e secretarios de concellos e tamén en parte pola falla de experiencia electoral da maquinaria galeguista) supuxo a retirada do apoio financeiro catalán

3. Nunha entrevista co xornalista galego Wenceslao Fdz. Flórez, Francesc Cambó recoñecía ter unha débeda con Galicia: "Un gallego fue el que ejerció en mi la decisiva influencia para lanzarme a la política nacionalista. Oí su discurso. Aquel mismo día me inscribí en el partido catalanista y desde entonces no he dejado de laborar en él", dicía referíndose á palestra de Alfredo Brañas en 1893, no Centro Escolar Catalanista. "En Galicia hay una gran fuerza regionalista... pero falta el elemento directivo que la encauce y le de cohesión y forme el pujante partido que puede y debe existir." A entrevista data do verán de 1916, logo da creación das primeiras Irmandades da Fala e da publicación de *El nacionalismo Gallego. Nuestra afirmación regional*, de Antón Villar Ponte e, xa que logo, bastantes meses antes da Asemblea de Parlamentarios de xullo de 1917, da folga xeral de agosto dese ano, da preparación das eleccións parlamentarias de febreiro de 1918 e da merca por capital catalanista do xornal coruñés *El Noroeste*.

4. *El Noroeste* publicaría entre 1917 e 1919 un suplemento de catro páxinas titulado "Terra a Nosa" con novidades literarias en galego. E entre setembro de 1918 e novembro de 1919 publicará un suplemento literario titulado "Nós. Páxinas galegas do diario da Cruña *El Noroeste*", con deseño gráfico de Castelao.

5. Os galeguistas fracasaron nas súas catro candidaturas; polo distrito de Celanova Porteiro Garea foi derrotado polo candidato conservador Canido Pardo. Polo distrito de Pontedeume Rodrigo Sanz perdeu e Vázquez Enríquez en Noia, mentres Lousada Diéguez foi derrotado na Estrada despois dun auténtico *pucherazo*, pois quen gañou na Estrada non quitou voto ningún en Silleda, o que semella imposíbel.

Pola súa banda a *Lliga* contaba con quitar 50 escaños en Catalunya e só quitou 21, acadando a esquerda estatalista e nacionalista relativamente bos resultados. As eleccións parlamentarias que perdeu Porteiro Garea foron verdadeiramente en febreiro de 1918. En outubro dese ano morreu polo andazo da gripe.

e a maduración do programa das Irmandades. É entón cando aquel pre-nacionalismo que aínda ás veces conectábase co concepto "rexionalismo" evolúe ao nacionalismo. Inflúe tanto a campaña soberanista do *Sinn Fein* irlandés, a campaña catalá a prol do *Estatut*, a independencia finesa (1918) e máis a loita pola independencia checa e eslovaca (constitución do Comité Nacional Checoslovaco en xuño de 1918, xéromolo do futuro Goberno desta nova República, que xurdiu deste Comité en outubro de 1918).

Tamén influíu a dura resistencia fronte ao galeguismo dos partidos e forzas vivas da Restauración que semella que por primeira vez viron en risco a súa hexemonía política, xusto no intre no que o catalanismo se consolidaba no goberno da Mancomunitat⁶ e no Congreso, canda o nacionalismo vasco que obtiña sete deputados nas eleccións de febreiro de 1918 e gobernaba o concello de Bilbao e maila Deputación biscaíña dende 1917. Os seareiros das Irmandades decátanse (o primeiro Porteiro Garea) que a política esixe unha organización potente e un ideario transversal e intelixíbel para as masas).

En outubro de 1918, con só 28 anos e vítima da pandemia da *gripe española*, morrería o que estaba a agromar como líder indiscutíbel das Irmandades, Luis Porteiro Garea, chamado a ser o protagonista dunha I Asemblea Nacionalista (suspendida unhas semanas polo andazo da *gripe española*) á que non podería concorrer.



Porteiro Garea, falecido poucos días antes da Asemblea de Lugo, é o grande inspirador da meirande parte dos seus postulados

II. O ideario do Manifesto da Asemblea Nacionalista de Lugo

2.1. A definición nacionalista. Galicia como nación preconstitucional e a apelación á Liga das Nacións (SDN)

Na Asemblea de Lugo de novembro de 1918 o pre-nacionalismo post-rexionalista aínda presente nalgunhas opinións de Antón Villar Ponte (*El Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional*, 1916) vira en nacionalismo, empurrado polos evidentes progresos deses últimos meses dos nacionalismos catalán, vasco, irlandés, finés, polaco ou checo. Deste xeito o Manifesto proclama que "*tendo Galicia todas as características esenciais da nacionalidade*" os galeguistas resolven "*...de hoxe para sempre somos nacionalistas galegos, porque a verba -rexionalismo- non recolle*

todas as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas".

Malia que o Manifesto de Lugo non propugne fórmulas arredistas ou independentistas concibe a Nación como realidade preexistente ao ordenamento constitucional do estado. Deste xeito, canda a campaña pro Estatuto de Autonomía que a Lliga e outras organizacións catalanistas estaban a desenvolver (que rematou co rexeitamento do texto polo Congreso dos Deputados o 10.12.1918), propugnaba a incorporación de Galicia á futura Liga das Nacións (SDN) propugnada polo presidente USA Woodrow Wilson e mesmo o dereito de apelarmos á devandita SDN se o Poder Central non recoñecía a liberdade cidadá de Galicia.

2.2. A reivindicación da autonomía integral para Galiza. Réxime competencial e organización do autogoberno

O Manifesto de Lugo reclama para Galicia a autonomía integral. Ao Poder Galego haberían serlle recoñecidas todas as competencias que a reforma da Constitución non reserva para o Poder Central e, cando menos, a lexislación social, o réxime tributario e recadación de todos os impostos, educación, réxime bancario coidando da función social do crédito social agrario e dos Bancos, correos e telégrafos, ferrocarrís, e no seu caso, a súa nacionalización (reservando para o Estado a lexislación ferroviaria), portos francos, policía e orde pública interna. Canto ao réxime alfandegario constituiría unha

6. A Mancomunitat fundarase como organismo común de autogoberno catalán dende o pacto de mancomunar os servizos das catro Deputacións catalás, ao abeiro dun R.D. de 18.12.1913 promulgado con carácter xeral para todas as provincias españolas. Malia constituír un mero ente local sen autonomía lexislativa nin facenda de seu, dependente totalmente da transferencia de recursos das Deputacións. Porén, dende abril de 1914 no que botou a andar até outubro de 1923, nas primeiras semanas da ditadura de Primo de Rivera nas que esmoreceu de facto, a Mancomunitat desenvolveu unha xestión eficiente nos eidos cultural, educativo, de transportes, estradas e comunicacións, revitalizando en gran medida o sentimento de País en Catalunya e dando azos e alicerces á campaña pro Estatut desenvolvida polo catalanismo político no outono de 1918.

competencia partillada entre o poder Galego e o Poder Central. A competencia do Poder Galego sería total canto á xestión e execución, pois que se lle atribuirían *“toda-las funcións administrativas”*.

O sistema de autoorganización distribuía o Poder Galego dacordo co principio de separación de poderes cun Parlamento galego elixido por sufraxio universal a medio dun sistema de representación proporcional, artellando un Executivo composto por unha Xunta gobernadora composta dun Presidente e seis secretarios á fronte dos Departamentos de Administración, Xustiza, Educación, Obras Públicas, Agricultura e Industria e Comercio.



O Manifesto de Lugo resume o ideario político, económico e xurídico da Xeración Nós

ción é nidia: *“igualdade ausoluta política e civil da muller co home”*.

Outravolta a Irmandade da fala coruñesa, na que sobrancean os elementos progresistas, impón o seu criterio. Case a metade dos 65 irmandiños que partillan a Asemblea de Lugo pertencían á Irmandade coruñesa.



Algunhas das moitas mulleres adscritas á Irmandade da Fala da Coruña

2.3. Federación ibérica con Portugal

Elemento esencial no Manifesto de Lugo é a reivindicación da unidade ibérica, a medio dunha federación con Portugal. Mesmo deféndese o accidentalismo, sen se definir a prol de que o novo Estado español descentralizado se constituíse en monarquía ou república, senón que se promovería o réxime máis axeitado para favorecer a unión con Portugal⁷.

2.4. Ideario municipal

No 1918 a concentración urbana da poboación (moito menos no actual eixo atlántico) era moi inferior á actual. Por outra banda, o provincialismo dos séculos XIX e XX (provincialismo, rexionalismo, Solidariedade Galega e a agraria Acción Galega)

tiñan advertido os graves inconvenientes do esquema municipal da Constitución de Cádiz de 1812⁸. Velaí que primeiramente defendan a autonomía local, como extensión da autonomía integral galega e fronte á inxustiza e ineficiencia do centralismo español. Mais dentro desta autonomía municipal distínguese claramente entre concello rural e concello vilego. O concello rural definiríase por unión ou federación das súas parroquias, ás que se lle recoñecerá personalidade xurídica de seu.

2.5. A igualdade da muller

O punto 1 da alínea III do Manifesto de Lugo sinala con toda clarezza *“igualdade de dereitos pr-a muller”*. Na conclusión nº 21^º da II Asemblea Nacionalista de Compostela (outubro 1919) a defini-

Irmandade que, por volta de primeiros de 1919, mantiña unha Irmandade Feminina con máis de 200 socias. Quizais sexa, a nivel do Estado, a primeira organización feminina dun partido político, moi anterior, desde logo, á *Emakume Abertzale Batza* do EAJ-PNV, fundada en abril de 1922.

2.6. A pervivencia e vitalidade do Dereito Foral galego

Reivindica o Manifesto de Lugo a existencia, previvencia e vitalidade do Dereito Foral galego (hoxendía coñecido como o Dereito Civil galego, basicamente recollido na Lei 2/2006 e outras especiais). Un dereito que recibiría o seu recoñecemento despois da promulgación do Código Civil estatal de 1889, no que o seu

7. Portugal proclamara a República en 1910, gobernando daquela con poderes cuasidictatoriais o Presidente Sidonio Pâes, que sería asasinado poucos días despois, o 14.12.1918. Alcumado o “presidente-rei”, Pâes definiu un estilo de gobernanza chamado “nova República” que dalgún xeito anticipa elementos do “Estado Novo” que implementaría Oliveira Salazar dende 1928 e, nomeadamente, dende 1933.

8. Na Constitución de Cádiz, aprobada polas Cortes o 19.03.1812, ordenouse facer concellos en todos os pobos da “Monarquía”, amosando o seu fondo descoñecemento da xeografía, demografía, poboación e poboamento do conxunto dos pobos da chamada Monarquía.

artigo 12 garantía a pervivencia do Dereito Foral alí onde existir. E no noso país existía daquela, malia que dun xeito consuetudinario por mor da falla de capacidade lexislativa que anovase as nosas institucións xurídicas dende practicamente fins da Idade Media.

En realidade, a vitalidade do Dereito Foral consuetudinario galego esperta mesmo coa aprobación dun Código Civil tan dogmático, castelán e individualista como o Código Civil común de 1889. No 1918 o nacionalismo galego asumira xa a vixencia deste Dereito reivindicando (como o faría despois Castela⁹) o Apéndice de dereito Foral galego proposto polo decano do Colexio de Avogados coruñés, José Pérez Porto, que lle daba corpo á ampla rede de achegas de avogados e notarios que confrontaban co centralismo xurídico antiforalista da Facultade de Dereito da USC.

2.7. Outras propostas xurídicas

Cómpre salientar no Manifesto de 1918 propostas xurídicas que amosaban un fondo coñecemento das necesidades económicas e sociais do noso País como:

1. A consideración, no Dereito Procesual e Administrativo e Fiscal das terras dos pequenos propietarios como bens inembargábeis.
2. O reintegramento á propiedade privada (é dicir, comunal mancomu-



O Decano do Colexio de Avogados da Coruña e autor do Apéndice de Dereito Foral de Galicia (1915), José Pérez Porto

nada) dos montes do Estado, dos pobos e de propios¹⁰.

3. A resolución urxente dos problemas dos gravames da terra (foros). A solución viría poucos anos despois, na ditadura de Primo de Rivera, co Real Decreto-Lei de 25.06.1926 que declararíaa redimíbeis todos os foros de Galicia, Asturias e León.¹¹

2.8. Soberanía estética da Nación galega

Os irmandiños da Asemblea Nacionalista de Lugo consideraban unha cuestión fulcral o mantemento e mesmo restauración dunha *galeguidade* na fasquía dos edificios e monumentos, sinal tanto dunha indesexabel contaminación de elementos exóticos que non se axustaban ao xorne e necesidades do País como tamén

polo propio peso do sector máis tradicional e esencialista que quería manter e recuperar unha suposta sociedade galega perfecta (veremos despois como Vicente Risco tentaba definir esta Arcadia galega ao falar do sedentarismo agrario difuso). Nas artes escénicas e musicais o influxo é progresista, asumindo o exemplo dun Teatro e dunha Música checa, na liña de compositores nacionalistas como Dvorak (en Noruega Grieg, en Finlandia Sibelius, en Hungría Bela Bartok e na Galicia "Casto" Chané, Pascual Veiga ou Andrés Gaos).

A proposta complétase con ferramentas institucionais como a da expropiación de monumentos e paisaxes e construcións urbanas e rurais e máis a creación dunha Escola Musical Galega.

2.9. Avaliación do ideario político, económico e xurídico do Manifesto de Lugo de 1918

O Manifesto de Lugo constitúe a base ideolóxica e programática común aos galeguistas de dereita e esquerda que concorreron naquel xuntoiro, que conectaban con cadansúa tradición neotradicionalista brañista e liberal demócrata murguiana (1890-1893), pasando polo tradicionalismo e republicanismo democrático presentes na Solidariedade Galega (1907-1908) ou a Acción Galega agrarista (1912).

Malia todo, albíscase un claro predominio da tradición liberal-progresista (redención dos campesiños, igualdade xurídica civil e política da

9. *Sempre en Galiza*, 1944.

10. Os concellos galegos impediron nalgúns casos o alleamento como bens vinculados dos montes veciñais enmán común. Mais esta caste de montes (montes comunais, de titularidade municipal) non existen en realidade no noso País. Dende a promulgación das leis estatal de 1980 e galega de 1989 a meirande parte deles foron recoñecidos de titularidade da comunidade veciñal, cumprindo o requirimento do manifesto de Lugo de 1918.

11. Decátase a lectora da diferenza de solución coa redención de gravames das terras dos campesiños irlandeses, financiada pola Coroa británica a medio das Land's Act de 1870 e 1881, promulgadas polo premier Gladstone para tentar converter as parcerías en propiedades ao abeiro de préstamos da Coroa británica a longo prazo. Estes préstamos aínda se pagaron moitos anos despois da independencia irlandesa.

muller, facilidades de crédito, reforma social, confianza na *racionalista* Liga das Nacións...), representada polo xa falecido Porteiro Garea ou Peña Novo. Era evidente que esta apertura á modernidade, esta confianza no futuro da Europa, do mundo e da propia SDN non foi común a toda a Xeración Nós e axiña habería verse.

Mais noutros aspectos, como a soberanía artística de Galicia, albíscase un elemento ben máis esencialista: Galicia como creación histórica dotada de caracteres de permanencia, dotada dunha arte de seu e dunha arte estábel. Conectando esta idea co soberanismo étnico-identitario da *Teoría do nacionalismo galego* que publicaría Vicente Risco no 1920.



Vicente Risco defende unha identidade galega esencialista, baseada no territorio e na etnia

III. O xiro esencialista na teoría do nacionalismo galego (1920) de Vicente Risco

3.1. O concepto risquiano de Nación

Vicente Risco nesta súa obra teórica sobre a nación e o nacionalismo insire claramente o seu concepto de nación no principio democrático de autodeterminación enunciado en 1918 polo presidente USA W. Wilson e seguido pola Liga de Nacións (SDN) a respecto das minorías nacionais. Neste senso coincide coa liña liberal-demócrata sobranceira na Irmandade coruñesa e na Asemblea de Lugo de 1918.

Mais onde Risco se separa desta liña ideolóxica é na definición de Nación e, en concreto, de Nación Galega. Asumindo a definición de Burgess considera que unha nación é

duriense (composta por Galicia, a área portuguesa entre os ríos Miño e Douro e máis a terra de Tras-Os-Montes como un país perfectamente definido, a terra máis vella da península Ibérica e, pola súa humidade e clima marítimo, *“a terra máis europea da Península”*). Unha Terra que resultaría exótica para os españois do Sur, do Centro e do Mediterráneo. Unha Terra, ao dicir risquiano *“xeográficamente autónoma”*.

B. Racial (*“a xente galega”*): no pobo galego existiría con carácter sobranceiro o elemento loiro centro-europeo; na poboación rural todos os rapaces *“son brancos com’a neve co cabelo loiro cuasequ’albino”*. Para Risco celtas e xermanos explicarían este elemento sobranceiro, que faría da etnia galega a menos ibérica de todas e a de máis parentesco na Europa céltica.

C. Social: Galicia para Risco é un país de labradores e de mariñeiros; vive dos froitos do chan e da pesca, constituíndo un exemplo de sedentarización rural: os galegos poboan todo o territorio nunha mesta rede de parroquias rurais de até 800 habitantes, evitando os grandes centros de poboación. Para Risco o fallo da Administración municipal española foi non recoñecer ás parroquias – como en troques fixo a Igrexa galega – e tentar crear concellos rurais sen raigame ningunha.

Esta sedentarización rural xera unha sociedade democrática, de democracia agraria, con diferenzas de riqueza relativamente pequenas en comparación con outros países. O comercio non sería unha actividade propia de galegos (agás determinados galegos indianos), senón de cataláns e casteláns.

“unha poboación dotada d’unidade étnica que habita un terreo dotado d’unidade xeográfica”. E, fronte á definición de Porteiro Garea, canda Renan e Jellinek da nación como unidade espiritual (que anuncia o soberanismo cívico en canto prioriza o elemento da vontade colectiva), Risco pensa que *“a nacionalidade supón a terra”*. Para Risco a alma galega distínguese polo seu fondo sentimento de terra. Algo que sería semellante aos *“pobos sedentarios, pobos civilizados, pobos europeos”* fronte ás nacionalidades nómadas para as que o factor terra non sería sobranceiro.

Distingue V. Risco, no seu concepto de Nación, nos seguintes caracteres esenciais:

A. Territorial (*“o chao galego”*): Risco define a rexión peninsular galego-

D. Sentimental (*"o sentimento galego"*): a persoa galega, para Risco é un sentimental, no canto do xorne paixonal do ibero. Temos, para Risco, un xorne ben distinto ao dos outros españois. O noso sentimento propio serían as saudades ou, na verba rosaliana, as soidades. Sentimento intimamente vencellado coa adoración á Terra, expresión máxima da emoción do noso radical sedentarismo.

Para Risco esta afectividade étnica maniféstase decote na nosa expresión artística, dotada xa que logo de certa etnicidade. Conecta, xa que logo, esta teorización coa soberanía estética que proclamou o Manifesto da I Asemblea Nacionalista de Lugo aprobado en novembro de 1918 ao que nos vimos de referir.

3.2. A reformulación risquiana dalgunhas propostas do Manifesto de Lugo

Canto ás propostas programáticas, Risco asume as do Manifesto de Lugo de 1918 (complementadas polas propostas máis conxunturais da II Asemblea Nacionalista de Compostela de outubro de 1919, mais percébase un xeito de relatar o devandito programa nunha linguaxe máis esencialista. Deste xeito a propiedade agraria ha pasar ás mans de quen a traballa¹², cumprindo rematar *"coa usura dos probes e co poder noxento dos caciques, os qu'ó centralismo sostén"*. Risco albisca o cooperativismo agrario alicerzándose en comunidades parroquiais (os antigos clans), para

dar ós labregos galegos *"medios de resistencia económica, de cultivo moderno e de venda segura e boa dos seus froitos"*. Para Risco ese cooperativismo sería o comunismo aceptábel.

Defende Risco a igualdade entre os homes e mulleres no ámbito civil e político (na liña do Manifesto de Lugo e do de Compostela), mais alicérzao nas características especiais da muller galega –derivadas das nosas supostas características étnicas e das esixencias da emigración *"pois as nosas se mostran... merecentes"*. E concibe a industria como transformadora das producións agrarias, pesqueiras e das nosas posibilidades de auga e enerxía. Acredita Risco, pois, nunha industrialización limitada que non desnaturalice a nosa estrutura agrosedentaria.

Afirma tamén Risco a súa adhesión ao programa local do manifesto de Lugo (supresión das Deputacións, recoñecemento das parroquias como base da administración local) como ferramenta principal para arrincar os caciquismo¹³. E defende o Dereito Consuetudinario Galego (cinco anos despois do Apéndice promovido polo decano dos avogados coruñeses, José Pérez Porto) como único Dereito democraticamente elaborado (outravolta a idea da democracia agraria), manifestando a inutilidade dun centralismo alicerzado en leis xerais para todo o territorio, xa que os demais pobos precisan reformas distintas das que precisa o pobo galego.

3.3. Nación risquiana e vontade de ser Nación

Risco acredita na existencia dunha vontade galega de ser Nación, malia que agachada polos tráfechos da vida cotiá, subvertida *"polas argalladas dos políticos"* e durmida no fondo das consciencias.

Risco acredita que o labor de lle dotar a Galicia dunha vontade de ser Nación pode cumprirse simplemente coa vontade da súa elite nacionalista, da súa minoría intelectual. Para iso esta elite habería manter un culto *"relixioso y-esaltado"* pola Terra e unha fe inquebrantábel nos *"destinos da súa raza"*.

Logo Vicente Risco non acredita nun nacionalismo alicerzado no proxecto de vida en común, no consenso cívico de constituír unha sociedade, senón na regaleguización esencialista do conxunto do pobo galego pola minoría intelectual nacionalista. Prioriza deste xeito a reconstrución cultural e a reconciliación da cidadanía coas esencias verdadeiras do País.

Velái a frialdade de Risco coa participación electoral e co alargamento da base social do nacionalismo dende a colaboración cos elementos progresistas e republicanos, que determinará a ruptura en 1922 da Irmandade Nazonalista Galega (ING) chefiada polo ourensán a respecto do conxunto das Irmandades da Fala.

12. A redención foral non chegaría até o Real Decreto-Lei de 25 de xuño de 1926, promulgado pola ditadura primoriverista.

13. Vicente Risco e Antón Lousada participaron como deputados provinciais nas Deputacións ourensá e pontevedresa como convite directo do director xeral de Administración Local do ditador Primo de Rivera, o galego José Calvo Sotelo. Quería Calvo Sotelo implementar unha administración local limpa de caciquismo. Risco e Lousada confían que o Estatuto Provincial permitira crear a Mancomunidade galega, mais o certo é que mesmo foi liquidada a catalá. Primo de Rivera acreditaba que toda estrutura "rexional" resultaba perigosa para a unidade do Estado.

IV. Epílogo. As tensións orgánicas entre as teses esencialistas conservadoras e as teses liberal-democráticas (1920-1936)

O espírito de concordia entre o ideario máis esencialista e conservador e o máis liberal e democrático racharía no 1922 coa escisión da Irmandade Nazionalista Galega (ING) das Irmandades da Fala.

A ING sería dirixida por Vicente Risco cunha estrutura fortemente xerarquizada, promovendo a non participación electoral fronte á tendencia progresista e democrata da Irmandade da Fala coruñesa, que obtería no concello coruñés en febreiro de 1920 a elección de Lois Peña Novo como primeiro concelleiro nacionalista.

A ING asume o prantexamento elitista da "Teoría do nacionalismo galego" risquiana: cómpre loitar contra o centralismo e contra o caciquismo dende a regaleguización de Galicia, nomeadamente dende a elite nacionalista. Otero Pedrayo participa tamén desta tendencia alicerzando o ser nacional galego no determinismo xeográfico, conectando con aquela idea do sedentarismo xeográfico e da conexión da esencia da Nación co campesiñado. Idea da que tamén partillaba certo nacionalismo conservador irlandés representado, entre outros, por Eamon De Valera.

A ING colaborou nos primeiros anos da Ditadura de Primo de Rivera, coa idea de arrincar o caciquismo e aproveitar as posibilidades do Estatuto Provincial (1924) redactado



Fundación do Partido Galeguista en Pontevedra (05.12.1931)

polo Director Xeral de Administración Local, José Calvo Sotelo cara á eventual constitución da Mancomunidade Galega. Deste xeito Risco e Lousada Diéguez partillaron como deputados provinciais en Ourense e Pontevedra até 1925, ano no que rematou esta fase de colaboración.

Coa chegada da II República as tendencias progresista-democrática e a conservadora-tradicionalista voltan colaborar, fundándose en decembro de 1931 o Partido Galeguista (PG). Mais algúns galeguistas da ponla liberal-progresista xa non converxerán de primeiras neste novo PG, probablemente polas feridas causadas coa defección risquiana de 1922. Deste xeito Lois Peña Novo ou Antón Villar Ponte converxen cos republicanos federais na ORGA (despois Partido republicano Galego-PRG). A ORGA, dirixida por Casares Quiroga, mantería a súa independencia até 1934, ano no que se fusionou coa Acción Republicana de Azaña para constituír *Izquierda Republicana*.

O PG obtivo deputados cando converxeu cos republicanos nas eleccións de 1931 e 1936 e non acadou representación cando concorreu só,

no 1933. Dende os feitos de outubro de 1934 foise abrindo progresivamente a tese de Castelao e de Bóveda da colaboración electoral coas esquerdas republicanas españolas para garantir a presenza no Congreso e, nomeadamente, para quitar adiante o Estatuto.

A converxencia electoral coas esquerdas españolas na Fronte Popular determinou unha nova escisión risquiana. Anterior (maio de 1935) fora a escisión dun grupo de galeguistas de Pontevedra chefiado por Xosé Filgueira Valverde. A escisión risquiana agardará a febreiro de 1936, cando o PG adhíre formalmente á Fronte Popular. O seu suceso en Ourense foi moi limitado, obtendo só o concurso de sete afiliados, mentres que Ramón Otero Pedrayo mantiña a disciplina do PG.

O grupo ourensán, o pontevedrés e un pequeno grupo compostelán no que sobranceaban Manoel Beiras e o notario Banet Fontenla converxeron nesta nova organización, que non se presentou ás eleccións de febreiro de 1936 e desenvolverá un traballo intenso a prol do Estatuto na campaña anterior ao plebiscito do 28 de xuño de 1936.

Dirixentes da Dereita Galeguista, como Vicente Risco ou Filgueira Valverde colaborarían co réxime franquista despois da enxurrada de 1936, mentres outros, como Manoel Beiras, mantiveron sempre unha actitude opositora ao réxime.

nós.



NUM. 9
31 Janeiro do 1922

As mulleres galegas nos tempos de nós



Encarna Otero

Historiadora e membro do Padroado do MPG

O grupo Nós, a revista *Nós*, a xeración Nós, marcan do 1900 ao 1936 a vida política e cultural galega, tan intensa e rica na conquista de dereitos, na mudanza económica, cultural, social e política, na construción dunha *NAZÓN, Galiza*, habitada e, por tanto, integrada por homes e mulleres. Un marco amplo, denso e complexo de novos proxectos e realidades, de esperanzas e de soños que callan na aprobación dun estatuto de autonomía no mes de xuño de 1936. Eles e mais elas serán os protagonistas deste demorado proceso.

Como está a ocorrer na Europa e noutros continentes, as mulleres son protagonistas activas de accións e de pronunciamentos para a conquista de dereitos; aínda que é ben certo que grande parte das forzas políticas e culturais están integradas, case que en exclusiva, por elementos masculinos, e a revista *Nós* (1920-1936) non constitúe unha excepción, as prácticas sociais e os costumes desenvólvense baixo o dominio dos homes. Soamente Francisca Herrera Garrido (1869-1950) escribiu achegas en tres núme-

ros: “A muller galega” en 1921¹, un ensaio costumista e conservador moi acorde cos contidos da revista, un conto, “A neta da naipeira”, publicado en 1923² e un texto poético, “A Nosa Nai Galiza”, que viu a luz en 1931³. Esta autora mesmo chegou a formar parte do consello de redacción do *Boletín Nós* a partires do nº 13, difundido en novembro de 1922. Nos suplementos 30-31, do ano 1931, sairá publicada unha conferencia de M^a Pura Lorenzana sobre o nacionalismo galego que impartira dous anos antes na asociación Xuventude Católica Feminina de Santiago⁴. Esta autora colaboraba como socia activa co Seminario de Estudos Galegos e pertencía á Irmandade da fala de Compostela e ao partido galeguista.

Mais as mulleres galegas nestes anos foron protagonistas, escribían, participaban na vida cultural, social e política, estudaban, traballaban e loitaban por mudar as súas vidas e con elas as de toda a sociedade galega. Os congresos, publicacións, traballos, exposicións etc., organizados e difundidos no centenario das Irmandades da Fala, dan conta dos nomes

1. *Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega*, nº 6, agosto de 1921, pp. 8-15

2. *Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega*, nº 20, agosto de 1925, pp. 6-10

3. *Nós. Boletín Mensual da Cultura Galega*, nº 91, xullo de 1931, pp. 128

4. *Nós. Boletín mensual da cultura galega*, Suplementos nº 31, Xuño. Biblioteca do CCG. 1931

e dos rostros de tantas e tantas mulleres protagonistas. Os libros de Noa Rios Bergantinhos e de Aurora Marco, citados na bibliografía e monografías de referencia, entre outras diversas publicacións, testemuñan e examinan o bon facer de tantas galegas e poñen nome e rostro á súa obra. O Álbum de mulleres que, desde o ano 2005, elabora a Comisión de Igualdade -entidade de referencia hoxe para o estudo dos feminismos- do Consello da Cultura Galega, é unha ferramenta indispensable para coñecer a esas mulleres sempre esquecidas e silenciadas.

Por iso non citalas ou non incorporalas como parte imprescindible da Historia de Galiza constitúe un acto de ignorancia ou de falsidade.

Compre tamén subliñar que xa nos tempos de Nós houbo voces masculinas que partillaban a loita feminista, actitude e labor que vemos reflectida nos artigos de *A Nosa Terra* de José Sarmiento Tabares (1919)⁵ e de Jose Via Golpe (1920)⁶, membro este último da Irmandade de Betanzos, representativos dun pensamento e compromiso solidarios coa causa da muller. Igualmente Antón Villar Ponte⁷,



*Elvira Bao (1890-1971).
Mestra, republicana e galeguista*



*Francisca Herrera Garrido (1869-1950).
Poeta e narradora*



*Pura Lorenzana (1907-1997).
Profesora e Historiadora*

casado con Micaela Chao Maciñeira - militante da sección feminina da Irmandade de A Coruña- facía loanza en 1918 da vontade do goberno británico de concederlle o dereito de sufraxio á muller. Iso si, como afirmaba o *Tío Marcos da Portela* «esa corrente foi moi minoritaria e desde logo inexistente nos homes de Nós».

Soamente vou a facer un percorrido curto, a modo de mostra, desas mulleres galegas pioneiras, modernas e libres, devanceiras e mestras que estiveron á fronte de loitas e mobilizacións populares contra os tributos, os arbitrios e os consumos inxustos e abusivos no agrarismo e na defensa da propiedade da terra.

Nas loitas fabriles polas melloras económicas e laborais. Nas loitas políticas na defensa do voto, da cidadanía feminina e dos dereitos de Galiza como pobo, foron loitadoras e feministas aquelas que no Ferrol, en Noia, en Sofán, en Sobredo, na Coruña, e noutros tantos lugares, deron o seu exemplo e ata a súa vida reprimidas ou asasinadas. Chamábanse Generosa, Rosa, Francisca, Candida, e unha longa lista de nomes e imaxes. As liberdades e os dereitos de Galiza tamén teñen nomes de mulleres.

No ano 1918 nace na Coruña a primeira sección feminina das Irmandades e 12 mulleres forman a súa directiva: Josefa Vazquez, Elvira Bao, Teresa Chao, María Balboa, Ermitas López, Micaela Chao, Rosa Martínez, Avelina Fernández, Teresa Fernández,

5. *A Nosa Terra*, nº 85-86, 1919

6. *A Nosa Terra*, nº 111, 1920

7. Sección "Con letra del siete". *La Voz de Galicia*, 10 de xaneiro, 1918

María Miramontes, Genoveva Casal e Avelina Sardina; logo seguiron outras en Ferrol, Betanzos e noutras localidades. Estas Irmandiñas loitarán para que as diferentes asembleas das Irmandades recoñezan os dereitos das mulleres, como así o farán en Lugo e en Compostela. Participaron nos coros, montaron grupos de teatro e organizaron veladas musicais e poéticas. Puxeron en marcha as primeiras escolas de Ensino en Galego e mudaron a vida e os costumes, foron deportistas, mestras, médicas, investigadoras, pianistas, artistas plásticas, modistas, labregas, peixeiros etc., e modernizaron hábitos e prácticas en moitos lugares de Galiza. Por iso na ditadura de Primo de Rivera a policía chamounas «AS MALVADAS». Formaron agrupación republicana da Coruña, militaron a partires do 1931 no partido galeguista e noutros partidos da II República, colaboraron con diferentes artigos no xornal *A Nosa Terra*, tiveron mesmo unha sección propia neste xornal –«o recanto da muller»– e apoiaron e participaron en mitins na defensa do Estatuto de Autonomía de Galicia en 1936. Mesmo algunhas, como María Gómez, foron Alcaldesas (A Gudiña 1936) e por iso foron asasina- das, torturadas, represaliadas, encarceradas, peladas pola represión franquista e da santa cruzada, a partires do 18 de xullo de 1936. Non só por seren esposas, fillas, nais ou irmás de republicanos, causas polas que sufriron unha represión engadida.

Quixera rematar esta breve achega dándolle nomes a algunhas destas protagonistas na historia galega dos tempos de Nós. Non serán todas, cousa imposible pois moitas precisan aínda de estudos detallados e da luz obrigada a respecto das súas biografías. Será soamente un ronsel daquelas pioneiras, mulleres fortes, sabias e ledas, que soñaron e construíron vidas novas cheas de esperanza e traballo, mestras imprescindíbeis nos feminismos de hoxe. Acollemos, xa que logo, na nómina deste ronsel a:

Filomena Dato Muruais, Herminia Fariña Cobián, Carmen Prieto Rouco, Elvira Fernández López, Sofía Casanova, Emilia Pardo Bazán, Mercedes Pinto, María Santos Freire, María Barbeito Cerviño, Luísa Cuesta Gutiérrez, Clemencia Otero Fernandez, Emilia Calé Torres, Amparo Taboada, Celia Bouza, Maragarita Astray Reguera, Mercedes Bieito Bouzas, M^a del Carmen Corredoyra, Lolita Díaz Baliño, Dolores del Río Sánchez, Emilia Docet Ríos, María Antonia



*María Miramontes (1895-1964).
Modista e activista social, política e cultural*



*María Antonina Sanjurjo (1910-1939).
Deportista (Hóckey sobre herba)*



Pilar Castillo (1895-1952). Pianista


Sanjurjo, Olimpia Valencia, Hipólita Muñoz, Elvira Fernández López, Dolores Parga Serrano, Blanca Calvo, Herminia Fariña, Avelina Valladares, Amparo López Jean, Joaquina Trillo, Corona González, Sara Insua, Daría González García, M^a Luz Morales (directora da *Vanguardia* de Barcelona en 1936, durante os primeiros meses da guerra civil).



Olimpia Valencia (1898-1987). Médica



María Luz Morales (1898-1980). Xornalista



María Corredoyra (1893-1970). Pintora

Filomena Dato Muruais, Herminia Fariña Cobián, Carmen Prieto Rouco, Elvira Fernández López, Sofía Casanova, Emilia Pardo Bazán, Mercedes Pinto, María Santos Freire, María Barbeito Cerviño, Luísa Cuesta Gutiérrez, Clemencia Otero Fernandez, Emilia Calé Torres, Amparo Taboada, Celia Bouza, Maragarita Astray Reguera, Mercedes Bieito Bouzas, M^a del Carmen Corredoira, Lolita Díaz Baliño, Dolores del Río Sánchez, Emilia Docet Ríos, María Antonia Sanjurjo, Olimpia Valencia, Hipólita Muñoz, Elvira Fernandez López, Dolores Parga Serrano, Blanca Calvo, Herminia Fariña, Avelina Valladares, Amparo López Jean, Joaquina Trillo, Corona González, Sara Insua, Daría González García, M^a Luz Morales

Bibliografía


- RIOS BERGANTINHOS, Noa (2001): *A mulher no nacionalismo galego (1900-1936) Ideologia e realidade*. Santiago de Compostela: Ed. Laiovento
- MARCO, Aurora (2020): *Irmandiñas*. Santiago de Compostela: Ed. Laiovento.
- Día da muller no Museo do pobo galego 2017*. (2017): Ed. Museo do Pobo Galego/Deputación da Coruña
- Álbum de mulleres*. consellodaculturagalega@gal
- VV. AA. (2016): *As Irmandades da Fala 1916-1931*. En: Uxío-Breogán Diéguez Cequiel (coord.). Santiago de Compostela: Ed. Laiovento.
- VV.AA. (2017): *Repensar Galicia-As Irmandades da Fala*. Museo do Pobo Galego/Xunta de Galicia.

NÚM. 17

1-8-23

nós.

CASTELAO



A narrativa oral na revista

nós



Camiño Noia

Universidade de Vigo

Nos estudos de folclore e de etnografía, o termo 'oral' é equivalente ó de 'popular', e ambos opóñense a 'escrito' ou de autor. E a narrativa oral engloba varios xéneros, desde as historias lendarias ás crenzas, pasando polos contos-tipo e os romances. Neste artigo vou falar só de contos en relación coas lendas e as crenzas.

○ CONCEPTO DE 'CONTO' FRONTE A OUTROS XÉNEROS NARRATIVOS

O conto non é un concepto científico e a definición que lle dan os folcloristas non está determinada con límites precisos, que, por outra parte, non son os mesmos hoxe que hai sesenta anos. Na actualidade, chámasele conto a calquera tipo de relato considerado de ficción, incluídas as lendas e as crenzas; mais a idea de ficción que temos hoxe non é a que tiñan nas nosas aldeas hai un século. Daquela, as comunidades rurais crían na aparición das ánimas, na premonición da morte, na actividade do demo e nos milagres dos santos. E, malia a fantasía que tivesen as historias, dábasele veracidade. Podían terlle sucedido a alguén da familia, da veciñanza ou mesmo ser unha anécdota persoal de quen a refería. Eran, en cambio, conside-

rados irreais (de ficción) os contos maravillosos, de enxeño e, mesmo, os realistas, situadas nun tempo e nun espazo indefinidos.

Os primeiros folcloristas europeos tiveron en conta a percepción que as comunidades campesiñas tiñan sobre as historias que contaban e, tratando de organizalas en grupos diferenciados, déronlle o nome de 'lendas' ás historias fantásticas, especialmente sobre milagres, que o pobo consideraba verdadeiras o mesmo que as 'crenzas': historias do demo, sobre mortos aparecidos (ánimas), mitos dos mouros e maleficios das bruxas. E limitaron o xénero 'conto' ás historias que a xente refería como irreais. Os mitos defínense como historias dun pasado remoto que se interpretan coma representacións colectivas de feitos e personaxes de carácter heroico, misterioso ou relixioso.

Nas tradicións orais de todos os países, os contos de humor (chistes e anécdotas) pódense contar atribuíndollas á xente da contorna e en lugares coñecidos da comunidade. Sen dúbida, coa intención de interesar na historia ós receptores, e mesmo se chegan a contar como un suceso da propia experiencia, empregando expresións do tipo: «Ti ben coñeces aquel outeiro, pois foi alí onde apareceu...», «Contábame a

miña sogra esta cousa verídica», «Din os vellos que hai algún tempo...», «Nun lombeiro cerca do meu pueblo...», «Na parroquia de Xuvencos había un cura»... Son fórmulas introdutorias nas que se pretende situar a historia, sucedida nun tempo indeterminado pero nun lugar coñecido pola comunidade.



Alfredo Brañas

Seguindo o criterio dos folcloristas alemáns, Stith Thompson ([1946] 1972: 31) define o conto de maxia co termo «Märchen»: «unha narración longa que contén unha sucesión de motivos ou episodios. Transpórtanos a un mundo irreal sen localización nin caracteres definidos, e no ámbito do marabilloso». Unha definición moi limitada, que só serve para aplicar ós contos que se sitúan «no ámbito do marabilloso» e deixa fóra os de animais, os realistas (novelescos) e os chistes, tamén realistas. Na súa definición de conto, Julio Camarena (1946-2004) salienta a intención de quen conta de evitar a veracidade do relato introducindo fórmulas como: «Érase una vez...», «había en tempos antigos...», que son características dos contos marabillosos –de princesas, adiviñas ou seres monstruosos–, pero non dos contos doutras seccións:

En el cuento /.../ las acciones relatadas no pretenden en modo alguno ser tenidas por verídicas. Es más, los cuentos suelen ser iniciados y concluidos con unas fórmulas de entrada y salida que marcan claramente lo que constituye un paréntesis en la realidad vivida por el auditorio. Es como si lo

que va a contar se situara en unas coordenadas geográficas-temporales distintas a las conocidas.

(Camarena 1997:48).

Na actualidade, hai certo consenso entre os folcloristas en definir o conto oral como un texto narrativo que conta unha historia (un suceso) presentada como irreal e que vive na tradición oral de varios países, en versións semellantes ou diferentes cos mesmos ‘motivos’¹. Mais, desaparecida practicamente a narrativa tradicional da transmisión directa e a falta de veracidade nos milagres e na aparición dos mortos, a idea de ‘conto’ como unha historia de ficción amplíase notablemente. E hoxe tanto as antigas crenzas coma as lendas percíbense como relatos de ficción e, malia non estaren clasificados no catálogo internacional², algúns catálogos rexionais insírenos como subtipos na sección de contos que lle corresponda.

● CONTO GALEGO A TRAVÉS DA HISTORIA

Na teorización do rexionalismo galego de Alfredo Brañas e Manuel Murguía no século XIX, como na doutros teóricos europeos do nacionalismo, a identidade do pobo baséase nas ideas do poeta e filósofo alemán Johann Gottfried von Herder (1744-1803), creador do *Volksgeist* (espírito do pobo). Un concepto que se manifesta nas creacións literarias das comunidades campesiñas analfabetas, e que está alicerzado en dous elementos intimamente relacionados: a lingua, considerada o máis significativo dos fenómenos culturais, e a herdanza cultural recibida por tradición oral. Neses dous elementos os pobos asentan a súa individualidade, a súa identidade e a súa forma peculiar de expresión e comunicación nas sucesivas etapas da súa historia, nas que se mesturan elementos inmutables de antigas tradicións con elementos variables individuais. Eu diría, que tamén coas historias chegadas doutras tradicións.

Na concepción dos nosos teóricos galeguistas, a identidade de Galicia xustifícase, sen dúbida, na lingua de seu, mais tamén na raza e na rica cultura ancestral na que o pobo manifesta o seu xenio creador fronte ós

1. Os motivos narrativos no folclore narrativo son as unidades mínimas da narración: saída dos fillos da casa, as maldicións, curación con plantas exóticas, etc.

2. *The Types of International Folktales*, elaborado por Stith Thompson, que tivo varias reedicións nos anos 1926, 1962 feitas por el. En 2004 publicouse unha nova edición en tres volumes, revisada e aumentada, feita polo folclorista alemán Hans-Jörg Uther.

outros pobos. Así, ó pasado común celta engáde-se o importante elemento romano e, a estes, as creacións chegadas de todas partes do mundo, polo Camiño de Compostela e por outras vías.


Partícipe das ideas rexionalistas e entusiasta das creacións literarias da oralidade, Rosalía Castro glosa cantigas do pobo como estaban a facer polos mesmos anos Fernán Caballero e Emilia Pardo Bazán. E, como demostra coa publicación do «Conto gallego» (1864)³, debía ter intención de reelaborar contos da oralidade. De xeito que, podemos dicir que os contos e as cantigas populares foron os primeiros alicerces da identidade galega.

Un dos primeiros traballos de recolla de manifestacións literarias da oralidade fíxoo o crego galeguista Juan Antonio Saco y Arce (1835-1881), que tiña preparado para publicar un libro de *Literatura Popular de Galicia*, que á súa morte queda no prelo e non será editado ata 1987, máis de cen anos despois, polo seu parente Juan Luís Saco Cid⁴.

Saco y Arce morre o mesmo ano en que Antonio Machado y Álvarez funda en Sevilla «El Folklore Andaluz» seguindo o modelo da *Folklore Society*, creada en Londres en 1878, para recoller da fala as manifestacións do folclore. Por iniciativa de Machado, en 1884 un grupo de eruditos galeguistas crea na Coruña a «Asociación del folklore Gallego», que chega a presidir Emilia Pardo Bazán sen interese ningún pola recuperación do galego. As actividades da asociación no referente á narrativa oral foron escasas, limitáronse á recolla dun pequeno número de contos que lle enviaron a Machado; textos que el publicaba na «Biblioteca de las tradiciones populares españolas», e que foron aparecendo en publicacións galegas dos seus recolectores. Ademais diso, a asociación publica unha importante colección de cantigas populares recollidas por José Pérez Ballesteros e elabora un cuestionario sobre folclore galego que non tivo repercusión. Parece que o ano 1891 se constitúe en Santiago unha «Asociación rexionalista gallega» coa mesma intención de recoller e estudar materiais da tradición popular, mais nada se sabe das súas actividades.





Rosalía de Castro



3. Ríos Panisse (1995) e Noia (2005).

4. *Literatura Popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos, editados pola Deputación de Ourense.* O problema para lingüistas e folcloristas é a manipulación que se fixo dos contos orais, traducidos ó castelán e redactados literariamente pola man clerical con comentarios didácticos. Dos textos do pobo só quedan os motivos.



Valentín Lamas Carvajal, creador e director da revista *O Tío Marcos da Portela* (1876-1889), e os rexionalistas Amador e Anselmo Montenegro Saavedra e Manuel Pardo Becerra, que fundan *A Monteiro* (1889-1890), valoraban o pobo como unha entidade unificada pola lingua, a cultura e a raza, e recollen as súas creacións nas páxinas das súas revistas. O mesmo fan na Habana Xosé Ramil e Antonio de P. Cea nas de *Follas Novas* (1897-1908) e, xa nos inicios do século XX, Armando Peña en *O Tío Pepe*, que inicia a súa andadura sinalando que vén loitar contra o caciquismo («Guerra ós caciques!») e defender a raza galega («Viva a Raza!»). Ningunha desas publicacións tivo como prioridade recoller contos da oralidade, déronlle preferencia á denuncia do caciquismo opresor do campesiñado e ó asentamento da identidade galeguista. Os contos que hai limítanse a unhas poucas mostras, na súa maioría, chistes e relatos didácticos ou relixiosos; non hai contos de maxia (*Märchen*). E aqueles non dan para facer unha colectánea ampla e variada como as que fixeron por esas datas Teófilo Braga e Adolfo Coelho en Portugal, por citar só colectores do país veciño. O que é de lamentar, pois daquela o número de contos que circulaba en Galicia de boca en boca, das xeracións dos maiores ás novas, era inmenso.

As Irmandades da Fala (IF), malia basear as súas ideas na reivindicación da cultura rural por ser un dos alicerces da nación, tampouco tiveron entre os seus obxectivos recoller contos da oralidade. Tal como expoñen na «Seición de Cultura e fala» do seu programa, están máis preocupados por dotar de lexitimidade o galego falado e traballar pola implantación da lingua en ámbitos de uso urbano. E para iso vían esencial a creación dunha escola dramática galega e dunha editorial⁵ de textos divulgativos para difundir o 'bo galego'. Centrando os esforzos na normalización da lingua, varios escritores das Irmandades escriben contos costumistas reelaborando motivos e temas de contos orais. Pois levados pola vontade de depuración da fala querín 'literaturizar' ('culturizar') as creacións populares interferidas polo castelán e sen fixación normativa na escrita. Nin *O Tío Marcos da Portela* (1917-1919)⁶, convertido en órga-

5. A «Seición de Cultura e fala» está no punto 6º do programa das IF, e aparece reproducido na primeira páxina de *O Tío Marcos d' A Portela*, o 7 de agosto de 1918.

6. *O Tío Marcos d' A Portela* fundárase en Ourense Valentín Lamas Carvajal o ano 1876 e dura catro anos, ata 1880. En 1883 volve a publicarse ata 1889, dirixida tamén por Lamas Carvajal. Entre 1917 e 1919, dirixida por Higinio Ameijeiras e Xavier Prado Rodríguez (Lameiro) é o voceiro das IF. Entre os colaboradores habituais figuran: Leandro Carré, Manuel Lugrís, Avelino Rodríguez Elías, Antón Losada Diéguez, Eladio Rodríguez González, López Abente e Victoriano Taibo

no de difusión do programa das IF de Ourense, que parece dirixirse a un público rural, nin *A Nosa Terra* (1916-1936), dirixida por Antón Villar Ponte, insiren nas súas páxinas contos folclóricos, é dicir, contos tradicionais recollidos da fala. Na sección «Contos da terra» o *TMP* publica trinta contos, chistes e anécdotas sobre comportamentos tipificados do campesiñado galego con trazos de comicidade utilizando motivos folclóricos. A maioría -vinte e un- están asinados por Asieumedre (Manuel Lugo) e oito por Leandro Carré, que, á parte destes, publican máis fóra da sección. *ANT* ten unha liña semellante á do *TMP* respecto ós textos literarios, e publica tamén os contos de Lugo e Carré, ademais dos doutros narradores costumistas como Ricardo Carballal. A diferenza entre *TMP* e *ANT* está na vontade de modernización da literatura desta última, coa publicación de composicións de autores vangardistas e de pensamento urbano, que pretendían facer unha narrativa afastada dos modelos ruralistas. Representan estas ideas Evaristo Correa Calderón como poeta e Gonzalo López Abente como narrador que quixeron poñer a literatura galega á par das europeas.

Centrados na recuperación do galego como lingua de cultura, as IF non entenderon o valor dos etnotextos⁷ transmitidos polo campesiñado. E tampouco nesa etapa de rexurdimento nacionalista se fixo en Galicia ningunha antoloxía de contos tradicionais⁸. O que supuxo un fondo atraso no ámbito da folclorística galega respecto a outros países europeos e da península.

VICENTE RISCO E A ETNOGRAFÍA

O interese de Vicente Risco pola etnografía e o folclore vénlle da súa etapa de estudante na Escola Normal de Maxisterio de Madrid (1913-1916), onde asiste ás aulas do antropólogo Luís de Hoyos Sáinz (1868-1951). Este profesor, licenciado en antropoloxía e bioloxía, amplía estudos nas universidades de París e Berlín, onde estuda a metodoloxía comparativista no folclore que lle aprenderá ó seu alumnado no seminario de «Folclore y artes populares» na Escola Normal de



Evaristo Correa Calderón

Madrid, ó que asiste Risco. Hoyos escribe unha serie de obras nas que expón as súas ideas sobre antropoloxía e inclúe a cultura tradicional no estudo de disciplinas como a fisioloxía e a socioloxía. O maxisterio de Hoyos marcou os primeiros traballos de Risco sobre aspectos do mundo rural galego, que anos despois publicará na *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* e en *Cuadernos de Estudios Gallegos* do Consejo Superior de Investigación científica.

En 1917, como catedrático na Escola Normal, Risco parece esquecerse da etnografía para dedicarse á reflexión estética e á literatura como parte da arte nas páxinas da revista *La centuria* (1917-1918) que crea con Arturo Noguero. Será un ano despois, coa conversión ó galeguismo, cando volve interesarse pola etnografía e o folclore. Acepta as teorías de Murguía sobre a orixe celta do pobo galego a partir dos datos achegados polas tradicións inmateriais da nosa cultura, nas que o historiador coruñés basea a construción histórica do pobo galego. Ideas, como se dixo, elaboradas a partir da teoría herdiana, e que Risco desenvolverá en textos teóricos como: «O sentimento da Terra na raza galega» (1920) e, sobre todo, na *Teoría*

7. O termo «etnotexto» equivale a texto da tradición oral engloba calquera tipo de texto: cantiga, conto, crenza, lenda...; termos que utilizarei cando me refira a un deles en concreto.

8. A antoloxía *Contos populares da Galiza* (Porto 1968) de Lois Carré Alvarellos (1898-1965), que, se non consta como membro das IF, estivo relacionado con elas, podémola situar no primeiro terzo do século XX. E como nos casos citados, tratou de mellorar os textos orais con outra redacción.

do nacionalismo galego (1920) onde fai referencia á creación cultural do xenio de raza celta («ariana»), que lle dá a súa personalidade ó pobo galego e o diferencian doutros pobos da península.

A REVISTA NÓS

Risco, Otero Pedrayo e os demais fundadores da revista *Nós* queren ampliar os ámbitos de traballo das IF nun programa de achegamento á cultura europea que, en parte, continúa o da última etapa de *ANT* no que se refire á literatura de autoría persoal e de reivindicación das vangardas. Mais *Nós* comprométese tamén coa «realidade viva da Galicia popular, portadora dunha tradición cultural que viviu na oralidade ao longo de séculos de marxinación e abafamento», como se di na Presentación da reedición de *Nós* en 1979. E iso, certamente, faise por iniciativa de Risco, que se manifesta contra o 'falso' progreso industrial e urbano das grandes cidades que, na súa opinión, son deshumanizadoras; vendo, en cambio, nas tradicións rurais a base para chegar a un «socialismo verde» aplicando as ideas de Brañas. Risco e Otero, en especial, mais tamén os galeguistas que os acompañan na empresa de *Nós*, defenden a construción dunha Galicia que recobre a súa capacidade creativa como cultura diferenciada, coa que «contribuiría á civilización universal». E ó tempo que emprenden unha decidida tarefa para revitalizar a literatura, a arte e as tradicións, nas páxinas da revista comprométese a dar visibilidade ás diferentes manifestacións etnográficas de Galicia, como se di nas «Primeiras verbas» que inician a andaina de *Nós*:

Temos unha fe cega, asoluta, inquebrantabel na vitalidade e no xenio da nosa Raza, e mais na eficacia do noso esforzo para levala ó cumprimento do seu fado glorioso.

/.../

Nós ha ser a representación no mundo da personalidade galega na súa ansia de s'afirmare coma valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fóra da Terra.

Nós ha ser a afirmación pra sempre do verdadeiro ser de Galicia, do Enxebrismo, no que ela ten, debe e quere persistire. O Enxebrismo é a nosa orixi-

nalidade específica, a nosa capacidá de creación, o noso autóctono dinamismo mental.

É dicir, comprometidos co «xenio da raza», os dirixentes da revista danlles presenza nas súas páxinas ás creacións tradicionais que representan o «verdadeiro ser» (o *Volksgeist*) da raza galega, e evitan os relatos costumistas. Así, desde o número 1, *Nós* dedica unha sección especial á publicación de etnotextos e traballos sobre etnografía, o «Archivo⁹ filolóxico e etnográfico de Galicia», dirixida por Vicente Risco, que explica en que vai consistir.

Nas páxinas de Nós darase tino e acollida preferente ás investigacións etnográficas, filolóxicas e folk-lóricas e a toda clas de estudos que se propoñan o millor coñecemento do pobo galego.

Nesta sección iremos publicando tódolos datos recollidos e cantos se podan recoller, conforme vaian chegando ás nosas maus.

Na listaxe dos XIX 'capítulos' (temas) que poden aparecer na sección a «Literatura popular» figura no capítulo IV. E non se especifican como temas os contos nin as cantigas, aparecen inseridos no capítulo da literatura popular e terán unha presenza importante na revista. Dos cento corenta e catro números que saen de *Nós*, entre o 30 de outubro de 1920 e o mes de Nadal de 1935, o «Arquivo» está en setenta e nove, pouco máis da metade. Aparece con continuidade só nos sete primeiros; a partir do 8 a aparición é esporádica, está en números seguidos e deixa de estar nos seguintes. Por outra parte, as seccións son desiguais en temas e tamaño; algunhas teñen só media folla con listaxes de adiviñas, refráns, léxico ou topónimos, mentres outras ocupan ata tres ou catro follas con contos, cantigas e artigos. A razón débese, posiblemente, á dependencia que tiña a dirección da revista de dispoñer de textos para compoñer a sección. Os etnotextos publicados no «Arquivo» son na súa maioría cantigas populares, refráns, locucións diversas e adiviñas. Só en trinta e dous números de *Nós* atopei narrativas (contos, crenzas e lendas). Con todo, ademais desta sección, aparecen contos en artigos de etnografía, folclore, arqueoloxía ou prehistoria, frecuentes nas páxinas da revista, como en:

9. A partir do nº 38 do 15 de febreiro de 1927 substitúese o castelanismo «Archivo» por «Arquivo». E desde o nº. 11 do 26 de xuño 1922, Galicia pasa a Galiza



«Prehistoria e folclore do Barbanza» de Bouza Brey e Cuevillas, que se reparte en varios números de *Nós*, de 1927 a 1928¹⁰, ou nos de Antonio Fraguas sobre o «O culto ós mortos»¹¹ e «Do folk-lore de Armeses-Listanco»¹², cos que inicia o seu labor de etnógrafo.

A partir de 1928 iníciase no «Arquivo» a publicación de breves monografías etnográficas dunha parroquia galega, encabezadas polo epígrafe «Resposta a un cuestionario», que conteñen datos esquemáticos sobre aspectos da vida cotiá da parroquia ou aldea estudada. Os artigos van asinados polos autores, que, en xeral, son alumnos de Risco, e algúns levan unha introdución del sobre o lugar estudado. Así o di o propio Risco no número 55 de *Nós*:

O ano pasado propuxen eu ós meus alumnos de Historia da Escola Normal d'Ourense, un cuestionario en resumo, anque compreto, comprendendo os principais puntos d'etnografía e folk-lore pr'o estudo d'unha bisbarra ou d'unha fregresía, pra qu'o encheran perante o punto de Natal. Obtiven respostas verdadeiramente intresantes e Nós vai-nas agora publicar enteiras...

Nestas monografías hai cantigas, refráns e outras locucións características da parroquia, pero non hai textos narrativos.

En total, teño rexistrados en *Nós* setenta contos breves, na súa maioría clasificados, no catálogo universal ou só en catálogos rexionais: español, portugués ou

galego, esencialmente. Son contos de animais ou apólogos na terminoloxía de Risco, relixiosos, de aparecidos (ánimas), de bruxas, chistes e recitados; non hai contos maravillosos, nin novelescos, de adiviñas nin obscenos, eróticos di Risco, e afirma que «son moitísimos» na tradición galega.

O mesmo ano de 1928, Risco imparte a conferencia anual do Seminario de Estudos galegos sobre a literatura oral, «Ensaio d'un programa p'ro estudo da literatura popular galega»¹³, onde dá a súa interpretación do que é para el a literatura popular:

O tema e o tídoo apropiado pr'esta parola había ser: a y-Alma galega na literatura popular. Efeitivamente, eiquí está o qu'importa qu'esa literatura seña a manifestazón d'unha alma sustancial e distinta ./.../ Hoxe os feitos culturais considéranse coma manifestazóns visíbeles e externas d'unb'alma coleitiva, como formas criadas pol-a y-alma d'un pobo, que por ela s'espresa, e todas elas, coherentes unhas co-as outras, sinb que ningunha d'elas poida ter un desenrolo independentes, compoñen unha espresión fisionómica compreta, que o historiador pode interpretar. Determinial-a y alma d'un pobo nas súas formas culturás enxebres é o que chamamos interpretación fisionómica da historia. En realidade iste conceito venlle á historia da etnografía, e d'eiquí a importancia capital que hoxe ten esta ciencia. O noso intento, pois, responde ás arelas da ciencia dos nosos días.

10. *Nós*, n.ºs. 46: 9, 47: 3, 49: 7, 50: 20, 51: 43 e 52: 71.

11. *Nós*, n.º. 87, 15 de marzo de 1931, pp. 42-46.

12. *Nós*, n.º. 96, 15 de Nadal de 1931, pp. 221-226.

13. Está publicada no n.º. 56 de *Nós*, pp. 142-155.

Risco, que daquela dirixía a Sección de Etnografía e folclore do Seminario de Estudos Galegos, quere seguir as ideas do seu mestre Hoyos, pero non ve claro como desenvolver a da relación da literatura coa ciencia, e atribúeo ó atraso dos estudos de folclore en Galicia:

A y-alma galega na literatura popular é tema doado para tratar liricamente, mais imposíbele, polo d'agora, de tratar centificamente.

./.../

O estudo da literatura popular galega áchase aínda no comezo d'esta laboura: temos algunhas coleccións de cantigas e copras, algunhas de refráns e algúns romances; mais as leendas, os contos, os apólogos, as adeviñanzas, e tódalas demais manifestazóns da musa popular, é somentes agora e, cómpre dicilo: gracias á revista Nós, que encomezan a ser recollidas a oito (Nós 56: 142).

A formación etnográfica recibida de Hoyos e a carencia de coñecementos en folclore levan a Risco a dicir a que «a nosa literatura, tanto erudita coma popular, ten algo seu que non ten outra ningunha, ten unha expresión característica e inconfundíbele, ten unha fisonomía particular.» Nin diferencia os xéneros narrativos, nin sabe que a maior parte da narrativa que circula de xeración en xeración nas nosas comunidades rurais é universal. Páxinas máis adiante do mesmo artigo, dedícalle varios parágrafos á narrativa oral, que el chama «épica narrativa», e divídeala en 'lendas' e 'contos' seguindo o criterio de Arnold van Gennep (1914)¹⁴, ó que cita. E fai unha división dos contos en cinco tipos: maravillosos, exemplares, humorísticos, eróticos e mnemotécnicos que corresponden ós recitativos (*Formula Tales*), dando unha definición de cada un deles, agás os humorísticos e os eróticos. E de novo mostra a confusión que ten neste ámbito ó dicir que os contos maravillosos «se relacionan coas lendas e tratan moitas vegadas os mesmos asuntos» (Nós 56: 145). É certo que as vellas lendas, como os mitos, poden converterse en contos e confundir os asuntos, mais neses casos, o tratamento é como conto de ficción por parte de quen conta. Engade, logo, que os contos «ademiten outra clasificación fundada nos temas: contos de bruxas, de lobos, de ladrós, de caza, d'abades, de xastres,

do demo, das ánimas, de bestas, do zorro, e outros que non quero citar.», que eu supoño que son os que el chama 'eróticos' ('obscenos'), a maioría sobre os cregos.


Por unha parte, Risco ten un concepto amplo do 'conto' e inclúe nel as crenzas nas ánimas, nas bruxas, nos nubeiros, nos tronantes ou no demo, xunto ós chistes e ós contos de animais. Mais, por outra parte, para el o conto galego é un relato que, na súa idea, manifesta a idiosincrasia do mundo galego desde unha perspectiva etnográfica. E aí debe estar a razón de que Nós non rexistire contos maravillosos, excluídos por consideralos alleos ás características do ser galego. Entendía Risco que ese tipo de contos xunto ós de adiviñas, que eran comúns cos doutros países europeos, non formaban parte da nosa cultura. E, polo tanto, non entraban no proxecto de Nós de arquivar as expresións lingüísticas e os contos nos que se manifestase o espírito do pobo. Respecto á ausencia na revista de contos obscenos, en especial referidos ós cregos, tan presentes aínda na nosa tradición, foi debido quizais á «censura preventiva»¹⁵.

O criterio de Risco cambiará despois da estada de catro meses en Berlín, o ano 1930, a onde vai cunha bolsa de estudos para ampliar coñecementos en etnografía e folclore. Alí aprende o método histórico-comparativo que os folcloristas alemáns estaban a aplicar á narrativa oral e coñece os traballos da Escola de Folclore de Helsinki, polo menos, os de Antti Aarne na primeira edición do catálogo de contos *Verzeichnis der Märbentypen* (1910). Non sabemos se chegou a ver a segunda edición, ampliada polo folclorista americano Stith Thompson (1885-1973) despois da morte de Aarne, que se publica en inglés en 1926 co título *The Types of International Folktales*, que divide os contos en varias seccións: *Animal Tales, Religious Tales, Realistic Tales, Tales of the Stupid Ogre, Anecdotes and Jokes and Formula Tales*. Seccións que, con pequenas modificacións, continúan utilizándose nas últimas edicións do catálogo internacional e nas dos catálogos rexionais.

Á volta a Galicia, sen facer previamente unha ampla colección de contos en que basear a clasificación,

14. Arnold van Gennep (1873-1957), de orixe alemá, vive desde neno en Francia e escribe as súas obras en francés. Un dos seus libros máis coñecidos é *La formation des légendes*, publicado en castelán en 1914, edición que Risco debeu ler.

15. Concepto formulado por Roman Jakobson (1973) para explicar a existencia de contos que non se difundiron mentres outros tiveron unha gran difusión.



Risco elabora unha pequena 'guía' «Pra recoller contos galegos», cun reducido número de tipos (os que el supón que son galegos) escollidos do *Verzeichniss der Märbentypen*. A guía quedou inédita e foi editada en 1970, corenta anos despois de facela, polo Museo de Pontevedra. É inservible polo limitado número de tipos que presenta, que están seleccionados sen outro criterio que a intuición do autor, e deixa fóra centos de contos galegos. Con todo, malia a falta de utilidade para a catalogación, o folleto móstranos que en 1930 Risco coñecía a metodoloxía da clasificación de contos, que quizais tiña pensado utilizar na publicación das monografías etnográficas elaboradas na «Sección de Etnografía e folclore» do Seminario de Estudos Galegos pola súa iniciativa en: *Calvos de*

Randín (1930), *Terra de Melide* (1933), *Santa Marta de Moreiras* ([1925-35] 1968) e *Santa María de Velle* (1936). Na recolla de datos etnográficos das parroquias inclúese o apartado de literatura popular no que aparecen todos os tipos de contos (tamén os maravillosos) na acepción folclórica, recollidos da boca dos e das informantes diferenciando os xéneros narrativos.

De continuar con eses traballos, hoxe poderíamos ter unha grosa antoloxía de contos galegos do primeiro terzo do século XX cando a tradición estaba activa. A guerra civil e as súas consecuencia deixaron os traballos de folclore inconclusos e a revista *Nós* sen continuidade.

BIBLIOGRAFÍA

- AARNE, Antti e Stith Thompson. *The Types of the Folktale. A Classification and Bibliography*. Helsinki: Suomalainen Tiedekatemia/ Academia Scientiarum Fennica, 1928 (FF Communications. Vol. LXXV, n.º 184). Primeira revisión 1961, segunda 1981.
- BOGGS, Ralph S. *Index of Spanish Folktales*. Helsinki: Academia Scientiarum Fennica, FF Communications, n.º 90, 1930. Segunda edición, 1993.
- CA-CHE 1995: Camarena, Julio e Maxime Chevalier. *Catálogo tipolóxico del cuento folklórico español*. Vol. I, *Cuentos maravillosos*. Madrid, Gredos, 1995.
- _____. 1997. *Catálogo tipolóxico del cuento folklórico español*. Vol. II, *Cuentos de animales*. Madrid, Gredos.
- _____. 2003a. *Catálogo tipolóxico del cuento folklórico español*. Vol. III, *Cuentos religiosos*. Alcalá de Henares: Centro de Estudios cervantinos.
- _____. 2003b. *Catálogo tipolóxico del cuento folklórico español*. Vol. IV, *Cuentos-novela*. Alcalá de Henares: Centro de Estudios cervantinos.
- CARDIGOS, Isabel e Paulo Correia. 2015. *Catálogo dos Contos Tradicionais Portugueses* (Com as versións análogas dos países lusófonos), dous volumes. Santa María da Feira: Edições Afrontamento e CEAO.
- JACKOBSON, Roman e Petr BOGATYREV. 1973. «Le folklore, forme spécifique de création», *Questions de poétique*. Paris: Éditions de Seuil, pp. 59-72.
- NOIA, Camiño. 2005. «De la Matrona de Éfeso (A-Th 1510) a la compasiva viuda gallega» en *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*, volumen LX, 2, páxs 149-164.
- _____. 2010. *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral*. Vigo: Servizo de publicacións da Universidade de Vigo.
- RIOS PANISSE, M^a do Carme. 1995. «Contos da miña terra (1864), primeira edición do 'Conto gallego' atribuído a Rosalía de Castro», *Grial*, n.º 126, abril-xuño, pp. 257-280.
- UTHER, Hans-Jörg. 2004. *The Types of International Folktales. A Classification and Bibliography*, tres volumes. Helsinki: Academia Scientiarum Fennica. Folklore Fellows Communications, vols. CXXXIII, CXXXIV, CXXXV, n.ºs 284, 285 e 286. Nova edición con adición de tipos e supresión doutros.

nós.



NUM. 5
24 San Xoan do 1921

A revista **nós** e a cuestión educativa



José Fernández Fernández

Profesor da Universidade de Vigo
e inspector de educación

PENSAR NO BOLETÍN *Nós* É PENSAR E VIVIR EN GALEGO

A revista ou boletín *Nós* nace nun Ourense pequeneiro, cando a cidade iniciaba a súa expansión demográfica, xa que encetaba o século XX coa cifra de 17 581 habitantes, segundo o censo do INE, e finalizaba a década de 1920 con 21 579, sen contar neste caso coa poboación do concello de Canedo por producirse a anexión bastantes anos máis tarde. Unha época na que a nivel reivindicativo o trazado do ferrocarril Zamora-Ourense-A Coruña era un dos temas principais de loita. A cidade contaba cun único Instituto Provincial de Instrución, que dende finais do século decimonónico dispuña dun edificio novo no Xardín do Posío. Centro que aglutinaba e dinamizaba a vida académica e cultural dunha urbe “de auga e pedra”, con vivencias e historias relatadas por Carlos Casares e Manuel Cendón nun libro titulado precisamente con esas connotacións¹.

Neste crecemento, a zona nova ou modernista ampliábase con novos asentamentos a través da rúa de Paz Nóvoa (hoxe Paseo) e a construción da Ponte Nova (hoxe do Ferro), que unha vez rematada en

1918 facilitaba a comunicación co barrio comercial de A Ponte, os de acá cos de alá do río, nun ano terrible no aspecto sanitario por mor da gripe que mesmo no mes de setembro afectou ao funcionamento dalgúns colexios da cidade debido ás altas taxas de mortalidade. A rúa Progreso, na estrada Villacastín-Vigo, empezaba a expansión urbanística e marcaba o medre e o tránsito vehicular máis alá do casco vello, zona que permanecera durante séculos nun ambiente demográfico pouco mais ca dunha vila grande de hoxe e da que se dan interesantes referencias nas numerosas entregas “Del Orense antigo” de Otero Pedrayo e “En busca del Orense perdido” de Vicente Risco, publicadas no diario local *La Región*.

En consecuencia, nestes inicios do século XX deuse un gran desenvolvemento da construción tanto pública coma privada, dando lugar á maioría deses edificios solemnes que forman parte do noso patrimonio histórico e que estaban proxectados principalmente polos recoñecidos arquitectos Manuel Conde Fidalgo e Daniel Vázquez Gulías. Neses anos vinte, nalgúns casos baixo a ditadura de Primo de Rivera, realízanse unha morea de importantes obras públicas: a refor-

1. Carlos Casares e M. Sendón, *Ourense, de auga e pedra*, Ir Indo Edicions, S.A. (1990).

Betanzos- 21- Novembro 1920. 250 13

J. D. Vicente Risco.

Meu distinto amigo e irman:

Diante da todo dou-lla
as mais sinceras grazas por ma-
ter incluído no numero das
colaboradores da sua excelente
revista. Vejo-me verdadeiramente
honrado cunha tanto nome
ilustre!

Non se pode supor con
que ledicia ^{acollín a chegada} ~~recibir a chegada~~
~~numero~~ de "Nós." Un boletín
desta xeita facía-nos tanta falta,
que todos os galegos deberiamos
ficar ~~para sempre~~ ^{fundamente}
obrigados ao irman d'Ourense
por a sua valente empresa.

Extracto dunha carta de Viqueira a Risco cando se creou a revista Nós.
Fonte: Fundación Penzol

ma da Praza Maior, o Hospital modelo de As Lagoas, a construción da Praza de Abastos actualmente pendente de reformas, o antigo edificio do Banco de España, a Delegación de Facenda, o grupo escolar Curros Enríquez na apertura cara a Ponte Nova e a Finca Méndez, entre outros edificios de certa relevancia no ámbito civil.

Con todo, pese a non ser unha cidade grande, era inqueda culturalmente. Unha pequena Atenas onde se debatía de todo, de forma que a capital estaba nas vangardas literarias do modernismo con escritores como Antonio Rey Soto, Primitivo Rodríguez Sanjurjo e con Xavier Bóveda como un dos fundadores do Ultraísmo. Empezaba a destacar na literatura Euxenio Montes e na arte Fernández Mazas, chamado

“El Dichi”. Falábase con intensidade de cubismo, futurismo, dadaísmo, da Comisión de Monumentos, do galeguismo e nacionalismo, da necesidade de crear unha revista galega de dimensión europea. Un ambiente propicio, pois, para o nacemento da revista *Nós* como un medio de agrupar precisamente a todos eses inquedos intelectuais, de facilitar a relación entre eles e ao mesmo tempo de comunicarse co exterior mediante intercambios con toda España e Portugal, con Europa e América, a través de cartas, revistas e libros.

Xorde a revista cunha mente aberta, dado que se recollía expresamente como nas súas páxinas podían publicar cantas persoas quixesen con tal de pór por enriba de todo o aprecio a Galicia. Desta forma, dende a cativa cidade das Burgas, dende o cu do mundo, como dicía Vicente Risco, Ourense nas letras lograba entrar potencialmente na corrente internacional e saía da súa torre de marfil na que intelectualmente estaba submisa².

Mais, esa idea de crear unha revista monolingüe sobre a cultura galega como canle de inquietudes universais xermolara tras unha histórica reunión mantida nun café da cidade do Lérez á que acudiran os relevantes persoeiros galeguistas Risco, Castelao, Cabanillas e Losada Diéguez. Decídeselle chamar *Nós* a petición de Castelao, aínda que cabe matizar ao respecto que en *El Noroeste* da Coruña se viña publicando dende 1916, ano da creación da Irmandade da Fala, un suplemento con ese nome que puido ser tido en conta na escolla do título.

Dirixida por Vicente Risco e constituída como unha “Siciedá Nós”, cuns estatutos propios publicados no seu número sete, nun principio a revista imprimíase en Ourense³. O primeiro número apareceu o 30 de outubro de 1920 e nesa cidade se publicaría ata o número 15. Pódese dicir que durante esta etapa foi cando coñeceu o seu labor máis fecundo da man deses homes, inadaptados na súa maioría, que fuxindo do vulgar, do filistéisimo se reencontraran consigo mesmo e coa identificación da súa terra logo de andaren indagando polo mundo adiante noutras culturas estrañas e exóticas.

2. Vicente Risco, “Ourense en las letras gllegas”, *La Noche* (28-06-1961), 1.

3. Salvador Lorenzana, “Vicente Risco en la cultura gallega”, *Vida Gallega*, nº 80 (1962), 10.

Deseguido padecería varias vicisitudes, entre elas as de cuestión económica. En 1923 a revista pasa a imprimirse en Pontevedra, ata que despois do número 18, baixo o réxime ditatorial primorrriverista, suspéndese a súa publicación, para volver a publicarse o 25 de xullo de 1925, día de Galicia, por iniciativa de Ánxel Casal e pasando a ter a súa administración en A Coruña. A partir do número 88 trasládase a Santiago de Compostela, con sede na Editorial Nós. O último número, 139-144, saíu impreso en Santiago na rúa do Vilar nº 15, que non se chegou a repartir por mor do estoupido da Guerra Civil e cun exemplar milagrosamente salvado por Xosé Ramón e Fernández Ojea, entre algún outro que vai aparecendo por aí.

Xunto coa *A Nosa Terra*, a revista soubo manter o lume acceso do galeguismo, mesmo cando o goberno represivo de Primo de Rivera andaba a facer aquelas demostracións de “fervoroso patriotismo” e suprimira as bandeiras rexionais. Fazaña digna de lembrar, xunto coa Editorial Lar fundada na Coruña por Ánxel Casal e Leandro Carré con aquela imprenta, pequena en medios pero grande en propósitos e esforzo.

Tanto en *A Nosa Terra* coma en *Nós* están presentes moitos homes relacionados profesionalmente co galeguismo, coa defensa do idioma e coa docencia. Mesmo se anunciaban as dúas xuntas baixo o lema: “Suscríbese “A Nosa Terra” Idearium das Irmandades da Fala e á NÓS Boletín mensual da Cultura Galega”. Na primeira foi onde Risco publicara precisamente a “Teoría do Nazonalismo Galego”, en 1918⁴.

Nesa liña de compromiso con Galicia e a súa lingua oral maioritaria, *Nós* foi unha revista publicada en galego tratando materias dende os máis diversos ámbitos do saber a cargo das máis autorizadas voces do momento, tantas que resulta imposible citalas todas neste artigo. Digamos, de forma resumida, que nas súas páxinas se fala de arqueoloxía, estudando numerosas igrexas; do galeguismo na arte; faise crítica dos máis diversos campos do saber. Na iconografía utilízanse expresivos debuxos de Castealo, Castro Gil, Camilo Díaz, Farruco Lamas, Fernández Mazas, Luis Huici, Fonseca Pintos, Xaime Prada, Julio Prieto, Luis Seoane, Julio Alonso Cuevillas e Arturo Noguerol.



Propaganda do xabón da Toxa na revista *Nós*.

Trátanse temas de economía, ensaio, de heráldica, de lingüística, de historia, de filosofía, de pedagogía, de política no ámbito do nacionalismo galego. Jesús Bal trata a música galega e Jaime Quintanilla párase no nacionalismo musical. Escríbese moitísimo de etnografía e folclore, de literatura (na que predomina a temática do ensaio e a poesía). O profesor Ramón Otero Pedrayo achega aspectos relevantes sobre os problemas da nosa xeografía, disertando sobre a morfoloxía das vilas galegas, da paisaxe e do elemento animal na mesma. Por parte, é innumerable a bibliografía que se sinala de forma orientativa sobre todos os temas cuxo repertorio dá para encher páxinas enteiras, sen esquecerse tamén de informar sobre as noticias de feitos puntuais que se ían producindo a nivel mundial.

Por outra parte, a revista *Nós*, unida ao pensamento nacionalista, pretendía normalizar o uso do galego e elevalo dos usos orais ata a altura de cultura. Nesa

4. Vicente Risco, “Teoría do Nazonalismo Galego”, *A Nosa Terra*, nº 61 (20/09/1918), 1

fidelidade lingüística, a publicidade que a acompañaba era en galego e animábase a mercar e ler libros escritos nesa lingua. Intentouse tamén que no deseño gráfico estivese representado unha estética xenuinamente galega a cargo de Castelao, profesor de debuxo en Pontevedra e do que falaremos máis adiante. Pódese dicir que a revista trataba esencialmente dous ámbitos distintos: por un lado o descubrimento da identidade galega, introducindo liñas de investigación novas e contribuíndo á modernización metodolóxica que afectou fundamentalmente a eidos coma o da arqueoloxía, etnografía, historia e pensamento; e por outro lado, a presentación das ideas que ían aparecendo en Europa. Para este fin exploráronse as culturas europeas que se consideraban máis próximas á galega, principalmente a irlandesa (Irlanda estíbese convertendo en estado independente daquela) e a portuguesa (en Portugal florecía a lingua galega cun pasado común co portugués ata finais da época medieval), habendo tamén unha enorme presenza doutras culturas, especialmente de Hispanoamérica e das europeas Francia e Alemaña, así como doutras rexións con situacións sociolingüísticas semellantes á galega coma era o caso de Bretaña e Cataluña.

● PROFESORADO ENTRE OS PROTAGONISTAS PRINCIPAIS

Tratándose dunha empresa de pensamento integral cuxo principal interese estaba posto na galeguización cultural, non se podía entender esta sen a obra e a presenza destacable nela de profesionais do ensino, moitos deles formados ou próximos aos postulados innovadores da Institución Libre de Ensinanza (ILE) e bolseiros pola JAE a países estranxeiros. E así foi esa implicación, dunha forma ampla, xenerosa e dende os distintos niveis académicos que inclúe alumnado de maxisterio, mestres, profesores de ensino secundario e de universidade. Xa no primeiro número figuran nomes de docentes experimentados no ensino superior e cun currículo do mellor. Aparecen Vicente Risco, Alfonso Rodríguez Castelao, Antón Losada Diéguez e Johán Vicente Viqueira, que lle dá as grazas a Risco por incluílo entre os colaboradores

a través dunha carta datada en Betanzos a 21 de novembro de 1920.

Precisamente, en consideración do profesor A. Serafín Porto Ucha, os tres, Viqueira, Castelao e Risco foron grandes pedagogos galegos que nalgún intre tiveron algunha vinculación á Normal de Pontevedra⁵. Un reparo feito tamén polo profesor da Normal de Ourense, Xosé Paz, que considerou a estes relevantes persoeiros do nacionalismo e membros das “Irmandades da Fala”, Castelao, Viqueira e Risco, como grandes pedagogos galegos cun pensamento educativo moderno e con planteamentos pedagóxicos non conseguidos hoxe en Galicia⁶. Tiñan, ademais, formación europea, pois foran bolseiros da “Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones” (JAE) para viaxar ao estranxeiro. No caso de Castelao e Viqueira mesmo en dúas ocasións.

Así mesmo, no equipo de redactores figura o profesor Antón Losada Diéguez, principal influente no Grupo Nós na toma de consciencia da problemática do país e no ingreso dos seus representantes nas filas do galeguismo. Pois, en decembro de 1917 fora un dos encargados dos actos propagandísticos levados a cabo en Ourense durante a visita realizada pola embaixada catalanista a esta cidade encabezada por Cambó. Preside a I Asemblea Nacionalista de Lugo. Ata o ano 1920, no que se traslada a Pontevedra, estivera no instituto de Ourense impartindo clases na cátedra de Psicoloxía, Lóxica, Ética e Rudimentos de Dereito. Na cidade do Lérez funda e preside o Coro Polifónico de Pontevedra (nº 28), presentado ao público o día 23 de marzo de 1926 e coa finalidade de atraer a atención e o aprecio do público galego cara as fontes enxebres da música popular.

Profundando un pouco máis nese vencello da revista con homes precedentes do eido do ensino, principiamos pola peza fundamental, Vicente Risco, persoa que asume a responsabilidade da dirección e redacción no domicilio da Praza do Ferro nº 6, onde vivía en casa alugada á familia Temes, ata que en 1923 se traslada uns metros máis adiante para unha casa de seu na rúa Santo Domingo. Era considerado como pai do nacionalismo galego por ser autor

5. Anxo Serafín Porto Ucha, “A formación do profesorado galego: a Xunta para a Ampliación de Estudos e as viaxes a Europa (1907-1936)”, *Adaxe*, nº 5 (1989), 86.


6. José Paz Rodríguez, “Viqueira, Castelao e Risco, tres grandes pedagogos galegos”, *O Ensino*, nº 18-22 (1987), 127-140.

das teorías que marcaban o paso a seguir por todos os demais galeguistas. No momento da creación da revista exercía de profesor de Historia na Escola Normal de Ourense dende a súa incorporación en setembro de 1916, tras cursar previamente durante tres anos estudos na prestixiosa Escola de Estudos Superiores do Maxisterio de Madrid, institución educativa de alto nivel na que aprendera a realizar traballos monográficos, etnográficos e a formarse en teorías e metodoloxías pedagóxicas renovadoras e innovadoras.

Ademais, nese momento de posta en marcha da revista *Nós*, era xa unha persoa experimentada no coñecemento doutras culturas, especialmente nas orientais e acababa de dirixir a revista neosófica *La Centuria* (1917-1918), onde se publicaban poemas de Tagore, Premio Nobel de Literatura no ano 1913 e tamén gran defensor e bebedor nas fontes da cultura tradicional e autóctona da India, dominada politicamente polos ingleses e que nalgúns aspectos tiña certa similitude con Galicia.

Asemade, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao asume o papel de director artístico da revista cunha portada que, en palabras de Otero Pedrayo, era merecente de ser esculpida no Pórtico da Gloria debaixo da árbore de David ou xenealoxía de Cristo por representar as fonte vitais de Galicia, das que non procede detallar aquí. Deixada a súa profesión de médico que non gustaba de practicar, casado e con un fillo, ante a ameaza por infección dende 1914 dunha posible cegueira, presentouse ás oposicións ao corpo de estatística, que superadas opta polo destino de Pontevedra, onde se estableceu dende xaneiro de 1916 xunto coa súa muller Virxinia Pereira Renda e o fillo Alfonso Xesús. Posto de funcionario que dende ese mesmo ano compatibiliza (solicitou a excedencia cando foi deputado nas Cortes de 1931 a 1933) co de profesor auxiliar de debuxo no instituto de Pontevedra, chegando tamén a avaliar algún ano académico esta mesma materia na Escola Normal de mestras desa cidade.

De por parte, no ano da posta en marcha da revista, en 1920, sendo profesor auxiliar de debuxo no instituto de Pontevedra, como dixemos, goza dunha bolsa da JAE para viaxar durante nove meses a Francia, Bélxica, Alemaña e Inglaterra, países nos que tivo a ocasión de formarse nas manifestacións modernas



Número dedicado ao pasamento do profesor Antón Losada.

da arte, especialmente no traballo con augaforte, litografía e gravado. Viaxe de ampliación de estudos que repetiría novamente cando acababa de perder ao seu único fillo Alfonso de 14 anos, en 1928 e 1929 para estudar os cruceiros de Bretaña, en Francia e logo comparalos cos de Galicia, onde tanto abundan. Temática que lle valeu para escribir algún artigo como “Sant’Iago na Bretaña” (nº 79) e “O galeguismo na arte” (nº 80).

Dentro dos redactores dese primeiro número figura Ramón Otero Pedrayo. Fidalgo, sen fillos e principal recorrente como mecenas avalista sempre que a revista andaba mal de cartos, por iso de consideralo con recursos e sen fillos que lle tirasen do peto. Escaseza de medios que acontecía a miúdo na tirada dos distintos números. No ámbito académico fora introdutor da xeografía moderna de Galicia e considerado o patriarca das letras galegas, pese a que nese intre da creación da revista *Nós* aínda non se consu-

mara como escritor, pois iniciaría a súa obra narrativa máis adiante coa novela de relatos breves titulada *Pantelas, home libre* (1925).

Con todo xa apuntaba formas dando os primeiros pasos literarios con artigos en *La Centuria* e implicándose na vida cultural ourensá entrando a formar parte na directiva do Ateneo en 1914. Catedrático de Xeografía e Historia dende 1919, incorpórase ao instituto de Ourense, que hoxe merecidamente leva o seu ilustre nome, por concurso de traslados no ano 1921, tras sendas estancias de un ano nos de Burgos e Santander. Home atado a Ourense que de estudante recibira o maxisterio do célebre xeógrafo Eduardo Moreno López, quen influíu poderosamente na súa vocación e interese polo coñecementos xeográficos e paisaxísticos do país galego e ben seguro que de non ter morto antes estaría tamén entre os persoeiros principais desta publicación.

Mais non podemos esquecernos de cando menos citar ao ilustre colaborador betanceiro Johán Vicente Viqueira López-Cortón, persoa cunha sólida formación adquirida en Madrid na Institución Libre de Ensinanza na que tivo a oportunidade de ser discípulo dos grandes pedagogos españois Francisco Giner de los Ríos e Manuel Bartolomé Cossío. Con este último ademais estaba emparentado co grao de sobriño.

Era Viqueira un intelectual de gran valía en temas pedagóxicos e psicolóxicos cuxos coñecementos puxo ao servizo do ensino galego, pois mantivo contactos estreitos coa Irmandade da Fala compostelá e coruñesa, así como gustou da cultura e lingua portuguesa á que recorría como exemplo a ter en conta no caso da fixación ortográfica da lingua galega. Sabedoría adquirida tamén en parte no estranxeiro, pois a través das bolsas da prestixiosa JAE puido formouse nas mellores universidades europeas. Primeiramente, en 1911 viaxou a Francia, Inglaterra e Alemaña, países onde puido traballar cos profesores Müller, Husserl, Katz, Merkel, Rieche e Wundt. Logo, en 1914, tamén de bolseiro, estuda Psicología en Alemaña e Inglaterra. Con este currículo, nun principio exerce en 1917 de catedrático de Filosofía no Instituto de Compostela, trasladándose axiña, mediante permuta, ao Instituto Xeral e Técnico da Coruña.

Un papel fundamental na supervivencia da revista, pese a que non figura con artigos publicados, foi o desempeñado polo mestre coruñés Anxel Casal Gosenxe, que a través dos talleres da editorial Lar e Nós conseguiu que a revista se seguise imprimindo cando xa se suspendera a publicación dalgúns números. Foi, ademais, o promotor e primeiro mestre da escola galeguista e laica das Irmandades da Coruña (1924-1930), escola na que por primeira vez se utilizou oficialmente a lingua galega. Contribución ao galeguismo que, como a tantos outros mencionados neste traballo, lle custou a súa vida na entrada do franquismo que o sorprende sendo alcalde de Santiago de Compostela, cidade á que se trasladara en agosto de 1931 por motivos precisamente culturais.

Deseguido, moitos outros homes pertencentes aos distintos ámbitos do ensino iríanse sumando á colaboración na revista a medida que ían saíndo novos números con temas variados. Alumnado de maxisterio, mestres e mestras, profesorado de ensino secundario, superior e algún inspector de educación, como se verá, dirán algo nas súas páxinas.

En consecuencia, entre os docentes con certa participación e pedindo desculpas por aqueles que deberían e non están mencionados por imposibilidade de incluír a todos, figura o mestre Antonio Noriega Varela, que cando se crea a revista estaba destinado en Trasalba, parroquia na que durante os trece anos que pasou nela como docente establece amizade con Otero Pedrayo e mantén boas relación en Ourense con Basilio Álvarez, Eduardo Blanco Amor, Eugenio Montes, Vicente Risco, Losada Diéguez e Arturo Noguerol. Nesa lista de mestres, Noriega Varela comeza a súa participación na revista xa de inmediato, no primeiro tomo, con adiviñanzas na sección "Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galicia".

A el súmase o mestre e escritor Victoriano Taibo, fillo adoptivo do concello de Gondomar e discípulo literario de Ramón Cabanillas, quen figura como un dos promotores principais e redactores da revista. Tamén Amadeo Varela Rodríguez, mestre en Seixalbo, militante nas Mocidades Galeguistas e un dos promotores da revista *Espartaco*, relata contos e notas folclóricas sobre algúns animais recollidas no concello de

Monterroso cando era alumno da Escola Normal de Ourense.

Outro colaborador foi o profesor Xaquín Lorenzo, discípulo de Otero Pedrayo no instituto e que curiosamente ocupou a súa cátedra de Xeografía e Historia, tras ser represaliado en 1937. Relevante etnógrafo que publicou contos, lendas, anotacións interesantes sobre a “A muller no cancionero galego” (nº 99) e no léxico recolleu algunhas palabras de uso corrente na terra de Lobeira escoitadas da xente maior para logo incluílas no vocabulario dun dicionario⁷. Escribiu sobre a medicina rústica (o tangaraño, nº 44), “Apuntes de Geografía Lexigráfica Galega” (nº 71), “Notas encol do entroido en Lobeira” (nº 125) e “As dornas do porto do Son” (nº 127).

Continuando cos mestres de publicacións menores, consta Xosé R. Pérez Seoane que publica adiviñanzas e refráns de Parada do Sil (nº 7). Colabora algo Xosé Rogelio Otero Espasandín, mestre que en 1929 amplía estudos na Escola Superior de Maxisterio de Madrid, onde se especializa en ciencias. Na capital mergúllase, xunto co seu amigo Rafael Dieste, na anovadora proposta educativa que supuñan as Misións Pedagóxicas e que os levará por diversos puntos da xeografía española. José Núñez Búa, docente do colexio Labor de Vigo, presidente do Grupo Galeguista desa cidade, concelleiro e vicepresidente da Deputación de Pontevedra escribe basicamente algunhas adiviñanzas, contos e “Cantos populares da Bretaña” (nº 3). Cítase a Nemesio Barja e dúas achegas do trivés Manuel Luis Acuña. Este último, Militante do Partido Galeguista, foi autor do libro *Firgoas* (editorial Nós, 1933). Era fillo e neto de mestres. Exerceu en distintas escolas públicas e trala depuración da guerra civil se viu obrigado a dedicarse ao ensino privado.

O mestre Laureano Prieto Rodríguez publica algún artigo como “O cabreiro” (nº 117). Fora alumno de Maxisterio de Vicente Risco, con quen comezou a interesarse pola investigación etnográfica, recollida de léxico e polos costumes e tradicións galegas, centrándose especialmente en estudos nas terras da Gudiña e Viana. Colabora intensamente con Cuevillas, Taboada Chivite, Ferro Couselo, Risco e Xaquín Lorenzo, ademais de formar parte do grupo Marcelo Macías, creado por Ferro Couselo en 1970.



Primeira xeira dos Ultreyas ao viveiro forestal de Figueirido (Nós, nº. 107)

Entre o profesorado de ensino secundario, anotamos ao lucense Evaristo Correa Calderón, profesor de instituto. No caso de Xosé Filgueira Valverde, docente do instituto de Pontevedra, aparece con notas sobre “A paisaxe no cancionero da Vaticana” (nº 38), estudos sobre “A eirexa pre-románica de Francelos (nº 62), contos e lendas. Álvaro María das Casas dá a coñecer roteiros líricos de Ribadavia e Allariz, xeiros dos “Ultreyas” e escribe notas “Pra un canzoneiro de Noia”. Antón Fraguas, que cursando bacharelato no instituto de Pontevedra foi alumno de Castelao e Antón Losada Diéguez e, logo xa no bienio da IIª República, profesor do instituto de A Estrada, achegou notas sobre o entroido en Cotobade, sobre folclore en Armeses (Maside), algunha lenda e sobre o culto aos mortos.

Por parte, aparece citado, aínda que moi pouco, por razón obvias de idade, Francisco Fernández del Riego, que pertenceu á xeración de intelectuais xurdidos ao redor do grupo Nós e que xunto cos galeguistas Ramón Piñeiro e Xaime Isla Couto, foi un dos principais impulsores da emblemática Editorial Galaxia fundada en 1950, empresa que liderou o proceso de recuperación cultural na posguerra e de cuxa editorial xurdiu en 1963 a revista *Grial*, que Fernández del Riego codirixiu.

No ámbito universitario, o profesor da Universidade de Santiago, Luis Iglesias Iglesias, bolseiro de estudos pola JAE a Italia e director da sección de Ciencias do SEG publica unhas “notas entomolóxicas” (nº 53) nas que se achega ao estudo das diversas espe-

cies de insectos, coñecemento útil na loita contra as pragas que afectaban á agricultura galega. Armando Cotarelo Valledor, anque asturiano de nacemento, lingüística e culturalmente sempre se considerou galego. Catedrático de Lingua e Literatura española en Santiago de Compostela, participou no movemento das Irmandades da Fala e foi merecente da dedicación do Día das Letras Galegas, de 1984. Escribiu sobre a mocidade do Padre Feijóo, etimoloxías populares e o cancionero da agulla.

Na lista anterior procede mencionar a Lois Tobío Fernández, profesor de dereito na Universidade santiaguesa e que foi anfitrión en Alemaña de Risco, tal como aparece citado en *Mitteleuropa* por estar daquela en Berlín continuando estudos xurídicos. O profesor de paleografía e diplomática Alfonso Vázquez Martínez colaborou algo en temas como “Notas encol da laboura de restauración de documentos” (nº 100-102) e “Programa pra unha investigación documental nos arquivos parroquiaes” (nº 104). O filólogo Ramón Martínez López participa con contos, notas folclóricas, alcumes populares e sobre “A vida na Bretaña” (nº 33). Ricardo Carballo Calero fala de “A xeración de Risco” (nº 131-132).

Non faltaron tampouco inspectores de ensino primario. Contabilizamos ata tres. O máis participativo foi Antonio Couceiro Freijomil, que aproveita este medio para visibilizar as súas dotes poéticas e de coñecementos en temas de ortografía, como veremos no apartado seguinte. Xosé Ramón e Fernández Ojea, Ben-Choshay, trata temas folclóricos como o “Folk-lore encol dos nenos” (nº 136). E por último, Xerardo Álvarez Limeses aparece unicamente con algo de poesía.

NA PROCURA DA GALEGUIZACIÓN ESCOLAR

Ao fío do que vimos apuntando antes, se precisamente a revista *Nós* tivo por protagonistas principais ao profesorado, as alusións a temas educativos e de formación non se podían obviar. Así, por encargo do Directorio das Irmandades, no ano 1921 fixera Risco un plano pedagóxico pensado para a galeguización da escola, co fin de que servise de orientación aos

mestres e mestras que andaban a preocuparse por adaptar o ensino á realidade do alumnado e a novos preceptos pedagóxicos, especialmente no medio rural. Pois non tiñan nada ao respecto, dado que nada se tiña feito.

O programa, con propostas pensadas dende a óptica da escola nova⁸, utilizou a plataforma da revista *Nós* para darse a coñecer nos números 6 e 7 nunha “Seición Pedagóxica” creada expresamente para este fin concreto e tras ser revisado previamente polo institucionista Ignacio Ares de Parga, persoa relevante no ámbito cultural e educativo na Arxentina e que estivera coa Mocidade Galeguista de Ourense na súa viaxe feita a Galicia pouco antes de morrer onde visitara a ambiciosa escola “Pro Val Miñor”, creada e sostida por emigrantes indianos. Era un programa educativo para Galicia que se constituíu nun único referente de traballo no caso da galeguización da escola ata a chegada da democracia e con ela o Estado das autonomías. Contemplaba varios aspectos: o edificio escolar, as aulas, a organización, o escolante, a metodoloxía, a lingua e o ensino da xeografía, historia literaria e arte de Galicia, pondo fincapé na aplicación das disciplinas prácticas ás industrias da nosa terra e de como todos estes apartados contribuían a coñecer primeiramente o país galego, para logo que-relo e finalmente transformalo. Propón o emprego escolar de xogos tradicionais e cantos do país tirados do folclore galego. A revista servía tamén de propaganda de dito plano entre os docentes ao mesmo tempo que informaba e actualizaba aos lectores das novidades pedagóxicas que se daban polo mundo adiante.

Mais o de galeguizar era unha situación complicada para levar a cabo nun réxime ditatorial. Por iso, dende a propia revista se segue animando aos docentes na necesidade desa galeguización do ensino recorrendo ás veces ao exemplo vido dos galegos residentes no estranxeiro, como talmente ocorre cando se alude ao feito de que “A Federación de Sociedades Galegas d’instrucción de Bôs Aires, no seu IV Congreso tido o 27 de Nadal derradeiro [1925], acordou recomendar ôs escolantes que rixen as escolas sostidas por aque-

8. Antón Costa Rico, *Escolas e mestres. A educación en Galicia: da Restauración á IIª República*, Santiago, Servizo Central de Publicacións da Consellería da Presidencia e Administración Pública (1989): 342.

9. S. A., “Algús feitos. Galiza nas escolas”, *Nós*, nº 26 (1926), 17.

las sociedades que dean leiciós de Léngua, Literatura e Historia de Galicia”. Neste caso intentábase recorrer a un exemplo vido de fóra, por considerar que as escolas creadas e sostidas por emigrantes indianos daban máis liberdade para tratar nelas cuestións identitarias⁹.

Mostra desas dificultades, dende a propia revista se contou como nun congreso celebrado na Coruña no ano 1926 foron rexeitadas tres conferencias por consideralas que non se adecuaban aos ideais totalitarios do réxime, tal como se desprende destas palabras: “Pouco temos que dicir do Congreso Pedagóxico da Coruña. Si nos debates qu’alí houbo, e nas concrusiós que alí se aprobaron, non s’atoparon en realidade ningunha novidade centífica nen solución ningunha práctica pr’os problemas do eneseño da nosa Terra, e si algunhas ponencias que ô privativo de Galiza se referían, non chegaron a leerse”¹⁰. Mesmo Risco volve aludir ao seu proxecto educativo nun comentario sobre a utilidade do bilingüismo defendido dende a pedagogía no ano 1928 (nº 54), esta vez apoiándose en Lorenzo Luzuriaga, que avogaba polo feito de que o ensino primario en España se impartise en lingua materna¹¹.

Tampouco neste ámbito da galeguización a universidade andaba mellor¹². Álvaro María das Casas trata este problema nun artigo titulado “A Nosa Universidade” (nº 97) no que comenta a realización dun traballo levado a cabo con entrevistas a profesores e alumnos de dentro e fóra de Galicia no que recolle o que supón para cada un deles a galeguización desta institución. Nas respostas, entre outros, o reitor Rodríguez Cadarso apuntaba a necesidade de establecer cadeiras de historia, de literatura, economía e xeografía de Galicia.

Viqueira, do que falamos antes, álzase tamén en defensor desta galeguización do ensino e mesmo propón a incorporación plena da muller, así como a necesaria normalización da lingua e a reforma ortográfica, decantándose pola grafía histórica



(identidade gráfica co portugués). Na revista Nós publica un ensaio titulado «Pensamentos para unha universidade galega» onde suxire crear unha grande e moderna universidade en Galicia na que médicos, avogados e profesores sexan os mellores posibles en canto á súa preparación técnica e científica, aberta á vida. E reclama estudos de arquitectura e enxeñaría e establecer relacións con Portugal, América do Sur, Brasil, América do Norte, Francia, Irlanda e Inglaterra.


Dende a sección “Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza”, mediante respostas a cuestionarios revisados polo propio Risco unhas veces e outras independentemente, brindouse a oportunidade de publicar temas relacionados co folclore e a literatura popular aos mestres e alumnado de Maxisterio. Desta forma estudáronse as freguesías de Mundil, Velle, Riomuños (Quintela de Leirado), San Pedro de Moreiras (Toén), a aldea de Caneda (concello de Monforte de Lemos), acotío con indicacións bibliográficas de filoloxía, etnografía e folclore ao final seguindo fontes portuguesas e alemáns. Séguenlle estudos da freguesía de San Miguel de Paradela (Lugo) a cargo do alumno Manuel Pallarés López, de folclore de Sandiás por Urbano Santana e de Cualedro¹³.

10. S. A., “Os homes, os feitos, as verbas. Diversidades”, *Nós*, nº 35 (1926), 16-17.

11. S. A., “Os homes, os feitos, as verbas. O bilingüismo na pedagogía”, *Nós*, nº 51 (1928), 57.

12. Xosé Fernández Fernández, “O problema da galeguización do ensino superior na Galicia de preguerra”, *Sarmiento*, nº 14 (2010), 51-65.

13. Vicente Risco, “Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza. Respostas a un cuestionario”, *Nós*, nº 55 (1928): 131-136. Segue no nº 56 (1928): 158-161 e nº 57 (1928): 172-176, nº 59 (1928): 209-2012, nº 70 (1929): 176-179, nº 73 (15-I-1930): 12-15 e nº 76 (15-IV-1930): 76-78, nº 77 (15-V-1930): 100-102, nº 137-138 (maio-xuño, 1935): 108-111. Ademais dos citados no texto, figuran na recolleita Rafael Silva, Isidoro Rojo Fernández, Gonzalo Nieto Cortiñas e Xesús Rodríguez.



Homenaxe ao mestre coruñés Ánxel Casal

Nos numerosos traballos incluíanse elementos da cultura material, inmaterial e espiritual: a mantenza, o vestido, a casa, costumes e festas, a terra, montes, ríos, a xente (nomes, apelidos, motes), a fala, refráns, adiviñanzas, fiadeiros, ruadas, xogos de nenos e maiores, santos, Reis, entroido, Semana Santa, defuntos, festas da parroquia, Nadal, fadas, aparicións, poder do demo, medicina popular, arte popular, enteiros, relixión, supersticións, procesión das ánimas, o demo e o pauto, endiañados, bruxas, meigas, mal de ollo, meigallo, feitizo, fadas, trasnos, nubeiros, aspectos sobre a predición do tempo, remedios para as doenzas, tallar os coxos etc.

Estamos, pois, ante elementos etnográficos e folclóricos empregados polo propio Risco nas monografías de *O castro de Caldelas* e *Terra de Melide*. Pois foi este autor o que sentou as bases para o estudo científico destes aspectos populares a través da publica-

ción nesta revista (nº 56) dun “Ensaio d’un programa pr’o estudo da literatura popular galega”. Dentro dese folclore mesmo repara na utilidade práctica dos contos, refráns, adiviñanzas, romances, coplas, xogos e trabalinguas que serven para medir a resistencia, favorecer a dicción e a respiración, espabilar a mente, finalidade para a que se utilizaban tamén nas doutrinas indias e na recomendación dos pedagogos modernos.

Respecto a estas achegas folclóricas, foi moito o alumnado da Escola Normal de Ourense, mestres e mestras procedentes maioritariamente do medio rural, que comunicaron á revista *Nós* casos recollidos da tradición oral. A lista de todos eles sería interminable curso tras curso. Mencionaremos soamente algúns. Do alumno Camilo López publícase un caso de bruxas (nº 30) recollido en lingua galega tal como se expresaba a xente, Xosé González recolle “Casos de posesión por espíritos dos mortos” (nº 27) referido en Bousés, concello de Oímbra; Manuel Folla achega contos de Valdeorras; Amadeo López Bello de A Limia (nº 63). A estes nomes cabe engadir a Antonio Noriega Fabello, mestre nacional en San Cibrao das Viñas, Amador Villar do colexio e academia “Hermandade Villar”, emprazada na rúa de San Fernando, que participa con algunha poesía; Paulino Martínez, da Irmandade da Fala da Coruña, fai recollidas de tradición oral en Allariz (nº 6). Outros que tamén colaboraron algo foron Tomás Cid, Ignacio Herrero, Alfonso Trigo e Alejos Álvarez Nóvoa. Francisco Lanza publica dúas entregas relacionadas co “O insino en Ribadeo dende o século XVI o XIX” (nºs 60 e 61). Asemade, fálase da popular e tradicional festa dos Maios (nº 18).

En especial, no ano 1931 (nº 123), alumnos da Normal de Ourense comentan anécdotas de distintas localidades: José García Gallo, Antonio Reza Paz, Elisardo González Paradelo; e en 1932, María Sánchez Fernández, Carmen Somoza Pato, Purificación González Feijóo, Dolores Fernández Quintás e Josefa Rodríguez Vázquez. Concretamente, Manuel Gallego Seara, mestre nacional en Laiosa (Sarria), recolle contos; o alumno Gonzalo Nieto Cortiñas nun cuestionario traballou o folclore de freguesías de San Pedro de Moreiras (Toén); Xosé Núñez de Búa recolle adivi-

ñanzas en Tenorio, Pontevedra e Xosé Rodríguez de Vicente fai o mesmo en Val Miñor; Ben-Cho-Shey trata elementos folclóricos de San Andrés de Teixido” (nº 37) do ano en que estivera alí de mestre, oracións a San Miguel (nº 38) e contos procedentes de Santa Marta de Moreiras (nº 4), parroquia da que escribiu unha excelente monografía.

Xa que logo, estamos ante a consideración da etnografía como unha técnica descritiva dun modo de entender a vida dunha raza concreta, cos seus comportamentos peculiares, as súas regras que representan estilos e formas de vivir das persoas que habitan ese espazo sociocultural determinado dotándoa de significados propios.

De por parte, retomando o tema do ensino, pedagoxicamente dende a revista tratábase tamén de potenciar as saídas e excursións escolares. Nesta liña menciónase como mestre exemplar ao compostelán Francisco María de la Iglesia por realizar co seu alumnado visitas ao campo de carácter cultural e falándolles en galego. Célebres foron as xeirias realizadas por lugares singulares de Galicia por xoves dos agrupamentos *Utreyra*, creados polo profesor de xeografía e historia e director do instituto de Noia, Álvaro María das Casas, nos inicios da IIª República. Entre os seus valores coméntase na revista como esta agrupación xuvenil, formada basicamente por rapaces de 12 a 20 anos, trataba de inculcar un pensamento novo coa pretensión de dar a Galicia días de gloria e de conseguir un posto de honra nas vangardas da galegitude (nº 98). Experiencias que o alumnado tiña que anotar nun diario ao final de cada xornada.

Resultan moi interesantes o seguimento que dende esta revista *Nós* se facía das viaxes de estudo ao estranxeiro polo alumnado universitario, especialmente as realizadas por Castela, cuxas vivencias se publicaron en varias entregas co título “Do meu diario” e a de Vicente Risco con destino Berlín, Praga e Viena, contadas en varias partes co título “Da Alemaña”. Experiencias do visto, oído e vivido que tiñan que recoller nun diario a xeito de memoria, moitas delas publicadas con auténtico valor literario e exemplificantes de contido por canto nelas se podía tirar ao servizo de Galicia.

“NÓS” recomenda . . .	
O GALO por † Lois Amado Carballo 3'00 ptas.	A Maorazga por Ramón Otero Pedrayo 2'00 ptas.
Margarida a da sorriso d'aurora por Evaristo Correa Calderón 0'50 ptas.	O Estudante por Ramón Otero Pedrayo 2'50 ptas.
De mín pra vós por † Ricardo Carballal 1'00 pta.	Dibuxos en Linoleum por Xaime Prada 2'50 ptas.
CONTO DE GUERRA por Camilo Díaz Ballo 2'00 ptas.	A tola de Sobrán por Francisco Porto Rey 0'90 ptas.
A fiesta valdeira por Rafael Dieste 2'50 ptas.	O Bufón d'El Rei por Vicente Risco 0'90 ptas.
ESTEBO por Xosé Lesta Meis 3'50 ptas.	O porco de pé por Vicente Risco 3'00 ptas.
María Rosa por Gozalo López Abente 1'20 ptas.	Camigas e verbas ao ar por Xulio Sigüenza 2'00 ptas.
De Catro a Catro por Manuel Antonio 1'50 ptas.	Tríptico Teatral por Antón Villar Ponte 3'00 ptas.
Como falan os braneiros por Antón Noriega Varela 2'00 ptas.	HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA por Ramón Villar Ponte 5'00 ptas.
Os Señores da Terra por Ramón Otero Pedrayo 2'50 ptas.	Doctrina Nazonalista por Ramón Villar Ponte 2'50 ptas.
Diccionario Galego-Castelán .. de .. D. Eladio Rodríguez González en cuadernos quincenaes ao prezo d'unha peseta	

Recomendación de lecturas de obras escritas en galego

Acaso, pensando na hixiene da infancia, na revista anunciábase acotío o “Xabón da Toxa” para o lavado diario das e dos cativos por canto contribuía “ô perfeito desenrolo das criaturas” e a evitar “o perigo da escrófula e o raquitismo”, males presentes na época.

O TEMA DA LINGUA

No que toca ao uso da lingua galega, había que normalizalo en todos os ámbitos sociais. E a propia revista foi escrita nese idioma demostrando ao mundo enteiro que o galego non tiña que estar relegado exclusivamente ao uso oral senón que tiña cabida nos diversos eidos. Tamén no científico. Ata contou cunha sección filolóxica, aínda que compartida coa etnográfica. Mais, abofé que o cabalo de batalla estaba no ensino onde se precisaba dunha normativización estandarizada que se puidera aplicar en todos

os centros educativos e non andar cada quen pola súa conta.

Ora ben, segundo Risco, dentro do galeguismo no que algúns andaban de “ponla en ponla, com'os gayos”, o tema lingüístico era o sector de loita “con mais perigo pra se meter”. Había defensores de varios tipos. Por unha parte estaban os que eran partidarios do galego antigo empregado na *Estoria Troyana*; por outra, os que querían impacientemente estreitar a aperta de Portugal e Galicia poñendo *nb* e *lb*. E finalmente os que se inclinaban por unha postura máis práctica seguindo a Valladares, polo menos mentres don Eladio Rodríguez non rematase o seu dicionario¹⁴.

En consecuencia, como non había norma algunha, comezaron os debates con posturas diferenciadas. O inspector de ensino en Ourense, Antonio Couceiro Freijomil dá a súa postura de como tratar certas adicións, supresións e enlaces producidos por razón de eufonía e a maneira de representalas¹⁵. Por outra banda Risco publica un artigo sobre “o galego que se non fala”, referíndose a un interesante traballo do ilustre académico Manuel Amor Meilán publicado no Boletín da Real Academia Galega sobre a riqueza lexicográfica que se atopan en documentos antigos e da que deberían botar man os escritores e achega unha lista de palabras ao respecto¹⁶. Preocupados por este tema, os dous, Couceiro e Risco, lle chegaron a pedir á lingüista Margot Sponer que escribise algunhas notas sobre o galego, ao que ela contestou a través dun artigo¹⁷. No número 18, en 1923, Luis Cortón, seguidor da identidade gráfica coa lingua de Portugal, xa plantea aos colaboradores de *Nós* que dean o seu parecer en col de si é tempo que nesta mesma publicación se inicie o feito da reforma ortográfica.

Froito dese esforzo, en xaneiro de 1933 (nº121) indicábase como por parte do Seminario de Estudos Galegos se estaba facendo circular un folleto coas conclusións acordadas pola Sección de Filoloxía, baixo o título de “Algunhas normas pra a unificación do idioma galego”, presentadas previamente polo inspector citado á Asemblea do Seminario tida en Pontevedra no ano 1928 e enriquecidas agora cun apéndice do

profesor Moralejo da Universidade Compostelá e cun informe dos xefes de Sección do SEG. Normas feitas tendo en conta basicamente traballos do inspector Couceiro Freijomil que abarcaban tres ámbitos: normas ortográficas, fonéticas e morfolóxicas. Mesmamente a contribución lexicográfica viuse enriquecida pola recollida de topónimos, alcumes, ditos e falares do pobo, etimoloxías, comentarios dalgúns termos, vocabulario diverso e xergas coma as utilizadas polos cesteiros de Mondariz a cargo de Enrique Peinador Lines (nºs 11, 13 e 14), empresario galeguista dono do Balneario de Mondariz e filántropo de iniciativas culturais.

No seu labor pedagóxico importante foi o espazo propagandístico dedicado a animar á lectura de revistas e libros de autores galegos, algún tamén en portugués e nalgún outro idioma. Cítanse: *Os nenos*, de Xosé Figueira Valverde; *No desterro*, *Da Terra Asoballada* e *Vento Mareiro*, de Ramón Cabanillas; *Cousas*, de Castelao; *Néveda*, de Francisca Herrera Garrido; *Adoración*, de Leonardo Coimbra; *Abrente*, de Victoriano Taibo; *Doutrina Nazionalista*, de Antón Villar Ponte; *Maranos*, de Teixeira de Pascoaes, entre moitos outros. Por outra banda, destácanse comentarios de numerosos libros, revistas, boletíns e xornais locais, nacionais e internacionais como *A Aguia*, do Porto; *La Douce France*, de París; *Heraldo Gallego*, de Bos Aires; *La Voz*, de Marín; *El Tea*, de Pontearreas; *La Ráfaga*, de Vigo; *El Pueblo*, de Pontevedra; *Hesperia* e *Horizonte*, de Madrid; *Rexurdimento*; *A Nosa Terra*; *Boletín da RAG*; *Boletín da Comisión de Monumentos*, de Ourense; *Contemporánea*, de Lisboa; *El Ebro*, de Aragón; *LAR* (publicación de novelas curtas dos mellores escritores galegos); *Céltiga*, de Bos Aires; *La Temporada*, de Mondariz, entre algunhas. Tamén houbo intercesións. Foron os redactores de *Nós* (nº 14, 1922) os que aproveitando a visita de Francisco Asorey a Ourense (onde vai deixar unha da súas grandes obras, a sepultura de Dolores Santamarina) enviaron unha mensaxe á Comisión constituída na Habana para custear o monumento dedicado a Currros Enríquez na cidade coruñesa solicitándolle que esa pendente execución fose encargada tamén a dito escultor.

14. Vicente Risco, “Os homes, os feitos, as verbas. Porfías diversas”, *Nós*, nº 26 (1926), 16.

15. Antonio Couceiro Freijomil, “A nos ortografía. De certas adicións, supresións, troques y-enlaces de letras”, *Nós*, nº 25 (1926), 7-9.

16. Vicente Risco, “Lexigrafía. O galego que se non fala”, *Nós*, nº 29 (1926), 15-16.

17. Margot Sponer, “Algunhas notas dos meus estudos sobre filoloxía galega”, *Nós*, nº 37 (1927), 2-3.

A propósito, dáse publicidade da interesante obra pedagóxica de Risco *Elementos de Metodología de la Historia* (nº 64) que servía de guía nas clases do estudantado de Maxisterio, autor que traduce ao galego un artigo de Fhileas Lebesgue publicado en *L'Esprit français*, co título “O camiño de Sant'Iago” (nº 84). Nesa mesma liña de potenciar o noso idioma na lingua literaria, Otero Pedrayo traduce *Ulyses*, de James Joyce, ademais de falar, entre outras cousas, dos “Problemas da xeografía galega” (nº 46), de engadir notas sobre as formas de poboación labrega, contribuír cun interesante estudo sobre a parroquia de Trasalba, a “Morfoloxía das Vilas Galegas”, (nº 25) e sobre “a paisaxe romántica” (nº 38). Describe mellor ca ninguén elementos xeolóxicos, fisiográficos, antropoxeográficos, da nosa terra e da paisaxe. A súa obra, *Sintese xeográfica de Galicia* anunciábase a venda por un prezo de tres pesetas.

En definitiva, estamos ante unha revista da cultura galega que en cada un dos seus números nos honra e prestixia na nosa vida coma galegos e galegas e que soubo elevar ao ámbito científico a sabedoría popular da nosa xente, aínda que ás veces fose pouco instruída na escrita, mais, pola contra, ilustre na oralidade. Un tesouro aínda non superado deica o de agora por ningunha outra publicación, coa única pega, se cabe, dende unha visión igualitaria de xénero, de que foi un proxecto de homes, pois a participación da muller limitouse unicamente a algunha colaboración puntual e escasa.

nós.



NÚM. 2
30 Novembro do 1920

**Pódese afirmar
que a revista *Nós*
representa un esforzo titánico e xeneroso
por normativizar e normalizar lingua e cultura, acometido
sen desalento por un grupo de persoas de grande talento e de
compromiso firme e leal coa Terra.**

Preocupacións lingüísticas na revista

nós

Delfín Caseiro Nogueiras

Presidente do Padroado do Museo da Limia

A tarefa que se imponen os intelectuais que forman o grupo Nós é inxente, titánica, a máis fermosa utopía. A descuberta da identidade, após moitas voltas de viaxes a culturas afastadas, ten de ser afirmada e espallada ao conxunto da sociedade.

Vicente Risco maniféstalle ao poeta Teixeira de Pascoaes na primeira carta (20/02/1920) que lle escribe:


“ (...) foi esí que principiei a padrical-o Atlantismo (...) que é a forma que en min ten a Espranza, n'un Alén posíbel no que Portugal e Galicia serían a mesma cousa...”

A arela nosa é de faguer de Portugal e de Galicia unha soia patria espiritual, a nos integrar no pensamento e no sentimento atlántico.”

O intelectual ourensán é un dos membros máis significados das Irmandades

da Fala, en cuxo ideario Portugal preséntase como modelo e aspiración. Un dos obxectivos políticos prioritarios que se formulan é o establecemento das bases sobre as que se asente un futuro federalismo co país irmán.

A presenza de Portugal nas páxinas das revistas literarias *-Alfar* (A Coruña, 1920), *Ronsel* (Lugo, 1924), *Resol* (Santiago de Compostela, 1932), etc.- e dos xornais galegos *-El Noroeste* (A Coruña), *El Ideal*



A descuberta da identidade, após moitas voltas de viaxes a culturas afastadas, ten de ser afirmada e espallada ao conxunto da sociedade.

Así llo manifesta Vicente Risco ao poeta Teixeira de Pascoaes.

(...) foi esí que principiei a padrical-o Atlantismo (...) que é a forma que en min ten a Espranza, n'un Alén posíbel no que Portugal e Galicia serían a mesma cousa...

Portugal convértese na máis grande inspiración para os intelectuais galeguistas. Mais han de ser, sobre todo, dúas publicacións emblemáticas, senlleiras -A Nosa Terra e Nós- as grandes plataformas de difusión das manifestacións da cultura e da realidade portuguesas. E tres son os intelectuais galegos que máis se implican na empresa: Antón Villar Ponte, Xohán Vicente Viqueira e Vicente Risco.



Gallego (Santiago de Compostela), *La Zarpa* (Ourense), *Galicia* (Vigo), *El Pueblo Gallego* (Vigo), etc.- é unha realidade que non para de se acrecentar durante anos. Portugal convértese na máis grande inspiración para os intelectuais galeguistas.

Mais han de ser, sobre todo, dúas publicacións emblemáticas, senlleiras -A Nosa Terra e Nós- as grandes plataformas de difusión das manifestacións da cultura e da realidade portuguesas. E tres son os intelectuais galegos que máis se implican na empresa: Antón Villar Ponte, Xohán Vicente Viqueira e Vicente Risco.

As Irmandades da Fala identifican a personalidade colectiva coa lingua. Desá identificación nace a revista *Nós*, unha das máis importantes empresas culturais do século XX. A publicación coñece dúas etapas ben diferenciadas como foro cultural de comunicación entre Portugal e Galicia.

Un elenco importante de autores portugueses figura na cabeceira como colaboradores: Teixeira de Pascoaes, Leonardo Coimbra, Alexandre de Córdova, J. Cervaens Rodrigues, Souza Aguiar, Cunha Barros, Hernani Cidadi, etc.

Para a profesora Aurora Marco Lopes, a liña de pensamento formulada por *Nós* foi recibida con grande entusiasmo por parte da intelectualidade portuguesa, o que propicia un forte desexo de colaboración.

Os 18 primeiros números (30/10/1920 - 1/7/1923) poden ser considerados como unha auténtica publicación conxunta galego-portuguesa, materialización dun intenso desexo de irmandade, a pesar das grandes dificultades que hai que salvar.

En carta do 25/04/1922, Vicente Risco manifesta a súa gratitude ao amigo Teixeira:

“Non se pode decir a cantidade d’esforzo de todas clases que nos costa sacar o Nós, mais achámonos dispostos a continualo, a milloralo, a faguer d’il o portastandarte da nosa civilización, da Patria espiritual comun galego-portuguesa. Por iso, hemos agradecer vivamente canta axuda se nos preste d’esa parte, e por todol-os meios hemos intensifical-as nosas relacións.”

Desde o primeiro número, faise explícita a vontade de achegamento a Portugal, á súa lingua e ás súas manifestacións culturais. Após o editorial “Primeiras verbas”, que abre o boletín, reproducécese o poema “Fala do sol” de Teixeira de Pascoaes, dedicado “Aos jovens poetas galegos”. E na sección “Os homes, os feitos, as verbas”, a primeira referencia, da autoría de Vicente Risco, leva por título “Teixeira de Pascoaes e *Nós*”. “Temos a Teixeira de Pascoaes coma cousa nóra, e n-as nóas internas devociós témol-o moi perto da santa Rosalía e de Pondal, o verbo da lembranza.”(p.18).

No número 2 (30/11/1920), a crónica “Portugal e Galizia” informa dos pasos dados no proceso de recíproco coñecemento entre as dúas colectividades.

No número 3 (30/12/1920) reproducíase unha interesante carta de Leonardo Coimbra a Vicente Risco:

“Recebi o primeiro número da revista Nós. Magnífica! O seu artigo é, meu amigo, o mais belo hino á terra e uma perfeita concepção do verdadeiro amor religioso. Ninguén mais do que eu sentirá a verdade e a beleza desse verbo d’amor. (...)”

“As vossas terras são «aquelas terras onde ainda não fui...», são ja terras da minba Saudade!” (pp.3-4). O filósofo fai referencia ao artigo “O sentimento da terra na raza galega” que aparece no nº 1 da publicación (pp. 4-9).

Na recensión dunha tradución ao castelán da obra poética de Teixeira de Pascoaes que aparece no número 4 (31/1/1921) afirmábase: “Nós, por fortuna, non precisamos pra coñecer y-amar ó mestre, de vertel-as suas obras a un idioma difrente do seu, qu’en resumidas contas é o noso.” (p. 18).

No número 5 (24/6/1921), un novo artigo de Vicente Risco saúda con entusiasmo a segunda edición do poema *Marânos* (1920), do creador de Amarante.

O número 7 (25/10/1921) informa da viaxe a Galicia dun grupo de intelectuais e artistas portugueses: “A embaixada espiritual de Leonardo Coimbra”; “Leonardo Coimbra e o criacionismo.” Recolle tamén a caricatura do pintor João Peralta, presentado como “axente de *Nós* en Portugal”, feita por Álvaro Cebreiro. Na sección “Os homes, os feitos, as verbas”, aparecen as recensións dos libros *Adoração* de Lenardo Coimbra e *Cantos indecisos* de Teixeira de Pascoaes. E na publicidade, anúncianse diversos libros do poeta de Amarante: *Terra prohibida*, *Arte de ser Portuguez* (sic), *Sempre*, *As sombras*, *Marânos*, *Cantos indecisos*.

No número 14 (1/12/1922) transcríbese o poema “De min”, de Teixeira de Pascoaes, dedicado “aos grandes poetas da Galiza, Cabanillas e Varela”. E no número 18 (1/7/1923) dáse conta aínda da conferencia ditada por Teixeira de Pascoaes en Madrid, no mes de maio, crónica xornalística de Luís Cortón do Arroyo: “Don Quixote e a saudade.”


Reprodúcense textos de autores portugueses: Alexandre de Córdova, Hernani Cidade, Souza Aguiar, etc.

Son innúmeras as recensións de libros de escritores lusos: Pereira Cardoso, Orlando Marçal, Pina de Moraes, Leonardo Coimbra, Alfredo Pedro Guisado, M^a da Gloria Teixeira de Vasconcelos, João de Castro, Antonio de Cértima, Antonio Sardinha, Claudio Basto, Raul Brandao, etc.

Outro tanto acontece coas revistas portuguesas: *A Águia* (Porto), *Talabriga* (Aveiro), *Revista de Guimarães*, *Revista da Faculdade de Letras da Universidade do Porto*, *Seara Nova* (Lisboa), *Contemporânea* (Lisboa), *Porto Académico*, *Nação Portuguesa* (Lisboa), *Bíblis* (Coimbra), etc.

O último traballo de vinculación entre as dúas culturas é “Camões e Pondal”, de Fermín Bouza Brey, que aparece no número 134 (15/02/1935).

O recurso á oralidade por parte dos escritores do Rexurdimento vai propiciar que na lingua escrita aparezan continuas vacilacións gráficas, morfosintácticas e léxicas. Simultaneamente, comezan as primeiras polémicas entre os defensores da recuperación do idioma. O escritor Valentín Lamas Carvajal, director do primeiro xornal galego, *O Tío Marcos d’a Portela*, vai ser un dos que máis se im-



No número 14
(1/12/1922)
transcríbese
o poema “De
min”, de Teixeira
de Pascoaes,
dedicado “aos
grandes poetas
da Galiza, Cabanillas
e Varela”.

plique no asunto a partir de 1875. A Real Academia Galega (1906) nace co propósito de redactar unha gramática e un dicionario para se constituíren como referencias de autoridade lingüística.

Leandro Carré Aldao cóntanos no artigo “O momento actual da ortografía galega” (*El Pueblo Gallego*, 25/07/1926, p. 4) como se acometen os intentos iniciais de unificación lingüística:



“... na «Cova Céltica» (...) chegaron a se por d'acordo adoutando unha forma de escribir o galego, crara, sinxela, elegante, enxebre, c'un mínimo de guiós e apóstrofos e outros sinos que dificultaban a lectura...”

A urxencia de fixación dunha normativa ortográfica para a lingua acentúase durante o primeiro terzo do século XX, co acrecentamento dos debates na procura dunha rápida unificación.

As preocupacións e propostas lingüísticas dos galeguistas van ter nas publicacións *A Nosa Terra*, *El Pueblo Gallego* ou *La Zarpa* algunhas das plataformas máis significadas para o debate intelectual e para a difusión á sociedade de acordos e controversias.

Vicente Risco manifesta que unha cultura ten de se sustentar nunha lingua de seu. Se Galicia existe como pobo é mercé ao idioma e á tradición literaria. No seu ensaio “O idioma galego na nosa vida e na nosa cultura” (*El Pueblo Gallego*, 25/07/1928, p.2) considera:

“Non somentes a língoa nos conservou a persoalidade, senón a psicoloxía. (...) O galego foi sempre e é agora mesmo, unha língoa esencialmente educadora, suxetiva, formadora do espírito. Si os galegos houberan sido educados nela, hoxe serían un dos pobos máis cultos da Europa. (...) Se Galiza é moito, case todo, o que deba á súa língoa, é moito máis o que lle pode deber aínda.”

Destas consideracións nacen os seus plans para normalizar a educación en Galicia: “Plan pedagóxico pr’a galeguización nas escolas galegas” e “Informe do irmán Risco”. A introdución do galego no sistema educativo dunha sociedade eminentemente rural impónse como unha necesidade e como unha expresión de xustiza. Os intelectuais que demandan a galeguización da escola son ben conscientes que polo desprezo da lingua comeza a negación do país.

As contribucións do director da revista *Nós* ao debate lingüístico aparecen sobre todo no xornal ourensán *La Zarpa*, dirixido polo crego Basilio Álvarez, que recolle unha serie de dezasete artigos co título “A nosa fala”.

Nunha longa carta dirixida ao mestre ourensán, Manuel Portela Valladares, fundador do xornal *El Pueblo Gallego* (1924), publicada en *Nós* (nº 17, 01/03/1923, pp. 2-6), co título “En col da língoa galega”, proclama a necesidade do activismo lingüístico:

“E en col da língoa, bai unha meditación que faguer, impónse a todos nós

O último traballo de vinculación entre as dúas culturas (galega e portuguesa) é “Camões e Pondal”, de Fermín Bouza Brey, que aparece no número 134.

un día de recollemento, para trazar ben as orientaciós que debemos seguir. Repare vostede que non falo de fixar canon ao idioma sinon sômentes das directivas, da incrinación que se lle deba donar.”

Fala do imperativo de “reconstituir e completar a nosa língoa”. As fontes teñen de ser as manifestacións da fecunda cultura popular e da extraordinaria literatura medieval.

Manifesta de maneira moi expresiva a necesidade de (re)creación dun rexistro culto: “A língoa non pode sel-a mesma pra falar de chouza a chouza, que pra falar de libro a libro.”

O autor fai unha apelación entusiasta ao encontro co portugués, “língoa irmán”:

“... n’haberá quen teña á potestade d’impedir que por cima de todas as fronteiras s’abracen a língoa galega e a língoa portuguesa.”

E argumenta aínda a posibilidade de difusión do galego para alén das nosas fronteiras: “Considere vostede que somos trinta millóns os que podemos entender-nos co mesmo idioma.”

Vicente Risco defendía o galego como lingua diferencial nun artigo d’ *A Nosa Terra* (nº 95, 25/07/1919, pp. 3-4), “Prosas galeguistas. Ortografía”:

“O idioma galego debe ser galego e non portugués. Nesto estou c’o mestre Ribalta.

Pro, millor quero o aportuguesamento qu’a castelanización. A língoa galega, co’a que se ten que pór n’unha forma defensiva é co-a castelana que é a que máis mal lle pode facer. Nesto estou c’o mestre Viqueira.”

E máis adiante acrecenta:

“Por iso, eu, como bó epigón, quero millor empregar a que xa se fixo crásica, a dos nosos hermes de fis do século derradeiro, a de Rosalía, de Curros, de Lamas, de Pondal. E polo d’boxe, gracias a Dios, y-en boa hora vaia dito, vaime ben co-ela.



Ten a gracia decorativa dos apóstrofos, dos guiós, dos acentos circunflexos que lle dan un aire europeo que non debera perder. Non hai qu’esquecel-a estética que n’esto tamén a hai.”

O director de *Nós* entende que a fixación dun rexistro estándar ten de ir estreitamente ligado á normalización da lingua na sociedade e á súa implantación no sistema educativo. A escola ten de cumprir un papel fundamental na unificación do idioma.

No número 18 de *Nós* (01/07/1923, pp. 10-12) reproducése unha crónica de Luis Cortón do Arroyo, membro da Institución Libre de Ensinanza, co título “Teixeira de Pascoaes en Madrid. Don Quixote e a saudade” verbo dunha conferencia ditada polo poeta portugués na capital de España.

O escritor Valentín Lamas Carvajal, director do primeiro xornal galego, *O Tío Marcos d’a Portela*, vai ser un dos que máis se implique no asunto das continuas vacilacións gráficas, morfosintácticas e léxicas a partir de 1875.



As contribucións do director da revista *Nós* ao debate lingüístico aparecen sobre todo no xornal ourensán *La Zarpa*, dirixido polo crego Basilio Álvarez, que recolle unha serie de dezasete artigos co título "A nosa fala".

Unha nota da redacción recolle algunhas reflexións lingüísticas de interese, que formulan unha nova orientación para a lingua escrita:

"O noso moi querido irmao Luis Cortón préganos que n-iste traballo seu respeitemos con toda fidelidade a forma gráfica por il empregada, co-a que di quer contribuíre «a labor de milloramento da nosa ortografía que tarde ou cedo terase que encamiñar mesmo por propia conveñencia, a unba maior identidade

gráfica co-a lingua de Portugal». A ortografía do Cortón, que vén a ser a nosa verdadeira ortografía enxebre que s'atopa nos documentos antigos e mais en moitos escritores do século pasado, foi empregada en NÓS en artigos de Jaime Quintanilla, de Johan Viqueira e outros autores. Si temos adoutado xeneralmente a empregada pol-os escritores ourensanos do XIX—Lamas Carvajal, Curros Enríquez, Saco e Arce— non é por que a teñamos por millor, pois temos que recoñecer que ningunha razón centífeca hai qu'a abone, senon por pensarmos qu'a xente está mais afeita a lêr o galego escrito d'ise xeito que foi o que mais se popularizou no noso tempo, que non

na ortografía erudita que pra ben ser debérase levar.

De total-as maneiras, alegrámonos qu'o Cortón veña tragner ise asunto a autalidade, e aproveitamos a ocasión pra propôr òs colaboradores de NÓS nos dean o seu parecer en col de si é xa tempo de que n-esta mesma publicación s'inicie de feito a reforma ortográfica."

Proba da relevancia que vai gañando o asunto é que Antonio Couceiro Freijomil, autor d' *El Idioma Gallego* (1935), que xa aparecera en 1926 nun volume da obra *Geografía General del Reino de Galicia*, abre nova sección, "A nosa ortografía", no número 24 de *Nós* (15/12/1925, pp. 5-8) co título de "Sobre o emprego do apóstrofo".

O texto comeza con esta contundente declaración de intencións:

"Cousa moi importante e o tratar de fixal-a ortografía da nosa fala. N'oustante as dificultades que n'elo hai, atrevémonos a dar a nosa opinión, cinguíndonos pol-o de hoxe a un punto concreto e someténdonos ô fallo dos escritores rexionás, òs que toca dicir si vamos ou non por bo camiño.

Hastra o día cada un escribeu como lle veu âs mentes, y-esto non pode ser. É tan arbitraria a nosa ortografía que si fundándonos en testos dos literatos do país quixéramos formar unha escolleita de regras de escritura, sería conto de nunca acabar y-habería para todol-os gustos.

¿Non se pode poñer mau n'esa anarquía? ¿Non se pode reducir esa tan vasta multipricidade de normas gráficas?

Coidamos que si, y-a tal fin deben ir os esforzos dos que se xuzguen capaces pra tratar da custión.

Non se cre o autor de estas liñas unba autoridade na materia, nin moito menos: da o seu parecer como un profano e deixa que os doutos falen, si queren."

O autor maniféstase partidario dunha drástica redución dos usos do apóstrofo na lingua escrita.

No número 25 de *Nós* (15/01/1926, pp. 7-9), a sección lingüística de Couceiro Freijomil garda estreita relación coas realizacións fonéticas e presenta o suxestivo título de "De certas adicións, supresións, troques y-enlaces de letras".

Comeza nestes termos:

"Seguiremos boxe as comenzadas ou servacións sobre a nosa ortografía. O novo punto a tratar serán certas adicións, supresións, troques y-enlaces de letras, producidos por razón de eufonía, y-a maneira de representar todo elo."

No número 26 de *Nós* (15/02/1926, pp.16-18), na sección "Os homes, os feitos, as verbas", aparece un texto co título de "Porfías diversas", asinado por Vicente Risco, cunha epígrafe dedicada á fala (lingua), que expresa de maneira moi literaria o debate lingüístico (ortográfico) da época e que se reproduce aquí de maneira íntegra.

"N-iste seitor da loita é onde bai mais perigo pra se meter, pois bai señores que chaman galego antigo ô da ESTORIA TROYÁA, e naturalmente, están pol-o galego antigo, e a sua carraxe leva cobiza d'agresión.

Na outra trincheira, os que queren estreital-a aperta de Portugal e Galiza



poñendo nh e lh, non teñen pacencia pr'agardar qu'a chuvia derreta as estatuas de sal.

Mais práctica –sen tirarlle intrés a aquela porfía– é a idea de volver imprimir o Valladares, pol-o menos, namentras Don Eladio Rodríguez nos dá o seu."

No número 29 de *Nós* (15/05/1926, 16) reproducése un traballo do académico Manuel Amor Meilán publicado no *Boletín de la Real Academia Galega* co título "Lexicografía. O galego que se non fala" e que incorpora, así mesmo, comentarios de Vicente Risco. Trátase dunha relación de termos (arcaísmos) que aparecen nos documentos antigos e que os escritores deberían incorporar ás súas creacións.

Son palabras do comentarista:

"Non quixemos eiquí dar mais que unbas notas feitas a prêsa e correndo. Por fortuna, bai quen con mais coñecencia e autoridade pode adiantar n'iste tarreo e todo traballo de esta clás que se nos mande Nós acollerao con leducia e pubricarao da millor vontade."

Vicente Risco defendía o galego como lingua diferencial nun artigo d' A Nosa Terra "Prosas galeguistas. Ortografía".

Antón Villar Ponte, fundador das Irmandades da Fala e director d' *A Nosa Terra*, publica no número 50 de *Nós* (15/02/1928, p.20), a maneira de editorial, o texto titulado "O problema da Lingua", no que avoga por unha necesaria e urxente normalización lingüística na sociedade galega.



Antón Villar Ponte, fundador das Irmandades da Fala e director d' *A Nosa Terra*, publica no número 50 de *Nós* (15/02/1928, p.20), a maneira de editorial, o texto titulado "O problema da Lingua", no que avoga por unha necesaria e urxente normalización lingüística na sociedade galega.

¿Por qué é preciso cultivar a lingua galega? Porque toda lingua cultivada representa unha cultura orixinal. E os pobos que teñen unha lingua de seu son pobos orixinaes, até o extremo de que si a esquencen ou desprezan acababan sempre por sentírense inferiores, na comparanza con outros, ó longo dos tempos. (...)

Logo se non poderá falar seriamente da cultura na Galiza sin termar da política da lingua."

A sección "Os homes, os feitos, as verbas" do número 54 de *Nós* (15/06/1928, p.120) referencia o libro *Grafía galega* (1927), A Habana, de Fuco G. Gómez (Francisco Gómez Gómez), escritor e político emigrante en Cuba.

"O noso querido compatriota Fuco G. Gómez, gran patriota galego a quen debe moito a causa de Galiza na Illa de Cuba, fixo un verdadeiro esforzo por escrarecel-a grafía do noso idioma, con documentazón gramatical –de gramática normativa– e pedagóxica. Fixo un libro de caraute esencialmente prático, detallado e ilustrado con toda caste d'eixemplos e modelos no que se poida deprender a afalar e escribil-o galego. Sen estarmos conformes en todol-os puntos co-a grafía que propón, nin tampouco c'algunbas das formas ver-

bás qu'emprega, non deixamos de considerar importante o seu traballo. Cuasementes, cand'iste asunto da grafía estase debatendo tanto eiquí, é ben chegado iste libro, pra que total-as opiniós señan escoitadas e se tome en conta o que teñan d'atinado. S. N."

O número 71 de *Nós* (15/11/1929, pp.205-206), dedicado ao mestre Antón Lousada Diéguez polo seu pasamento, incorpora na sección "Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza" unha colaboración do etnógrafo de Lobeira, Xoquín Lourenzo (sic), co título "Apuntes de geografía lexicográfica galega. Algunhas verbas d'usanza corrente en Lovios (Ourense)".

O traballo recolle 77 termos (algunhas locucións) destas terras lindantes con Portugal.

No número 90 de *Nós* (15/06/1931, pp.98-100) aparece un interesante texto do lingüista pontevedrés Manuel Lesteiro López, co título de "Perspeitivismo, espírito e fala".

Comeza desta maneira:

"No ensaio que sigue un iletrado –come cacabuets, vai a «galiñeiro»– trata de pôr ó alcance de total-as intelixencias a metafísica do idioma. Ten iste atrevimento porque decatándose da importancia de faguer comprehendel-o probrema, cree lealmente que ninguén como un non metafísico pode falar ós non metafísicos. E il n-istas custións da yalma –da psique, como din os que entenden– pálpase moi cativiño."

E máis adiante suliña:

"Se queremos vivir a nosa integral per-soalidade, se queremos dispor do no-

so ceibe esprito (boxe hipotecados por unba língoa e unba estruturación estatal alleas) «temos de aceutar o noso propio destino» (drama noso, intransferible, no escenario da vida) recollendo o «suma e sigue» do fondo espiritual do noso pobo, do que non podemos arredarnos sen perda.»

O etnógrafo Fermín Bouza Brey achéganos no número 95 de *Nós* (15/11/1931, pp.204-205) un fermoso traballo lexicolóxico co título de “Nomes galegos da ‘Dixitalis Purpúrea L.’”.

O escritor referencia a relevancia desta planta na flora galega e recolle dezaoitto denominacións estendidas por toda a xeografía, moitas delas de creación onomatopeica –“estraloque”, “cloque”, “cócalo”, “belitroque”– por seren empregadas as súas flores nos divertimentos infantís.

Os nomes actuais desta planta, de crecemento espontáneo, expresan a variedade e a riqueza lingüística a que deu lugar: “dixital, abeluria, belitroque, borleta, croque, dedaleira, milicroque, estalote, estraloque, sanxoán, seoane”.

A sección “Os homes, os feitos, as verbas” do número 98 de *Nós* (15/02/1932, pp. 32-36) incorpora un apartado coa epígrafe “O idioma galego: mundo adiante” no que se relacionan suscritores ilustres deste *Boletín Mensual da Cultura Galega*.

“De canto interesa o movemento cultural da Galicia na hora presente ós sabios, e do carácter de universalidade que adquire con il o noso idioma, podrá dar lixeira ideia a publicación dos nomes de algunbas persoalidades i-entidades que nos honran como suscritoras da revista NÓS.

Sen escolla previa, senón abrindo unba páxina calisquera dos nosos li-

bros de contabilidade topamos, en gloriosa mistura, filólogos e etnógrafos, arqueólogos e prehistoriadores, centros de sona inmensa no orden da investigación.”

Estes son algúns dos nomes referidos: Raymond Lantier, Meyer Lübke, Philéas Lebesgue, Rodrigues Lapa, Hoffman Krayer, Universidade de Hamburgo, Facultade de Letras de Coimbra, revista *Seara Nova*.


O etnógrafo ourensán Xaquín Lorenzo Fernández, na sección “Arquivo Fololóxico e Etnográfico de Galiza” do número 121 de *Nós* (15/01/1934, pp. 14-16), achega o traballo de léxico “Papeletas pra un dicionario”, no que reúne 119 palabras cos seus significados, das terras fronteirizas de Lobeira e que xustifica desta maneira:

“Damos a continuación algunbas verbas de uso corrente na terra de Lobeira (Ourense).

Moitas serán de uso corrente n-outros sitios, mais coidamos que aínda n-iste caso, non carez de intrés a súa localización.

Todas istas verbas foron escoitadas por nós dos beizos da xente, especialmente dos vellos. Cecaís n-algunbas se note influencia portuguesa, mais hai tanta razón pra que no noso léxico infruía Portugal, coma Castela. O seu valor é, pois, positivo, e ao noso vocabulario deberán ser incorporadas.”

Neste mesmo número da revista, na sección “Os homes, os feitos, as verbas”



O número 71 de *Nós* (15/11/1929, pp.205-206), dedicado ao mestre Antón Lousada Diéguez polo seu pasamento, incorpora na sección “Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza” unha colaboración do etnógrafo de Lobeira, Xaquín Lorenzo (sic), co título “Apuntes de geografía lexicográfica galega”.



O etnógrafo ourensán Xaquín Lorenzo Fernández, na sección "Arquivo Fololóxico e Etnográfico de Galiza" do número 121 de *Nós* (15/01/1934, pp. 14-16), achega o traballo de léxico "Papeletas pra un dicionario"

(pp.16-20), aparece un texto co título "Pra a unificación do idioma galego" no que se informa do transcendental labor que está a facer neste ámbito o Seminario de Estudos Galegos (1923), que integra moitos dos artífices e colaboradores da revista *Nós*.

Para o profesor Ricardo Carballo Calero, o idioma galego, tanto na súa dimensión oral como na escrita, ha de estar sempre no centro das angueiras da institución. Unha das prioridades do organismo é a fixación dunhas normas ortográficas que acaben coa anarquía na representación escrita da lingua. Na IV Asemblea Xeral do SEG, celebrada en Pontevedra en 1928, Antonio Couceiro Freijomil presenta un traballo para fixar as bases para unha unificación ortográfica. No ano 1931 retómase o asunto con novo entusiasmo e vai ser obxecto de debate por parte dunha comisión integrada pola maioría dos compoñentes da Sección de Filoloxía da entidade, con nomes como os de Pedret Casado, Filgueira Valverde, Xoaquín Lorenzo, etc. En Xuntanza Xeral celebrada o 15 de outubro de 1933, apróbbase o texto *Algunbas normas pra a unificación do idioma galego*, que vai aparecer publicado en *A Nosa Terra* (nº

338, 30/06/1934, p.2). A proposta do Seminario de Estudos Galegos vai supor un paso decisivo no longo e acendido proceso de normativización da lingua e vai estar na base de futuras normativas.

A seguir, reproducécese de maneira íntegra, polo seu interese, o texto da revista *Nós*.

"O Seminario de Estudos Galegos está faguendo circular en folleto as concrusiós acordadas pol-a Seizón de Filoloxía, baixo do tíduo de Algunbas normas pra a unificazón do idioma galego. Naturalmente, que o Seminario non fai outra cousa que propolas a quen as queira acetar, aunque dende logo ban de ser adoitadas de boxe pra diante nas pubricacións do Seminario.

As normas están feitas tendo en conta traballos anteriores, como o presentado pol-o Sr. Couceiro Freijomil â Asambreira do Seminario tida en Pontevedra no ano 1928, empretado despois c'un apêndice do Profesor Moralejo, da Universidade Compostelá, as aoportaciós dos membros da Seizón de Filoloxía, e o informe dos xefes de Seizón do Seminario.

Son de tres castes: Normas ortográficas, que comprenden tres seizóns letras, siños ortográficos e ligazón de verbas. Normas fonéticas e Normas morfolóxicas.

Non son normas ríspetas, nen tampouco son moitas; deixan unba gran liberdade, e sobre todo, respeitan as formas locais e os dialectalismos, que enrequeñan e dan variedade ao idioma. Limitanse a aquiles puntos nos que a anarquía era máis rechamante



e revolante, e a desbotar formas bárbaras ou de excesivo vulgarismo, e a facer trunfar o bon gusto.

O criterio é mais ben eclético e provisional: ispiradas no intento de dar facilidades ao que lee, mantén o uso de x contra g, j, supribe o apóstrofo e limita a usanza do guión, aténdese n-outras cousas ao costume mais corrente, sen consideración escesiva â etimología nen ao fonetismo. As Normas, pol-o tanto, non se poden dar por rigurosamente centíficas, mais a sua orientación práctica é boa e san, doada e sinxela, pol-o qual, nós propoñamos a sua adopción, provisionalmente, e namentras non haxa antre nós un ensino regular da nosa lingua, en cuio caso, coidamos que se debe voltar inmediatamente âs formas que podemos chamar clásicas, e mais â ortografía etimolóxica.

N-outro número, reproduciremos as Normas do Seminario.”

Na última entrega da revista *Nós*, números 139-144 (“Xulio-Nadal de 1935”, pp.204-208), aparece un longo texto (ensaio) de Ramón Villar Ponte, co título “A unificación da língoa” (“Unha preocupación inxustificada-Espello en que fitarnos”).

O galeguista coruñés replícalles a aqueles que demandan unha urxente unificación da lingua que este é un proceso lento e longo, que ha de ser culminado logo dun cultivo intenso e extenso do idioma.

“Ollando o que sucede con outros idiomas, cuio renascere ven xa de lonxe e cuia madurez ven determináda por longo período de afincado e rexo cultivo, xa non atopan por ningures os motivos que poidan ocasionaren ise desacougo e isa fonda preocupación

Na IV Asemblea Xeral do SEG, celebrada en Pontevedra en 1928, Antonio Couceiro Freijomil presenta un traballo para fixar as bases para unha unificación ortográfica.

que parece asoballare aos aludidos escritores nosos que un día e outro rompen lanzas a prol da arelada unificación idiomática.”

E deseguida acrecenta:

“Votando a ollada atrás, craramente se albriscan os grandes progresos feitos pol-o galego dende que as beneméritas «Irmandades da Fala» xurdiron â luz pùbrica. Na colección de «A Nosa Terra» e na colección da revista NÓS poden apreжаться, nidiamente, os adiantos do léxico e de ortografía abranguidos pol-o galego no seu cultivo cotián feito nas columnas das citadas publicacións e nas obras que dende entonces viñeron aparecendo sen interrupción. Como tamén pode apreжаться aquel sensíbel avanzar da lingua, cara a unificación, que nos devanditos documentos escritos se observa.”

O ensaísta fai referencia ao catalán, que ao longo dun século vive unha situación moi semellante, até que o gramático Pompeu Fabra establece unhas normas lingüísticas, aceptadas de maneira unánime polos usuarios. Outro tanto acontece con linguas como o flamengo, o letón ou o checo.

“¿Por qué, pois, abraiarse, porque no galego literario actual sucede exactamente igual que sucedeu nas demais linguas que circunstancias diversas, principalmente políticas, puxeron en trance de desaparición e que, emporiso, voltaron a seren cultivadas e a abrangueren aquela categoría de linguas cultas, de linguas literarias que hoxe teñen? O galego é unha de tantas linguas e por selo sofre e pasa pol-os intres e continxenzas que todas elas sufriron ou sofren. Non hai ren que determiñe a súa eiscepción e por iso o galego axústase, no seu


desenvolvemento actual, ao que é lei xêral, e que por selo obriga sen eiscepcións.”

Aínda referencia o galego da Idade Media, nomeadamente a obra «Crónica Troiana», que non presenta uniformidade gráfica, para concluír con estas proféticas palabras: “A lingua galega, que xa avanzou moito no vieiro da súa unificación, se mostrará unificada relativamente cando lle chegue a súa hora.”

O autor aproveita para honrar e homenaxear, aos poucos meses do seu brutal asasinato, o editor Ánxel Casal, grande animador cultural e administrador da publicación desde o número 44 (15/08/1927) e acaba facendo un chamado á paciencia e á concordia.

“Hai que dare tempo ao tempo e agardar a que percorra o seu camiño obrigado. I-entonces, doadamente, sen violenzas, se terá realizado o feito que os impacientes de boxe, acuciados por un nobilísimo afán patriótico, quixeran xa que se tivese realizado.”

Podemos concluír, após un demorado percorrido polas páxinas da exitosa publicación da identidade, ao longo de quince anos de entusiasmo galeguista, que non son moitas as colaboracións que se ocupan das angueiras lingüísticas, máis ben poucas e esporádicas, de compararmos *Nós* con outros medios de comunicación coetáneos, tales que *A Nosa Terra* ou *El Pueblo Gallego*, nos que a polémica da normativa ten unha presenza máis continuada e moito máis relevante. Así e todo, pódese afirmar que a revista *Nós (Boletín Mensual da Cultura Galega)* representa, de maneira implícita e práctica, un esforzo titánico e xeneroso por normativizar e normalizar lingua e cultura, acometido sen desalento por un grupo de persoas de grande talento e de compromiso firme e leal coa Terra.



REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

A Nosa Terra (1988), A Coruña, ed. Edman (edición facsimilar).

CASEIRO NOGUEIRAS, Delfín et alii (2012), *Teixeira de Pascoaes-Vicente Risco. Epistolario*, Fundación Vicente Risco.

El Pueblo Gallego (1924-1937), Vigo.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Xosé (2014), *Vicente Risco, mestre de mestres*, Ourense, Deputación Provincial.

La Zarpa (1921-1936), Ourense.

MARCO LOPES, Aurora (1987-88), "A presenza da cultura portuguesa na revista *Nós*", en *Nós. Revista internacional Galaicoportuguesa de Cultura*, Pontevedra.

Nós. Boleín mensual da cultura galega, órgano da sociedade "Nós" (1979), Vigo, Galaxia (edición facsimilar).

VÁZQUEZ CUESTA, Pilar (1984), "A correspondencia de Vicente Risco con Teixeira de Pascoaes", en *Grial*, nº 86, Vigo, Galaxia.

VENTURA RUIZ, Joaquim, ed. (2010), *Epistolario de Vicente Risco a Antón Losada Diéguez*, Ourense, Deputación Provincial.



Ilustración en madeira de Pintos Fonseca, Nós nº 84



Raigame